MEMORIA — CIDADE DA CULTURA DE GALICIA — 2023

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA 2023

ÍNDICE

00 /

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

páxina 8

01 /

APOSTA POLA DIXITALIZACIÓN

páxina 16

02 /

CONTABILIDADE SOCIAL

páxina 26

03/

ACTIVIDADE CULTURAL

páxina 28

04 /

EMPRENDEMENTO NO GAIÁS

páxina 120

05 /

BIBLIOTECA
DE GALICIA
páxina 130

06 /

ARQUIVO
DE GALICIA
páxina 148

07 /

EVENTOS
páxina 164

08 /

AS TORRES
HEDJUK
páxina 182

09 /

COMUNIDADE
páxina 184

2023 EN CIFRAS

VISITAS

1.132.265
Visitas ao complexo

10M
Visitantes desde a apertura da Cidade da Cultura en 2011

542.796
Accesos á páxina web cidadedacultura.gal

PROGRAMACIÓN CULTURAL

195
Actividades culturais

178
Actividades na Cidade da Cultura

14
Actividades fóra da Cidade da Cultura

190.673
Participantes no programa cultural do Gaiás

159.971
Asistentes a actividades na Cidade da Cultura

30.600
Asistentes a actividades fóra do Gaiás

102
Asistentes en liña

+1,77M
Participantes no programa cultural do Gaiás desde a súa apertura, con 2.000 actividades organizadas

EXPOSICIÓNS

28
Exposicións e intervención artísticas

8
Grandes mostras no Museo Centro Gaiás

13
Noutros espazos da Cidade da Cultura

7
Itinerancias noutras cidades

EVENTOS

722
Eventos acollidos en 2023 de institucións, empresas e organizacións sociais

62.700
Persoas asistentes

COMUNIDADE

105.692
Persoas seguidoras en redes sociais

17.183
persoas subscritoras do boletín da Cidade da Cultura

+ 5.000
Persoas socias do Club Gaiás

A Cidade da Cultura de Galicia pecha 2023 con máis de 900 actividades culturais e eventos organizados nas súas instalacións. Con estas cifras despide un ano no que arrincou a construción do primeiro Centro Galego de Artes Dixitais, e no que o Gaiás volveu situarse como a institución da comunidade mellor valorada polo Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea.

Ademais, a Cidade da Cultura despide 2023 superando de novo a cifra do millón de visitas e, nunha visión más ampla, situándose aproximadamente nos dez millóns de visitas desde a súa apertura ao público, en xaneiro de 2011. Faino nun ano no que os eventos externos acollidos no Gaiás, organizados por institucións, empresas e colectivos sociais, duplicaron a súa cifra con respecto ao ano anterior.

Por outra banda, a metodoloxía da contabilidade social da Universidade de Desusto cifra en máis de 23 millóns o valor que a Cidade da Cultura achega ao conxunto da sociedade, cun balance positivo no que o retorno duplica o financiamento público: achegando á sociedade 2 euros por cada euro público investido.

A Cidade da Cultura avanza así na consecución dos obxectivos do seu II Plan Estratéxico, consolidándose como ferramenta no desenvolvemento social, cultural e económico de Galicia.

10 MILLÓNS DE VISITAS AO COMPLEXO DESDE A APERTURA

1º INSTITUCIÓN CULTURAL DE GALICIA SEGUNDO A FUNDACIÓN CONTEMPORÁNEA

↗ Público na Pranza Central do Gaiás

EXPANSIÓN DA ACTIVIDADE

Fortalecemento do programa cultural, incremento destacado na organización de eventos, exposicións e actividades dentro e fóra do Gaiás, produción de proxectos culturais de primeiro nivel... A expansión da actividade da Cidade da Cultura explícase por diferentes razóns. Por unha banda, pola apostaestratéxica da Xunta para convertela nunha factoría que xera contidos para seren programados non só nas instalacións propias do Gaiás, senón en centros de toda Galicia.

Outra das cuestións que permiten comprender esta expansión apunta a unha maior capacidade da Cidade da Cultura para acoller nos seus espazos eventos dunha ampla diversidade de institucións, empresas e colectivos sociais, algúns deles de tanta relevancia e complexidade como a reunión ministerial de Asuntos Económicos e Financeiros da UE —Ecofin—. Neste eido, cómpre tamén subliñar o papel que están a xogar as instalacións do Edificio Fontán para atraer actos deste tipo.

900 EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS NUN ANO

APOSTA POLA ARTE DIXITAL

Un dos fitos deste ano marcouno o inicio das obras do futuro Centro de Artes Dixitais de Galicia, un proceso que arrincaba coa licitación e adxudicación do proxecto para a construción dun centro público que lle permitirá a Galicia materializar propostas de máximo nivel no eido das artes dixitais.

Ademais, en 2023 impulsouse a creación e a arte no eido tecnolóxico con propostas inmersivas de realidade virtual como *Hábitats. Natureza estendida* —que esgotou todas as entradas dispoñibles máis de dous meses antes de pechar as súas portas— ou as experiencias englobadas no *Galiverso*, proposta que achega o patrimonio á cidadanía a través da realidade virtual, permitindo acceder a espazos pechados ao público ou favorecendo que persoas con mobilidade reducida poidan gozar deles.

Ambas as instalacións foron visitadas, en conxunto, por máis de 20.000 persoas en todo 2023.

PRIMEIRO CENTRO DE ARTES DIXITAIS DE GALICIA

INTERNACIONALIZACIÓN E DESCENTRALIZACIÓN

Con máis de cen mil visitantes en 2023, o Museo Centro Gaiás converteuse, grazas ao seu amplo programa expositivo, nun dos principais axentes do Goberno galego na internacionalización e posta en valor da nosa cultura. Se o ano comezaba con *Camiños creativos*, exposición que contou coa participación dunha trintena de museos europeos, e a itinerancia a París da exposición *Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970*), o mes de decembro rematou co anuncio de que o Gaiás sería en 2024 o único destino en España onde se exhibiría a exposición *Tesouros reais. Obras mestras do Museo de Terra Santa*, formando parte Santiago de Compostela dun exclusivo circuíto internacional de só catro cidades.

Seguindo os obxectivos fixados no seu II Plan Estratéxico, o Gaiás seguiu a impulsar un programa de itinerancias co fin de levar os seus contidos a outros centros culturais de dentro e fóra de Galicia. O ambicioso ciclo de exposicións *Cidades no tempo* —no que se organizan mostras en cada unha das sete principais cidades galegas—chegou en 2023 a Ferrol, Lugo, A Coruña e Vigo; a obra de Laxeiro puido verse —como xa se comentaba— no Instituto Cervantes da capital francesa e a exposición fotográfica *A Vía da Prata. Aires do Sur* inaugurou tamén a súa itinerancia na cidade de Cáceres.

28 EXPOSICIÓNS E INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS

FACTORÍA DE CONTIDOS MÁIS ALÁ DO GAIÁS: ITINERANCIAS EXPOSITIVAS EN 7 CIDADES

APOIO Á CREACIÓN

Como institución pública, e coa vontade de ofrecer unha programación dirixida a unha diversidade de públicos, a Cidade da Cultura aposta por consolidarse como un espazo para a experimentación artística e para a creación contemporánea: na escena, na música, nas artes plásticas, na literatura, no audiovisual ou no deseño.

Por iso, co obxectivo de converter o Gaiás nun viveiro onde residan artistas e desenvolvan proxectos, chega xa á súa terceira edición o programa de *Residencias Artísticas do Gaiás (REGA)* dando acubillo a novas propostas e tecendo alianzas con outras institucións culturais galegas de primeiro nivel.

Ademais, convocatorias públicas como a Residencia Literaria, as bolsas REGA —dotadas con 8.000 euros—, ou o Encontro de Artistas Novos incrementan ano a ano a cifra de candidaturas recibidas e están dando xa os seus froitos con proxectos artísticos que ven a luz máis alá das portas do Gaiás.

ESPAZO DE CREACIÓN E EXPERIMENTACIÓN ARTÍSTICA MÁIS ALÁ DO GAIÁS: ITINERANCIAS EXPOSITIVAS EN 7 CIDADES

INSIGNIA CULTURAL DE GALICIA

En termos cuantitativos, o balance cultural de 2023 no Gaiás pechouse con preto de 200 actividades e máis de 190.000 asistentes, datos que acreditan como o número de participantes no programa do Gaiás continúa a medrar tras máis dunha década de apertura.

Pero máis alá das cifras, a programación cultural do Gaiás foi recoñecida un ano máis na cabeza do ránking que anualmente elabora un amplo panel de expertos do Observatorio da Cultura da prestixiosa Fundación Contemporánea, situándose así como a primeira institución cultural de Galicia en 2023. Máis alá do resultado dun ano illado, a Cidade da Cultura veuse mantendo nas tres primeiras posicións desta listaxe ao longo do último lustro.

190.000 PARTICIPANTES NO PROGRAMA CULTURAL

EVENTOS NO GAIÁS

O incremento da actividade no Gaiás reflíctese non só no seu programa cultural, senón tamén na súa capacidade para atraer eventos. De feito, en 2023, os seus espazos acolleron máis de 700 eventos —duplicando a cifra do ano anterior— con máis de 62.000 participantes. Estas cifras inclúen desde congresos, premios, concertos, presentacións de produto, foros, rodaxes, actos con medios de comunicación ou xuntanzas organizadas por empresas, organizacións sociais ou institucións

700 EVENTOS DE EMPRESAS, INSTITUCIÓNS E COLECTIVOS SOCIAIS

01/ Aposta pola dixitalización

O ano 2023 marcou como fito destacado o inicio das obras do Centro de Artes Dixitais de Galicia, unha infraestrutura que permitirá materializar propostas de máximo nivel no eido da arte dixital, as experiencias inmersivas, e a experimentación con tecnoloxías disrutivas por parte da comunidade de creadores e creadoras de Galicia. Este proxecto alíñase coa estratexia de dixitalización da cultura que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, situándose como unha peza clave para preservar e divulgar o patrimonio material e inmaterial.

Doutra banda, neste exercicio apostouse por continuar a avanzar na mellora da accesibilidade, sostibilidade e eficiencia enerxética do complexo, continuar a poñer en valor os espazos naturais e zonas verdes do Gaiás, así como ampliar o circuíto de arte exterior e colección permanente da Cidade da Cultura con obras de Urbano Lugrís ou Acisclo Manzano.

↗ Galiverso

PRIMEIRO CENTRO DE ARTES DIXITAIS DE GALICIA

Un dos fitos da Cidade da Cultura neste exercicio foi o comezo das obras para que Galicia conte co seu primeiro Centro de Artes Dixitais —que será tamén un equipamento de referencia en España para este tipo de tecnoloxías— que se prevé que estea en marcha a finais do 2025.

Para a materialización deste proxecto, adxudicado á construtora galega San José S.A., non será precisa a construción dun edificio novo xa que o Goberno galego aposta por adaptar unha superficie soterrada xa existente e en desuso na Cidade da Cultura. Trátase dun espazo de 4.400 metros cadrados deseñado no seu momento como aparcadoiro do Teatro da Música —un dos edificios do proxecto orixinal do Gaiás que non foi finalmente construído—.

A localización na Cidade da Cultura permite un aforro significativo xa que, ademais de non ter que adquirirse un terreo cos parámetros que se precisan para un centro destas características, aproveitaranse as redes tecnolóxicas, de enerxía e seguridade existentes no Gaiás, así como as sinerxías e conexións con outros servizos localizados na Cidade da Cultura —como a AMTEGA, o Polo GaiásTech ou o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) dependente do CSIC—.

Esta circunstancia explica, en boa medida, que as obras para realizar un proxecto desta natureza fosen adxudicadas por 4,45 millóns (IVE incluído), investimento 54.900 euros inferior ao importe de licitación.

Equipado con tecnoloxía de última xeración, o centro permitirá vivir experiencias inmersivas e de realidade virtual e aumentada, así como zonas de videomapping para intervencións artísticas de gran formato, áreas de experimentación con laboratorios creativos e espazos para a formación da comunidade escolar e artística.



O centro porase en marcha coa vocación de converterse nun espazo de exhibición de referencia en españa para acoller proxectos artísticos ambiciosos impulsados a partir das artes dixitais.

Ao mesmo tempo, desenvolverá unha actividade como banco de experimentación onde as xeracións de creadores galegas atopen recursos innovadores para desenvolveren a súa acción creativa.

REMODELACIÓN DO CAMPO DO GAIÁS

A Cidade da Cultura arrancou en 2023 as obras de remodelación deste espazo multifuncional, situado no extremo Sueste do complexo, a carón do acceso á AP-9 e os aparcadoiros. Os traballos proxéctanse para mellorar as prestacións deste espazo ideado para acoller actividades artísticas e escénicas multitudinarias, e anexo ocasional do espazo de aparcadoiro exterior.

Esta área, empregada como aparcadoiro masivo durante as campañass de vacinación contra a covid-19, está a ser reconvertida nun espazo arborado que concentre no seu interior un lugar apto para eventos, similar a un campo da feira, coa construción dunha beirarrúa, un pequeno escenario e tamén cunha área de aparcadoiro.

Prevese a finalización dos traballos no último trimestre de 2024.

UN GAIÁS MÁIS SOSTIBLE, ACCESIBLE E EFICIENTE

RECUPERACIÓN E MELLORA DO EQUILIBRIO ECOLÓXICO DA LAGOA

No outono de 2023 realizáronse labores de recuperación e limpeza do fondo da lagoa do Gaiás, co obxectivo de mellorar o equilibrio biolóxico do Parque do Lago e a calidade das augas.

Os traballos foron programados en outubro, fóra da época de reprodución da fauna existente, e consistiron no dragado e limpeza de lodos e sedimentos acumulados no fondo da lagoa que poden ter efectos negativos no ecosistema, ao contribuír á proliferación de algas prexudiciais para a vida acuática e reducir os niveis de osíxeno e claridade da auga.

Os traballos, realizados con persoal especializado en limpeza de leitos acuáticos, consistiron na limpeza de lodos con persoal de mergullo, decantación de sedimentos e a adecuada xestión destes residuos.

CAPTACIÓN DE AUGA PARA REGA

Paralelamente á actuación anterior, traballouse tamén na definición do conxunto de actuacións destinadas ao aproveitamento da auga de choiva acumulada en zonas como o Parque do Lago e o Xardín Literario, co obxectivo de poder empregala nun futuro para alimentar a rede de rega dos espazos urbanizados e axardinados do complexo. Esta acción será complementaria a outras destinadas á mellora da sustentabilidade ambiental.

POSTA EN VALOR DO BOSQUE DE GALICIA

Continuáronse os traballos de coidado e posta en valor do Bosque de Galicia e dos demais espazos verdes do Gaiás, con acondicionamento de lindes, tratamento de noiros e actuacións complementarias no límite Leste do Monte Gaiás no seu encontro coa autoestrada, mediante o tratamento dos noiros, rotondas e beirarrúas das vías que as conectan, dando continuidade a actuacións xa levadas a cabo en anos anteriores.

UN GAIÁS MÁIS SOSTIBLE, ACCESIBLE E EFICIENTE

PLAN DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL

Atópase en proceso de definición o proxecto para a mellora da accesibilidade tanto dos propios edificios do complexo arquitectónico, como dos servizos, eventos e programación que ofrece. Con este proxecto procúrase a Certificación de Accesibilidade, segundo o establecido na UNE 17001.

A súa implantación do mesmo realizarase en fases sucesivas, comezando polos espazos exteriores do complexo onde xa se están a efectuar as primeiras actuacións de mellora en espazos como pavimentos, aparcadoiros e nos accesos aos edificios de maior afluencia.

Paralelamente, atópase en fase de estudo un proxecto de construción dun carril para bicicletas que suba polo Bosque de Galicia cara as Torres de Hedjuk e a pista de BMX.

SOSTIBILIDADE E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

En 2023 continuaron os traballos de coidado e posta en valor das máis de 40 Ha de zonas verdes do Bosque de Galicia e demais espazos verdes do monte Gaiás. Realizáronse traballos de acondicionamento de lindes e actuacións complementarias no límite Leste do Monte Gaiás, no seu encontro coa autoestrada, mediante o tratamento dos noiros, rotondas e beirarrúas das vías que as conectan, dando continuidade a traballos xa iniciados en anos anteriores.



ARTE, ARQUITECTURA E PAISAXE

O PRISMA DOS SENTIDOS | ACISCLO MANZANO | BOSQUE DE GALICIA

En 2023 ampliáronse os atractivos do Bosque de Galicia como espazo de lecer e cultura coa inauguración de *O prisma dos sentidos*, intervención artística realizada polo recoñecido escultor ourensán Acisclo Manzano. Concibida como un lugar de meditación e espiritual, a obra evoca as formas dunha capela contemporánea erixida na contorna do monte Gaiás.

Situada na ladeira do monte Gaiás que decorre paralela á Vía da Prata, *O prisma dos sentidos* inspírase nos santuarios e pequenos refuxios empregados polos peregrinos no seu camiñar. Pola súa localización e integración na contorna natural, a obra ofrece ademais un punto de vista privilexiado das torres da Catedral de Santiago e da paisaxe compostelá. As súas paredes, perforadas con rostros, ondas e estrelas, permiten que a luz, o vento e a auga da choiva se filtren formando xogos evocadores e multisensoriais.

Esta obra escultórica de gran formato, realizada en formigón, engádese a outras intervencións artísticas de temática xacobea realizadas nos espazos verdes da Cidade da Cultura por creadores como Manolo Paz —*Espellos*—, Francisco Leiro —*Zapatos no Camiño*—, Clara Montoya —*Constelacións II*, coñecida tamén como "o banco do peregrino" —, ou Alicia Framis —*Deixa aquí os medos*—. Xuntas, constitúen un itinerario artístico que fai medrar o valor cultural das corenta hectáreas verdes do Gaiás.

Acisclo Manzano (Ourense, 1940) é un dos grandes representantes da escultura do noso tempo. Iniciou a súa formación na Escola de Formación Profesional e na Escola de Artes e Oficios de Ourense, continuando máis tarde a súa aprendizaxe en Santiago de Compostela, con Francisco Asorey e José Liste. Formou parte do grupo inicial de O Volter e tamén de Sete artistas galegos, e durante 60 anos expuxo a súa obra en Galicia e en grandes cidades de Europa e América. Recoñecido por críticos e historiadores, recibiu numerosos premios ao longo da súa traxectoria, como o Premio Nacional de Escultura en 1962 e 1968, o Premio Otero Pedrayo 2016 e a Medalla de Ouro de Ourense o ano pasado. É membro da Real Academia Galega de Belas Artes.



ARTE, ARQUITECTURA E PAISAXE

MURAL DE URBANO LUGRÍS | MUSEO CENTRO GAIÁS, ANDAR 0

Tamén desde este ano, o Museo Centro Gaiás exhibe de xeito permanente o mural de Urbano Lugrís *Translación do corpo do Apóstolo a Santiago*, obra que a Xunta de Galicia recuperou para o patrimonio público e que foi sometido a un proceso de restauración por parte do persoal do departamento de Exposicións da Fundación Cidade da Cultura.

Este mural de Lugrís, que pode contemplarse na entrada do Museo, narra cunha fonda carga simbólica o relato da *traslatio* do corpo de Santiago ao seu sepulcro en Santiago de Compostela. Foi pintado como parte dun conxunto de varios murais, arredor do ano 1957, coincidindo coa época de maior esplendor artístico do pintor.

A obra, dunhas dimensións de 167 por 216 centímetros e cun peso de arredor de 350 quilogramos, está realizada coa técnica de pintura mural sobre parede de cemento, ladrillo e estucado, contando cun marco de ferro que serve de soporte ao conxunto. Para garantir a súa conservación, foi obxecto dun proceso de restauración que incluíu a limpeza minuciosa da película pictórica, a reparación do marco de soporte, a fixación da policromía nas zonas onde estaba levantada ou deteriorada e o estucado e reintegración cromática naquelas áreas onde presentaba gretas ou falta de película pictórica.

Súmase así a outro mural que pode contemplarse de xeito permanente no Museo Gaiás desde 2020; realizado na Arxentina por Luis Seoane, e unha das poucas testemuñas que se conservan en Galicia da produción muralística deste gran renovador da arte galega do século XX, e impulsor dunha obra gráfica, editorial e empresarial de fonda pegada cultural.

ILUMINACIÓN EXTERIOR DE NADAL

Os espazos exteriores volveron lucir en decembro coa iluminación de Nadal inspirada nun ceo cargado de estrelas, que guía as persoas visitantes a través do complexo. En 2023, a instalación de luminarias volveu incluír as tres rúas principais do complexo, que discorren entre o Centro de Emprendemento, a Biblioteca de Galicia, o edificio Fontán, e o edificio CINC, sumándose á iluminación propia do Museo Centro Gaiás, o Parque da Balea ou o Bosque de Galicia e a súa árbore luminosa, que permite contemplar o Gaiás tamén na noite compostelá como unha nova porta iluminada.

02/ Contabilidade Social

En 2023 a Cidade da Cultura reeditou o seu estudo de contabilidade social, un informe realizado pola Deusto Business School da Universidade de Deusto e a Universidade do País Vasco para analizar e traducir a euros as súas achegas á sociedade, avaliando cuestións non recollidas na contabilidade tradicional.

Estudando o impacto de cuestións como a súa programación cultural, a oferta de lecer dos seus espazos exteriores, programas de formación, espazos de estudo, actividades didácticas, etc., esta metodoloxía cifra en máis de 23 millóns o valor que a Cidade da Cultura achegou ao conxunto da sociedade no exercicio 2022.

Estes datos significan que por cada 1€ que a Cidade da Cultura recibe de financiamento público, achega a Galicia un valor de máis de 2€ (2,04€). Trátase dun incremento do 0,19€ con respecto ao anterior exercicio deste estudo —2019—, no que este retorno se cifraba en 1,85€.

UNHA ACHEGA Á SOCIEDADE DE 2€ POR CADA EURO DE FINANCIAMENTO PÚBLICO

9,7 M€
Valor Social

13,9 M€
Valor de mercado

23,6 M€
* 2022

23 M€ = VALOR TOTAL XERADO POLA CIDADE DA CULTURA

Contratos a artistas, compras a provedores do sector cultural, aluguer de espazos, venda de entradas, impostos... A actividade da Cidade da Cultura xera un valor económico que cada ano se recolle na súa contabilidade: o valor de mercado.

Ademais, a programación e os espazos da Cidade da Cultura xeran un valor que a contabilidade clásica non recolle, porque non ten un prezo, pero que os colectivos e persoas usuarias perciben como valioso: concertos e espectáculos de balde, exposicións, cursos, unha biblioteca onde estudar, programas de conciliación, visitas escolares, áreas exteriores onde xogar, pasear ou facer deporte...

O valor social é invisible na contabilidade clásica, e para medilo, o Gaiás incorporou á súa xestión unha ferramenta de análise para avaliar o seu impacto na sociedade segundo a metodoloxía da contabilidade social. Os resultados desta segunda edición do estudo de contabilidade social amosan que:

- A xeración de **xeración de coñecemento e divulgación da cultura** é onde o Gaiás está a achegar máis valor á sociedade: **un 42,8%.**
- A **formación e desenvolvemento persoal e profesional** é a que máis medra con respecto ao anterior estudo: **dun 4,39 % ao 11,92%.**
- **A cesión de espazos** a diferentes institucións, entidades residentes ou colectivos sociais, ben de balde, ben a prezo bonificado, segue a ter un peso destacado: **32,76%.**
- O Gaiás continúa a ter un balance positivo na súa achega á sociedade á sociedade, de xeito que o retorno supera o seu financiamento: **2 euros por cada euro de financiamento público.**

03/ Actividade Cultural

A Cidade da Cultura foi recoñecida como "insignia da cultura galega en 2023" polo Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea, un informe elaborado coas valoracións de preto de medio milleiro de expertos e profesionais que este ano situaron o programa cultural do Gaiás en primeiro lugar da comunidade galega e no posto 63 do ranking nacional.

Este recoñecemento chega tras cinco anos manténdose nas tres primeiras posicións da listaxe galega, nun ano no que novamente máis de 190.000 persoas participaron nas súas diferentes actividades culturais, entre elas 28 exposicións e intervencións artísticas, dentro e fóra do Museo Centro Gaiás.

Proxectos dixitais e tecnolóxicos pioneiros, establecemento de alianzas con destacados museos e institucións de todo o mundo, apoio á creación a través dun sólido programa de residencias artísticas, novidosa programación escénica e musical, unha diversa e recoñecida oferta de lecer cultural para as familias... consolidan o Gaiás entre as máis destacadas infraestruturas culturais do noso país.

↗ Público Juancho Marqués. Atardecer no Gaiás.

02.1 / EXPOSICIÓNS E INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS

DE LUGARES E COUSAS.
Colección de arte Banco Sabadell

Composta por 41 obras pertencentes aos fondos da Colección de Arte Banco Sabadell, a exposición *De lugares e cousas* propoñía unha reflexión, a través da arte contemporánea, sobre os símbolos, significados e sentidos cos que dotamos e construímos os lugares, e tamén sobre a relación da obra artística cos espazos que habita.

A mostra reuniu pezas de tres xeracións de artistas contemporáneos actuais, dos máis relevantes de Galicia, España e Portugal, que percorren a evolución da arte contemporánea desde a segunda metade do século XX ata os nosos días. Nomes como os de Eduardo Chillida, Esther Ferrer, Antoni Tàpies, Isidoro Valcárcel Medina, José Pedro Croft ou Susana Solano, entre outros, están presentes xunto con pezas de Cristina Iglesias, Jaume Plensa, Dora García, Alicia Framis, Jordi Colomer ou David Bestué. Da parte galega, inclúense obras de Manolo Paz, Ángela de la Cruz, Antón Patiño e Christian García Bello.

A Colección de Arte Banco Sabadell foise ampliando ao ritmo do crecemento do banco. A meirande parte das obras son actuais e, como é habitual, foron adquiridas pola súa calidade artística, polo seu valor innovador e polo que poidan supoñer de investimento, ademais de polo seu valor decorativo. En tal sentido, cómpre lembrar que unha das cuestións que a singularizan é, precisamente, a función de decoración dos espazos de traballo e de relación cos clientes e cos accionistas do banco. Daquela, valores e estética conxúganse para se converter nun elemento destacado da imaxe da institución.

Datas: Do 11 de novembro de 2022 ao 9 de abril de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Coorganiza: Colección de Arte Banco Sabadell
Asistencia: 14.598 persoas en 2023 (24.482 persoas en total)

CAMIÑOS CREATIVOS

Comisariada pola galega Monserrat Pis Marcos, conservadora do Holburne Museum en Bath, a exposición *Camiños creativos* afondaba na relación entre o desprazamento e a arte, concretamente en como o desprazamento a pé se integra como axente determinante do proceso artístico: camiñar para crear.

Esta mostra exhibía un centenar de obras procedentes de destacadas colecciónsinternacionais dos museos máis recoñecidos internacionalmente, como a British Library, Kenwood House e Holburne Museum, Galerrie Degli Uffizi e Palazzo Pitti Museo, Thyssen-Bornemisza Art Contemporary, Musée Fabre Montpellier, Museo Nacional del Prado, ou o Museo Nacional de Arte Reina Sofía, entre outros; e tamén de grandes artistas como Turner, John Constable, Gustave Courbet, Carlos de Haes e Joaquín Sorolla, entre outros.

A interacción e o diálogo co público foi un dos piares desta exposición e eran moitas as obras que precisaban da participación das persoas visitantes, procurando a sorpresa, a reacción e o movemento humano para completar o propio proceso de creación.

Unha aplicación para crear melodías a partir do movemento das mareas realizada pola artista británica Victoria Evans; as pinturas de Irene Grau a partir de pigmentos con cinza da vaga de lumes do 2017; un xogo de mesa arredor das andanzas de peregrinos e turistas creado por Juanma González; audiovisuais de creadoras como Elia Torrecilla, Clara Montoya ou Honi Ryan... son só algúns dos exemplos das instalacións e pezas contemporáneas que sorprenderon ao público da mostra.

COMISARIADO:

Monserrat Pis Marcos é historiadora da arte, profesional de museos e comisaria de exposicións. Máster en Comisariado de Museos de Arte por The Courtauld Institute of Art (Londres) e Máster en Xestión de Bens Culturais (Palazzo Spinelli, Istituto per l´arte e il restauro, Florencia), posúe unha traxectoria profesional de máis dunha década ao servizo de institucións museísticas e culturais nacionais e internacionais.

Datas: Do 11 de novembro de 2022 ao 9 de abril de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Comisariado: Monserrat Pis Marcos
Asistencia: 19.807 persoas en 2023 (28.312 persoas en total)

CATÁLOGO

Textos: Carmen Pena, Francesco Careri, Pilar Montero, Elia Torrecilla, Honi Ryan, Monserrat Pis Marcos.
Deseño e maquetación: Jesús Madriñán
Edición: Galego / Castelán / Inglés
Tirada: 500 exemplares. Tamaño: 21 x 25 cm.
Extensión: 300 páxinas.

DETRÁS DO ESPELLO

Detrás do espello propoñía unha visión de Galicia a través da ollada de 50 recoñecidos nomes das artes, da ciencia e do pensamento do último século e medio; homes e mulleres sobranceiros na historia da cultura universal que afondaron na realidade galega ou se deixaron inspirar por ela.

Con esta exposición procurouse atopar revelacións "alleas" do noso país, pero que conformaron e complementaron tamén a nosa realidade e o noso imaxinario colectivo ao longo dos séculos. A mostra era así un convite a descubrir unha ollada -e un xeito de ollar- diferente sobre a paisaxe, os mitos, a arquitectura ou a literatura galega e afondar en autores/as foráneos/as que imaxinaron, construíron ou proxectaron Galicia na súa obra.

Destacan nesta exposición persoeiros como Gabriel García Márquez, Albert Einstein, Miles Davis, Ernest Hemingway, Luis Buñuel, Stefan Zweig, Federico García Lorca, Julio Cortázar, Mike Oldfield, David Chipperfield, Anna Turbau, Isabel Coixet, Jorge Luis Borges, Manfred Gnädinger, Susan Meiselas, Dorothé Schubarth, entre outros/as moitos/as.

COMISARIADO:

Xosé Luís García Canido é xornalista e filólogo, cunha extensa traxectoria profesional arredor da comunicación e a xestión cultural. Traballou e colaborou en medios como *ABC, El País, La Voz de Galicia, Faro de Vigo ou Diario 16*, entre outros. Foi director xeral da Fundación SGAE, director de Cultura do Instituto Cervantes e responsable de Exposición do Círculo de Belas Artes de Madrid.

Antón Reixa, recoñecido pola súa faceta como cantante e letrista de Os Resentidos, é tamén produtor e director de obras audiovisuais como *Mareas Vivas* ou *O lapis do carpinteiro*. Moi activo no mundo da poesía desde os anos 70 co Grupo Rompente, ten publicados numerosos poemarios, obras de narrativa e textos teatrais. En 2021 o GOberno español concedeulle a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes.

Datas: Do 6 de marzo ao 25 de xuño de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Comisariado: Antón Reixa e Xosé Luís García Canido
Asistencia: 15.729 persoas

CATÁLOGO:
Edición: castelá/galego/inglés.
Tamaño: 188 x 240 mm (pechado).
Extensión: 320 páxinas. **Tiraxe:** 500.
Textos: Xosé Luis Canido e Antón Reixa.
Deseño e maquetación: Santiago Carballal.
Tradución e revisión: Linguaserve I.S. S.A.
Impresión: Gráficas Anduriña.

LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA

O catedrático emérito de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago Ramón Villares foi o encargado de comisariar esta exposición organizada co gallo da celebración do centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos en 1923. A mostra poñía en valor a obra desta institución que buscou a modernización da cultura galega así como a súa proxección exterior da mesma, conectando ou intercambiando experiencias e publicacións con institucións análogas de España, Portugal, Bretaña, Irlanda, Reino Unido, Alemaña así como con diversos países do continente americano.

Nesta mostra tiveron especial participación o Instituto Padre Sarmiento, a Universidade de Santiago de Compostela e o Museo do Pobo Galego. Ademais, editouse unha completa publicación, chamada a converterse nunha obra de referencia para afondar no estudo e historia da creación do Seminario de Estudos Galegos. A autoría dos seus textos compón unha brillante galería de figuras protagonistas da comunidade científica e cultural da Galicia das últimas décadas, voces herdeiras e continuadoras da misión do SEG.

Datas: Do 4 de xullo de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Comisariado: Ramón Villares Paz
Asesoría: Alfonso Mato e Miguel Anxo Seixas
Asistencia: 22.416 persoas

COMISARIADO:

Ramón Villares Paz é catedrático emérito de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, decano da Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990) de dita institución e reitor magnífico (1990-1994). Membro fundador e presidente (1996-2002), da Asociación española de Historia Contemporánea, é membro numerario da Real Academia Galega (2006) e foi presidente do Consello da Cultura Galega (2006-2018). Doutor honoris causa polas Universidades de Bos Aires (Arxentina), Minho (Portugal) e Rennes-2 (Francia); tamén recibiu os Premios da Crítica de Galicia (1983 e 1985), o Premio Fernández Latorre (2005), o Premio Puro Cora (2017) e o Premio da Cultura Galega-Proxección Exterior (2018).

CATÁLOGO

Edición: castelá/galego con separata de textos en inglés.
Tamaño: 28 x 23 cm (pechado). **Extensión**: 346 páxinas. **Tiraxe**: 500.
Dirección editorial: Ramón Villares.
Textos: Alfonso Mato Domínguez, Ana Romero Masía, Antón Capelán Rey, Antón Costa Rico, Ánxela Bugallo Rodríguez, Dolores Vilavedra Fernández, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Felipe Arias Vilas, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Justo Beramendi González, Marga do Val, María Xosé Fernández Cerviño, Miguel Anxo Seixas Seoane, Pedro Puy Fraga, Ramón Villares, Raquel Campos Pico, Teresa Soeiro, Xesús Alonso Montero, Xosé Amancio Liñares Girault, Xosé Antón Fraga Vázquez, Xosé Carlos Valle Pérez, Xosé Henrique Monteagudo Romero, Xosé Lois Armada Pita, Xosé Manuel González Reboredo.
Deseño e maquetación: Xosé Díaz.
Tradución e revisión: Linguaserve I.S. S.A.
Impresión: Gráficas Anduriña.

TRABALLO EN EQUIPO. 30 ANOS DO CGAC RELATOS CONTEMPORÁNEOS DESDE A COLECCIÓN CGAC

Co gallo do 30 aniversario do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), as dúas institucións, o propio CGAC e o Museo Gaiás da Cidade da Cultura, xuntaron esforzos para celebrar e poñer de relevo a súa importancia transformadora como museo e como artífice, depositario e custodio da colección pública de arte contemporánea de referencia en Galicia. A mostra foi unha ampla panorámica da colección marcada por algúns dos grandes temas do mundo contemporáneo: natureza e ecoloxía, diálogos co espazo e coa arquitectura, a idea de construción, o traballo, feminismos, miradas poscoloniais, a relectura da historia e a arte como curación.

A hibridación destes apartados ou capítulos propiciaba a intersección con outros, axudada por un percorrido que facilitaba o diálogo entre as obras. Dado que a Colección CGAC se conformou, en gran medida, a partir do programa de exposicións do centro, unha mostra destas características permitía visualizar á perfección as liñas mestras do proxecto expositivo e de actividades que confiren ao CGAC o seu carácter singular e o seu recoñecemento como ferramenta imprescindible para comprender a evolución e os cambios artísticos, sociais e culturais que tiveron lugar en Galicia desde mediados do século XX ata a actualidade.

Artistas participantes: Manal Aldowayan, Mónica Alonso, Marlon de Azambuja, Stephan Balkenhol, Pablo Barreiro, Ignacio Basallo, Ricardo Basbaum, Berta Cáccamo, Mircea Cantor, Tono Carbajo, Fernando Casás, Xoán Cerviño, Rui Chafes, Rosendo Cid, Sandra Cinto, José Pedro Croft, Suso Fandiño, Ángela Ferreira, Sandra Gamarra, Anna Bella Geiger, Liam Gillick, Daniel Lara, Juan Gopar, Patrick Hamilton, Mona Hatoum, Julia Huete, Maria Maria Acha- Kustcher, Francisco Leiro, Anna Maria Maiolino, Asier Mendizábal, Priscilla Monge, Carme Nogueira, Manolo Paz, Giuseppe Penone, Pamen Pereira, Kiko Pérez, Jorge Perianes, Cabrita Reis, Amaya González Reyes, Marinella Senatore, Regina Silveira, Baltazar Torres e Mar Vicente.

Datas: Do 11 de xullo ao 15 de outubro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Comisariado: Santiago Olmo e Verónica Santos Farto
Asistencia: 13.141 persoas

COMISARIADO:

Santiago Olmo García é crítico de arte e comisario de exposicións independente desde 1986. Entre 1999 e 2002 foi responsable editorial da revista *Lápiz* e desde 2004 formou parte do equipo de redacción de *Artecontexto*. Comisario da representación española na 24 Bienal de São Paulo de 1998, comisariou a Bienal de Pontevedra en 2010 e a Bienal de Guatemala en 2012, ademais de desenvolver proxectos e exposicións en todo o mundo. Exercer como docente, entre outras, na Universidade Europea de Madrid e na escola de fotografía EFTI, entre outros. Actualmente é o director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Verónica Santos Farto é licenciada en Historia de Arte Moderna e Contemporánea e Historia, Xeografía e Historia da Arte de Galicia pola Universidade de Santiago. Máster en Xestión de Bens Culturais e Patrimonio pola Universidade da Coruña, Programa de Doutoramento da UNED e Posgrao en Museoloxía Moderna pola Universidade de Alcalá de Henares. Realizou labores de comisariado de arte e arquitectura contemporáneas para institucións como o GCAG, o Museo Provincial de Lugo e individuais de artistas como Ignacio Pérez Jofre ou Dolores Gálvez. É coordinadora de exposicións no Museo Centro Gaiás desde 2013, onde tamén comisariou a mostra *Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia* (2019). Realizou numerosas colaboracións en proxectos didácticos para o Museo do Prado, Xacobeo 2004, CGAC e Museo Provincial de Lugo, entre outros.

NICOLÁS MULLER. VENTO NORTE

Nicolás Muller (Hungría, 1913 - Asturias, 2000) naceu no seo dunha familia xudía non relixiosa e burguesa. O seu contexto vital converteuno en testemuña privilexiada coa súa cámara dunha das épocas máis convulsas da historia recente europea. Ao longo dos anos, diversas circunstancias levárono desde o seu país natal ata Francia, Portugal, Marrocos e España, fuxindo da Segunda Guerra Mundial e na procura de paz e liberdade. A mostra que lle dedicou o Museo Centro Gaiás integraba 131 imaxes, pertencentes ao Museo de Belas Artes de Asturias, ao Fondo Ana Muller e ao Arquivo Rexional da Comunidade de Madrid.

O groso da exposición conformábano 82 fotografías realizadas por Muller nos anos 60, cando recibe un encargo fotográfico para unha serie de libros ilustrados que amosasen a riqueza da paisaxe e da cultura das diferentes rexións de España. Ademais das tomas de monumentos e de edificios sobradamente coñecidos, a encomenda requiría captar escenas da vida cotiá en poboacións e cidades, que son as que o comisario da mostra, José Ferrero Villares, e Ana Muller, filla do fotógrafo, seleccionaron para esta mostra organizándoas a modo de percorrido xeográfico con Galicia como punto de partida para continuar por Cantabria, Asturias, Navarra e o País Vasco. No final da mostra engadíronse, baixo o título «Obras Mestras», unha escolma de 49 das instantáneas máis coñecidas do fotógrafo, realizadas en Hungría, Francia, Portugal, Marrocos e España.

Datas: Do 14 de xullo ao 5 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Comisariado: José Ferrero
Asistencia: 14.542 persoas

COMISARIADO:

José Ferrero Villares é un fotógrafo e graduado en Artes Plásticas, nado en León, aínda que instalado en Avilés desde neno. Coñece a Nicolás Muller nos anos 90 e empeza a comisariar as súas exposicións en 2016. Realizou máis dunha ducia de exposicións súas en colaboración coa súa filla, tamén fotógrafa, Ana Muller, como *La mirada comprometida* (2021), que permitiu descubrir moitas obras inéditas do fotógrafo e que percorreu diferentes museos de España e Portugal.



BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA

A exposición retrospectiva de José María Barreiro no Museo Centro Gaiás reuniu máis de 50 pinturas e 80 debuxos do pintor de Forcarei. Destacou o seu papel como continuador do vangardismo histórico e posvangardismo e narrou pictoricamente a súa vida, explorando os lugares clave na súa traxectoria. Ao longo de máis de medio século de traballo, a mostra desafiaba a linearidade temporal ao salientar transformacións no presente. Barreiro abordou unha ampla gama de temas na súa obra, desde recordos ata naturezas mortas, e capturou extensas atmosferas, como interiores de cafés e paisaxes diversas.

A mostra incluía tamén textos de Lugrís, poemas de Oroza, e escritos de Cunqueiro, Laxeiro e José Hierro. Ademais de pintura e debuxo, exhibíronse esculturas, documentos e dúas instalacións audiovisuais para proporcionar unha visión completa do autor fusionando diacronía e sincronía e achegando ao público o Barreiro máis íntimo e humano, tendo en conta os lugares significativos na súa vida.

Data: Do 29 de novembro de 2023 ao 28 de abril de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Comisariado: Santiago Olmo e Verónica Santos Farto
Asistencia: 13.141 persoas (4.433 perosas durante o 2023)

CATÁLOGO

Edición: galego/castelá con separata cos textos en inglés.
Tamaño: 240 x 290 mm (pechado). **Extensión:** 268 páxinas.
Tiraxe: 500.
Autoría: Pilar Corredoira e Antón Castro.
Deseño e maquetación: Igráfica. Edición en tapa dura cosida.
Tradución e revisión: Interlingua e Linguaserve I.S. S.A.

COMISARIADO:

Pilar Corredoira é historiadora de Arte Contemporánea, comisaria de exposicións e investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI. Licenciada en Historia da Arte pola Universidade Central de Barcelona, comisaria de exposicións e investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI. Inicia a súa andaina profesional a primeiros dos oitenta. Tras unha longa traxectoria desenvolvida no campo das artes plásticas, o seu labor viuse reflectido na área da xestión e do asesoramento a institucións, empresas e espazos públicos así como en numerosos comisariados de exposicións, en Galicia, Europa e América. Ademais, na actualidade forma parte dos padroados da Fundación Xaime Quesada Blanco, da Fundación Vacan e colabora no *Diario de Madrid* como crítica de arte, labor esta que comezou en 1982 en diversos xornais e revistas nacionais e internacionais.

Xosé Antón Castro, é catedrático de Arte Actual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo). Doutor en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid; tamén se licenciou en Filosofía e Letras -Historia da Arte- e en Historia (especialidade de Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela. É membro do Padroado da Fundación Laxeiro e do Comité Asesor do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea). Ademais, foi director do Instituto Cervantes de Milán (2004-2008) e do IPCE (Instituto do Patrimonio Cultural de España) do Ministerio de Cultura (2008- 2010). Tamén foi membro dos Padroados da Alhambra de Granada, do Arquivo de Indias, da Fundación Lázaro Galdiano e de Obras Pías, entre outros, e do Consello da Cultura Galega.

HÁBITATS. NATUREZA ESTENDIDA

Do 5 de decembro de 2023 ao 19 de maio de 2024

Hábitats. Natureza estendida concibiuse como unha experiencia sensorial inmersiva que amosaba, a través dunha viaxe polos cinco continentes, a diversidade de ecosistemas do planeta Terra. Combinando nunha única capa os mundos físico e dixital, *Hábitats* transpórtanos, sen saír do Museo Centro Gaiás, por nove destinos nos que poderemos convivir e interactuar con animais e plantas recreadas grazas ás tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada.

Do deserto de Sonora en Estados Unidos á Gran barreira de coral australiana; desde o Mar de Weddell, na Antártida, á Cova de Ceza, no Courel, entre outros. Atopamos na nosa aventura elefantes, tartarugas, baleas, axolotes e moitas outras especies ás que tivemos o privilexio de observar de preto nos seus propios hábitats, grazas ás lentes de realidade virtual.

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Horario: De martes a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Idea conceptual: Carlos Seijo
Desenvolve: Maxina
Entradas: 3€
Público: Actividade dirixida a maiores de 9 anos
Asistencia: 1.518 persoas no 2023

Hábitats visitables:

1. Lagos e humidais (Xochimilko, México).
2. Selva tropical (Amazonia, Perú).
3. Desertos (Sonora, EEUU).
4. Polar (Mar de Weddel. Antártida).
5. Montañoso (Cova Oso cavernario. Lugo e cornixa cantábrica).
6. Sabana (Másai Mara, Kenya).
7. Areais (Rasz Al Jin. Omán).
8. Arrecifes de Coral (Gran Barreira, Australia)
9. Oceanos.

Responsable da idea conceptual e do desenvolvemento

Carlos Seijo (A Coruña, 1980) é un artista audiovisual galego, cunha traxectoria que nace da estética e dos gráficos xerados por ordenador para fusionarse, nos seus últimos proxectos, coas tecnoloxías emerxentes de realidade estendida e virtual. Na actualidade, dirixe o estudio galego Maxina, fundado xunto coa súa irmá Noela Seijo, especializado en efectos visuais, animación 3D e en contidos inmersivos.

02.2 / EXPOSICIÓNS EN ITINERANCIA

CIDADES NO TEMPO

2022-2024

Cidades no tempo é un gran proxecto expositivo que abrangue as sete principais cidades galegas, converténdose en sete mostras singulares que comparten a mesma estrutura. O seu percorrido comezaba o pasado 3 de xuño de 2022 na sede de Afundación en Santiago de Compostela para continuar polos distintos espazos da entidade en Ferrol, Lugo, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ourense durante este ano 2022 e estendéndose ao 2023 e 2024. É dunha das propostas principais da programación do Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia, que neste caso xurdiu da súa colaboración, a través da Fundación Cidade da Cultura, con Afundación (Obra Social ABANCA).

Neste proxecto, as sedes desta entidade en cada cidade galega acubillan as distintas mostras dedicadas a cadansúa evolución urbana, cunha estrutura compartida, pero cun carácter singular que narra a súa propia historia.

A través da combinación entre materiais físicos e tecnoloxías interactivas, con documentos, planos, mapas, fotografías, obras de arte e obxectos históricos e cotiáns, este formato de exposición propón unha experiencia multimedia de descubrimento das orixes das culturas urbanas, sendo un dos proxectos expositivos de maior complexidade técnica impulsados pola Xunta de Galicia nos últimos tempos.

COMISARIADO:

Manuel Gago é doutor en Ciencias da Comunicación pola USC, director da plataforma de divulgación cultural culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. É responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país. Como comisario de exposicións, traballou con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionou pezas dos máis destacados centros internacionais.

Espazos: Sedes de Afundación nas sete principais cidades galegas
Comisariado: Manuel Gago
Colabora: Afundación
Asistencia: 27.229 persoas en 2023 (35.332 persoas en total)

CATÁLOGO

Con motivo de cada unha das exposicións edítase un catálogo que, no seu conxunto, conforman unha única colección.
Edición: castelá/galego. **Tamaño:** 28 x 23 cm.
Tirada: 500 exemplares c/exposición.
Deseño e maquetación: Desoños.
Tradución e revisión: Linguaserve / Interlingua.
Imprenta: Gráficas Anduriña.

FERROL NO TEMPO

Ferrol no tempo foi a segunda exposición en botar a andar do proxecto *Cidades no tempo*, explorando a interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio nunha cidade caracterizada por ser un dos mellores casos de urbanismo ilustrado do país. Dende distintas perspectivas como son a estética, a economía, a creación artística, a educación e a memoria, a exposición afondaba nunha urbe que foi medrando dende o Ferrol Vello conservado nos símbolos, baixo a presenza dunha das principais bases da Armada española e importantes estaleiros da mariña militar e mercante. Esta mostra incluía un percorrido pola primeira cidade que deu entrada aos saberes técnicos e tecnolóxicos, cunha poboación obreira cunha demanda de acceso á educación moi relevante, sendo tamén o primeiro núcleo galego onde se inaugurou unha Escola de Artes e Oficios.

Datas: Do 18 de novembro de 2022 ao 28 de xaneiro de 2023
Espazos: Sala exposicións sede Afundación, Ferrol
Horario: De luns a venres de 11:00h a 14:00 h. e de 17:00 a 20:00 h.
Sábados de 11:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 19:00 h.
Coordinador local: Guillermo Llorca
Asistencia: 3.190 persoas (7.130 persoas en total)

CATÁLOGO

Edición: castelán/galego.
Tamaño: 233 x 286 mm. **Extensión:** 248 páxinas.
Tirada: 500 exemplares.
Deseño e maquetación: Desoños.
Tradución e revisión: Interlingua.
Imprenta: Agencia Gráfica. Textos: VV.AA.

LUGO NO TEMPO

A mostra dedicada á cidade de Lugo estivo centrada na interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio dunha cidade que representa un dos mellores casos de integración de culturas e costumes, adaptándose de xeito natural á modernidade. Todo isto desde diferentes perspectivas e mediante a exhibición de materiais físicos e tecnoloxías interactivas como planos, mapas, obxectos de gran carga simbólica, obras de arte, fotografías e publicacións.

Datas: Do 28 de marzo ao 27 de maio de 2023
Espazos: Sala exposicións sede Afundación, Lugo
Horario: De luns a venres de 17:30 a 20:30 h.
Sábados de 11:00 a 14:00 h. e de 17:30 a 20:30 h.
Coordinadora local: Marica Campo
Asistencia: 3.978 persoas

A CORUÑA NO TEMPO

A mostra achegouse á cidade herculina desde diversas perspectivas, poñendo nun espazo común a cultura, a economía, a estética, o urbanismo, o lecer e o sentir dunha sociedade dinámica, emprendedora e liberal marcada polas influencias internacionais que tiveron o porto como punto de entrada. E é que o seu carácter marítimo non só tivo relevancia económica ao longo da historiasenón que foi fundamental no desenvolvemento urbano da Coruña. Tomando a Torre de Hércules como partida, o percorrido lévanos desde a Cidade Vella ás primeiras industrias e grandes iniciativas empresariais privadas; desde a cidade das mulleres como María Pita ou Isabel Zendal á cidade ilustrada. Moitas das pezas que artellaban o relato desta exposición foron resultado das investigacións realizadas nos últimos anos que están a transformar o coñecemento do pasado coruñés.

Datas: Do 12 de xullo ao 16 de setembro de 2023
Espazos: Sala exposicións sede Afundación, A Coruña
Horario: De luns a venres de 17:30 a 20:30 h.
Sábados de 11:00 a 14:00 h. e de 17:30 a 20:30 h.
Coordinador local: Rubén Ventureira
Asistencia: 12.242 persoas



VIGO NO TEMPO

A quinta mostra do proxecto *Cidades no tempo* percorreu a evolución de Vigo dende as súas orixes ata a actualidade, abordando temas como desenvolvemento urbanístico, economía, lecer e cultura. A exposición explorou a cidade a través de obxectos de alta cultura e cotiáns, documentos históricos, mapas, recreacións virtuais e fotografías, reunindo no mesmo escenario o Vigo industrial (ligado ao mar e entidades como Citroën), o editorial, a influencia do Cable Inglés nos costumes e no lecer, o Vigo da Movida ou do Grupo Atlántica, ata o Vigo do mar e das lendas.

Datas: Do 10 de novembro de 2023 ao 21 de xaneiro de 2024
Espazos: Sala exposicións sede Afundación, Vigo
Horario: De luns a sábado de 11:00 e 14:00 h. e de 17:30 a 20:30 h.
Domingos e festivos de decembro de 11:00a 14:00 h. e de 17:30 a 20:30 h.
Coordinador local: Manuel Bragado
Asistencia: 7.819 persoas en 2023

O CAMIÑO PORTUGUÉS. LEMBRANZAS DE MAR E PEDRA | (Tui)

A mostra *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* foi poñer o foco na fotografía para propiciar un encontro transfronteirizo. Con material procedente de arquivos fotográficos de Portugal e de Galicia, a mostra tomaba como punto de partida a cidade de O Porto para continuar o itinerario do Camiño Portugués utilizando como recurso as obras de arquivos fotográficos de España e Portugal.

A exposición estivo conformada por un total de 120 fotografías, 80 históricas e 40 actuais, realizadas por artistas actuais como Carla Andrade, Tono Arias, Antón Buciños, Vari Caramés, Nicolás Combarro, Eva Díez, Jesús Madriñán, Carmenchu Alemán, Juan Manuel Castro Prieto, Luis Vioque e José Luis Borges.

As fotografías históricas pertencen a 14 arquivos, entre outros: A.H. P. de Lugo, Arquivo Pacheco, Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, Arquivo José Suárez, Arquivo Municipal de Lisboa, Arquivo Municipal do Porto, Arquivo Nicolás Muller, Bildarchiv Foto Marburg, Centro Portugués de Fotografía, Col. Roisin. Arxiu Catalunya, Fototeca del Patrimonio Histórico, Library of Congress e o Museo de Pontevedra.

COMISARIADO:

Lucía Laín foi a encargada de comisariar a exposición. De ampla traxectoria no desenvolvemento de proxectos documentais, editoriais e expositivos, Laín é fotógrafa, documentalista e licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid.

Datas: Do 1 de decembro de 2022 ao 28 de xaneiro de 2023
Espazos: Sala municipal de exposición, Edificio Francisco Sánchez, Tui
Horario: De luns a venres de 9:00h-14:00h e de 16:00h-21:00h. Sábados de 9:00h-13:00h
Comisariado: Lucía Laín
Asistencia: 432 persoas no 2023, (1.079 en total na súa estancia en Tui e 32.228 persoas no total de itinerancias da mostra)

CATÁLOGO

Edición galego / castelán / inglés / portugués.
Extensión: 230 páxinas. **Formato** 210x225mm.
Tiraxe: 1.000 exemplares.
Textos: Lucía Laín.
Deseño: Numax. Encadernación en tapa dura con lombo.
Tradución e revisión: Linguaserve / Elena Bernardo.
Imprenta: Gráficas Anduriña.

FOI UN HOME. LAXEIRO EN AMÉRICA. BUENOS AIRES, 1950-1970 | (París)

Tomando o título dunha sobranceira obra de Laxeiro dos anos sesenta, *Foi un home* (1963), esta exposición formulouse como unha nova perspectiva sobre a obra de plena madurez de José Otero Abeledo; é dicir, aquela que o artista máis coñecido como Laxeiro realizou durante a súa longa estadía en Arxentina entre 1950 e 1970. Nese período o artista movíase nun ambiente cosmopolita e galego ao tempo, aberto a todo tipo de influencias e contactos, mais cunha fidelidade intensa aos temas de tradición galega.

O obxectivo desta exposición foi difundir o legado dun dos grandes renovadores da pintura galega dentro e fóra de Galicia, co gallo da celebración do Día das Artes Galegas. Por esta razóns a exposición quedou inaugurada na súa vila natal, aínda que tamén contou con itinerancias en Madrid, Santiago de Compostela e París.

COMISARIADO:

Historiador da arte, ensaísta e comisario de exposicións, **Carlos L. Bernárdez** é tamén colaborador habitual de xornais e revistas especializadas no eido cultural. O seu traballo no ámbito da análise cultural mantén dúas liñas fundamentais. Dunha banda, dedícase aos estudos da literatura galega do século vinte, con especial atención aos movementos de vangarda. Doutra banda, Bernárdez tamén se centra no campo da historia da arte, orientándose cara á construción de análise —especialmente sobre a arte galega—, que unha descentralización dos relatos.

Datas: Do 27 de xaneiro ao 13 de marzo de 2023
Espazos: Instituto Cervantes en París
Horario: De martes a xoves de 10:00 a 18:00 h.
Venres e sábados de 10:00 a 15:00 h.
Comisariado: Carlos L. Bernárdez
Coorganiza: Concello de Lalín
Colaboran: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Instituto Cervantes París. Embaixada de España en Francia
Asistencia: 1.121 persoas (16.495 persoas no total de itinerancias da mostra)

CATÁLOGO

Edición galego / castelán / inglés / portugués.
Extensión: 176 páxinas. **Formato** 185x240mm.
Tiraxe: 1.000 exemplares.
Textos: Carlos L. Bernárdez; Javier Pérez Buján.
Deseño e maquetación: Eva Prado Pinchel.
Tradución e revisión: Linguaserve.
Imprenta: Axencia Gráfica.

A VÍA DA PRATA. AIRES DO SUR | (Cáceres)

A Vía da Prata. Aires do Sur conformaba un relato único no que as imaxes tomadas por grandes clásicos se sucedían nun interesante diálogo coa mirada actual de fotógrafos e fotógrafas do noso presente. Tirando do fío por novos camiños e fondos documentais, este proxecto expositivo e editorial foi quen de construír un relato posicionando o visitante no punto de vista do peregrino. Deste xeito, a mostra amosaba paisaxes, monumentos e escenas cotiás que foron inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días. Estivo conformada por 140 imaxes de 40 fotógrafos e fotógrafas que convidaban a contemplar a realidade coa ollada curiosa e serena do camiñante.

A exposición amosaba imaxes de artistas que fotografaron os camiños e a xentes da Vía da Prata desde finais do século XIX e ao longo dos séculos XX e XXI, e que forman xa parte da nosa memoria, como António Passaporte, Aurélio da Paz dos Reis, Enrique Guinea, J. Lacoste, Jean Poujade, Jean Laurent, José Suárez, Martínez Hebert, Nicolás Muller, Anna Turbau, Carmenchu Alemán, Laura, Tere Fernández ou Yorgos Karailias entre moitos outros.

Entre os arquivos e institucións cedentes podíase atopar o A.H.P. de Lugo, o Fondo Patronato Nacional de Turismo, o Ministerio de Cultura e Deporte, o Arquivo Municipal de Vitoria, o Arquivo Rexional da Comunidade de Madrid (Fondo Nicolás Muller), o Arquivo Fotográfico Pacheco Concello de Vigo, o Arxiu Nacional de Catalunya, a Biblioteca Nacional de España ou o Centro Português de Fotografia.

COMISARIADO:

Lucía Laín é historiadora, comisaria, guionista e documentalista. A súa paixón pola historia da fotografía remóntase aos anos nos que traballaba como coordinadora de desenvolvemento e contidos en longametraxes documentais. Experimentada documentalista, ten comisariadas máis de doce exposicións.

Datas: Do 19 de xaneiro ao 9 de abril de 2023
Espazos: Palacio Toledo-Moctezuma, Cáceres
Horario: Martes a venres de 17:30 a 20:00 h.
Sábados de 12:00 a 14:00 h. e de 16:30 a 20:00 h.
Comisariado: Lucía Laín
Asistencia: 2.715 persoas
(18.726 persoas no total de itinerancias da mostra)

CÁTALOGO

Edición galego / castelán / inglés / portugués.
Extensión: 256 páxinas. **Formato** 210x225mm.
Tiraxe: 1.000 exemplares.
Textos: Lucía Laín.
Deseño: Numax. Encadernación en tapa dura con lombo.
Tradución e revisión: Linguaserve / Elena Bernardo.
Imprenta: Gráficas Anduriña.

02.3 / APOIO Á CREACIÓN: INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS



A PORTA ABERTA
Intervención artística de Lúa Gándara, EAN11

A porta aberta foi un proxecto vivencial para "habitar" as Torres Hejduk e convertelas temporalmente nun estudio artístico aberto ao público e ao diálogo. Nesta proposta plástica e performática, a artista galega Lúa Gándara (O Porriño, 1988), converteu o interior das Hejduk no seu lugar de traballo durante un mes, amosando o seu proceso de creación, agasallando cun debuxo orixinal e ofrecendo a oportunidade de conversar sobre arte e pintura abstracta.

Desde a concepción da arte como disciplina aberta, ultrapasando as barreiras que sitúan o público como axente pasivo, Lúa Gándara convidaba con *A porta aberta* a acceder ao seu particular laboratorio e universo creativo. Nunha analoxía do xeito en que Galicia recibe as persoas camiñantes, e compartindo o espírito de apertura e convivencia presente na cerna do Xacobeo, a artista acollía o público participante dándolle ademais un agasallo. Este estudio artístico efémero permaneceu aberto para a súa visita semanas despois da estancia física da creadora nas Torres, exhibíndose ata xaneiro o "corpus visual" da obra producida nesta instalación.

A proposta foi a vencedora da IX Convocatoria de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocada en 2021 no marco do *XI Encontro de Artistas Novos #EAN11*. O certame encadrouse na programación do Xacobeo 21-22 e contou co patrocinio da Fundación Banco Sabadell.

A ARTISTA

Lúa Gándara (O Porriño, 1988) é unha artista multidisciplinar graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, cun posgrao de Creación Sonora na Universidade de Barcelona e un mestrado de Profesorado en Educación Secundaria na especialidade de Artes e Debuxo. A súa obra plástica foi seleccionada en diversos certames como a 15ª mostra MAC, Museo de Arte Contemporáneo Fundación Naturgy, o Prémio Artistas do Alto Minho e Galiza 2016 da Fundaçao Bienal de Cerveira, o VIII Premio para Novos Artistas Auditorio de Galicia ou a X Bienal Internacional Pintor Laxeiro, entre outros.

Datas: Do 1 de setembro de 2022 ao 8 de xaneiro de 2023
Espazo: Torres Hejduk
Horario: De luns a domingo, de 10:00 a 20:00 h.
Patrocinio: Fundación Banco Sabadell

FITOTARIO. INVERNADOIRO INTERACTIVO
Intervención artística de Macarena Montesinos

Fitotario unía arte sonora, tecnoloxía e natureza nunha experiencia inmersiva para devolver as Torres Hejduk ao seu uso orixinal como invernadoiro, transformándoas nun verxel interactivo que convidaba o público a experimentar coa propia instalación.

Entre as especies vexetais que formaban parte da obra, compartían un mesmo ambiente variedades propias das fragas galegas, como hedras ou fentos, e outras habitualmente empregadas como plantas decorativas de interior, transformando o espazo arquitectónico nun xardín animado que se activaba coa entrada das persoas visitantes.

A instalación contaba con sensores e dispositivos de infravermellos, con plantas que oscilaban ou emitían sons ao seren tocadas ou acariñadas, modulando a súa reacción en función das variables ambientais da luz, da humidade ou da temperatura. Isto facía de *Fitotario* unha instalación en permanente evolución, seguindo o ritmo das reaccións aos diferentes estímulos das plantas que habitaron temporalmente a torre transparente. Pola súa banda, a torre de pedra acubillaba a vertente analítica da instalación, especificamente pensada para que o público poida construír o seu propio fitotario.

O ARTISTA

Macarena Montesinos Fandiño (Vigo, 1982) destaca por ser unha artista fronteiriza que traballa dende a arte sonora, a performance, as artes escénicas e o audiovisual. É a integrante de múltiples formacións de improvisación en música experimental como o cuarteto de corda Suelen Estar Quartet, Límbico, Fonogenia, Orquesta Galega de Liberación ou a OMEGa. Ata a data ten máis dunha ducia de discos publicados en selos europeos e americanos como CreativeSources (PT), Pan y Rosas (EE.UU) ou Setola de Maiale (IT).

Tamén realizou múltiples residencias artísticas de investigación en Galicia, España, Alemaña, Suíza e Portugal. Actualmente, é investigadora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo, onde estuda a relación entre as partituras gráficas e a improvisación sonora.

Contou coa colaboración do artista sonoro **Miguel Seoane**, quen materializou toda a compoñente tecnolóxica da instalación.

Datas: Do 22 de marzo ao 6 de agosto de 2023
Espazo: Torres Hejduk
Horario: De luns a domingo, de 10:00 a 20:00 h.

A INAUGURACIÓN. UN EVENTO QUE NON TERMINA DE COMEZAR. Intervención artística de Joel Blanco, EAN12

O proxecto gañador da X Convocatoria de Intervencións Artísticas da 12ª edición do Encontro de Artistas Novos (#EAN12) foi concibido como unha reflexión sobre a inmobilidade temporal do capitalismo contemporáneo. Cun título tan suxestivo como *A inauguración*, o artista coruñés Joel Blanco desenvolveu no marco das Torres Hejduk unha reflexión sobre a noción dun presente continuo, un ciclo interminable onde o pasado se resiste a esvaecerse e o futuro semella esquivo.

A acción foi escenificada como unha festa da que o público asistente formou parte de xeito inmediato. Os refugallos do evento, a disposición dos obxectos e as pezas de Los Bravú, Lúa Gándara, Francisco Ramallo, Miguel Scheroff e Francesc Rosselló poñían en evidencia a idea de temporalidade suspendida. A intervención artística arrancou ademais cunha performance conducida por Sara Gema Domínguez Castillo e Eléonore Ozanne, exercendo como anfitrioas, mentres que El Andrés elaborou unha atmosfera musical que soou durante toda a exposición da intervención en forma de bucle infinito.

O ARTISTA

Tras graduarse na Design Academy de Eindhoven en 2017, o artista coruñés **Joel Blanco** acumulou múltiples recoñecementos, entre eles o Neo2 Designers Awards 2020 e o destacado Best of España —34 talentos do deseño e da arte de AD 2022—. Como deseñador de produto e investigador de tendencias, especializado en estratexia, deseño especulativo e deseño-ficción, foi recoñecido pola revista *Forbes* como un dos 40 futuristas máis salientables de España en 2022.

Datas: Do 31 de agosto de 2023 ata o 7 de xaneiro de 2024
Espazo: Torres Hejduk
Horario: De luns a domingo, de 10:00 a 20:00 h.

IV REB/VELADAS NA PAISAXE

A cuarta edición do ciclo de intervencións artísticas *Reb/veladas na paisaxe* mantivo a súa aposta por levar a arte máis aló do museo, poñendo en valor as zonas verdes da Cidade da Cultura. Co obxectivo permanente de visibilizar a presenza da muller en todos os eidos da arte contemporánea, desta volta foron tres comisarias galegas cunha traxectoria destacada na programación e dirección de proxectos culturais —Mercedes Rozas, Clara R. Cordeiro e Chus Villar— as encargadas de elixir as e os artistas que interviñeron os espazos verdes do Gaiás: Diego Vidal, Rebeca Lar e Alberto Odériz, respectivamente.

Datas: Do 21 de xuño ao 26 de novembro de 2023
Espazo: Bosque de Galicia
Comisaria/artista: Mercedes Rozas - Diego Vidal
Chus Villar - Alberto Odériz
Clara R. Cordeiro - Rebeca Lar
Deseño soportes: Cenlitros

O CASO DE PALMIRA

Comisaria: Clara R. Cordeiro
Artista: Rebeca Lar

Unha aproximación subxectiva á figura da meiga, cuestionando a historia aceptada e a súa representación como personaxes crueis e escuras no imaxinario colectivo. A través do retrato dunha meiga concreta, Palmira, Rebeca Lar amosou coa súa peza todas as facetas das bruxas, cuestionando as derivacións negativas tan presentes na cultura popular e propoñendo novas lecturas: mulleres transmisoras de coñecemento, menciñeiras, comadroas, perseguidas pola Inquisición, marxinadas, rebeldes, independentes... e tamén símbolo feminista.

FACENDO ZAPPING

Comisaria: Mercedes Rozas
Artista: Diego Vidal

A intervención de Diego Vidal era unha chamada de atención sobre a perda de contacto coa realidade próxima e, máis concretamente, co ámbito natural no que se situou, aos pés das Torres Hejduk, en pleno Bosque de Galicia. Tres figuras, preto unhas doutras mais incomunicadas entre si e co resto da contorna, interpelábannos como un reflexo.

DIVISIÓN SIMPLE DE UNHA ROCHA DE GRANITO

Comisaria: Chus Villar
Artista: Alberto Odériz

Partindo da complexa acción deconstrutiva levada a cabo polo arquitecto Peter Eisenman no Gaiás, e o material orixinal elixido por el para a construción da Cidade da Cultura, o artista Alberto Odériz expuxo unha peza inmersiva coa que sentir a experiencia de atravesar a montaña, transitando a través dunha rocha de granito grazas á súa división na canteira e posterior colocación no camiño entre as Torres Hejduk e o Museo Centro Gaiás.

02.4 / APOIO Á CREACIÓN: PROGRAMA REGA, RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO GAIÁS

REGA
CLÁSICAS DESFEITAS 2023
Vol. 6, Vol. 7 e Vol. 8

O programa *Clásicas Desfeitas* previsto para o 2023 permitiu redescubrir clásicos literarios a través doutras disciplinas artísticas. Abriuse ao encontro internacional con propostas que dialogan con artistas e compañías de Galicia, Portugal, México, Cuba e Uruguai. A lusofonía e a Galicia exterior ligada á nosa emigración xuntas na creación de tres propostas de gran singularidade.

RESIDENCIA Vol. 6
AS DÚAS MARXES DE ANTÍGONA

Datas: Do 7 ao 16 de marzo de 2023
Espazo: Espazo REGA 2
Colabora: Centro Dramático Galego

A compañía de teatro El Mura, dirixida por Iván Solarich, usou o seu período de residencia para traballar no proceso creativo e de produción do espectáculo *As dúas marxes de Antígona*, proxecto que toma a figura da heroína de Sófocles como punto de partida para reflexionar, desde o presente, sobre a lei, a transgresión e a xustiza. O elenco que deu vida a esta renovada versión da traxedia grega estivo conformado pola actriz galega Mercé de Rande, a uruguaia María Eugenia Margalef, e as intérpretes lusas Clara Cunha e Inês Minor.

RESIDENCIA Vol. 7 e Vol. 8
CANTA MÁIS LUZ, MÁIS SOMBRA

Datas: Do 16 ao 22 de marzo de 2023
Espazo: Vol. 7 – Espazo REGA 1 | Edificio Fontán, sala 11
Vol. 8 – Espazo REGA 2 | Edificio Fontán, sala 7
Colabora: Centro Dramático Galego

A partir dun intenso diálogo cruzado, a Compañía Nacional de Teatro de México e o Centro Dramático Galego construíron o espectáculo *Canta máis luz, máis sombra* na súa residencia artística no Gaiás. Aurora Cano, directora artística da Compañía Nacional de Teatro mexicana, levou á escena unha interpretación contemporánea sobre os textos da poeta Rosalía de Castro da man da actriz Diana Sieira e do músico Xosé Lois Romero. Pola súa banda, o director do Centro Dramático Galego, Fran Núñez, foi o encargado de coordinar sobre o escenario aos mexicanos Shadé Ríos e Yurief Nieves para traer ao século XXI o legado literario de Sor Juana Inés, unha das figuras máis salientables das letras hispanoamericanas do século XVII.



REGA - PLASMA
RESIS EN RESIDENCIA

Plasma é un proxecto de realidade virtual que ofrece a oportunidade de entender, a través da imaxe e da música, como se constrúe o universo dun concerto de música contemporánea.

Durante a residencia artística, o compositor Pedro González e os ensembles Klexos e Mosaik definiron os materiais multimedia da obra *Plasma* e elaboraron os fragmentos musicais que formaron parte do concerto que se realizou dentro do marco do festival Resis 2023. Unha vez rematados o proceso de creación e a performance, os resultados da colaboración foron expostos na sala de proxeccións do Museo Centro Gaiás durante dous días.

O formato da presentación foi o dunha instalación interactiva en realidade virtual. Deste xeito, as persoas visitantes da Cidade da Cultura puideron acceder á obra musical comisionada mediante a exploración activa dunha contorna virtual que escondía paisaxes abstractas derivadas de materiais extraídos do proceso de creación da peza. Estes materiais incluíron escaneados 3D de partes do corpo dos músicos, fragmentos da partitura, dos instrumentos, animacións e relatos persoais das e dos artistas involucrada/os. Deste xeito, o espectador puido gozar da música dun xeito novo e sorprendente, desde dentro da propia formación musical.

O COMPOSITOR

Pedro González é profesor adxunto na Universidade de Música e Drama de Hamburgo (HfMT), onde ademais cursa estudos de doutoramento en composición. Tamén é o responsable do estudo de música electroacústica da universidade de Lübeck (MHL), imparte clases de «Ao vivo Electronics». Na actualidade exerce como docente na Escola Superior de Música de Cataluña.

Datas: Residencia: Do 29 de abril ao 3 de maio de 2023
Presentación no festival RESIS en Coruña: 4 de maio de 2023
Exhibición: 13 e 14 de maio de 2023
Horarios: Sábado e domingo de 11:00 a 14:30 h. e 16:00 a 20:00 h.
Espazo: Museo Centro Gaiás, sala de proxección
Colaboración: Asociación Cultural AÏS
Acceso: Entrada libre e de balde
Asistencia: Integrantes do proxecto: 9 persoas
Concerto: 90 persoas
Instalación na sala de proxección: 81 persoas

REGA – RESIDENCIAS PARAÍSO

CAMPO DA FESTA | Edu Valiña e Ana Gesto

Datas: Do 26 de xuño ao 7 de xullo de 2023, na Cidade da Cultura
Do 10 ao 16 de xullo de 2023, no Salón Teatro de Santiago de Compostela
Espazo: Espazo REGA 2
Salón Teatro, Santiago de Compostela
Artistas: Edu Valiña
Ana Gesto
Colaboración: Centro Dramático Galego e Colectivo RPM
Asistencia: Presentación do proxecto: 50 persoas

O proxecto escollido para esta residencia foi *Campo da festa*, un traballo de Eduardo Valiña e Ana Gesto. Ambos os dous artistas desenvolveron unha peza coa colaboración da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia e unha serie de habitantes do rural co obxectivo de vincular diferentes colectivos para construír novos relatos ao redor dunha cidade de elevado nivel turístico como é Compostela.

Durante a súa residencia no Gaiás, e posteriormente no Salón Teatro, Valiña e Gesto desenvolveron un meticuloso proceso de investigación sobre a identidade dun pobo e a relación intrínseca entre as accións involuntarias dos membros dunha comunidade para dar valor a elementos aparentemente baleiros de contido.

ARTISTAS

Eduardo Valiña licenciouse en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Como artista participou en mostras individuais e colectivas en Galicia, Xixón, Portugal, Cuba, Bélxica ou Romanía. Na actualidade traballa como conservador xefe da Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela.

Ana Gesto é performer e artista visual. Desenvolve o seu traballo ao redor das prácticas culturais e sociais de forte carácter identitario. Goza experimentando con obxectos transmutados de gran valor simbólico e cos sons que o proceso produce, á vez que incorpora a natureza non neutral do espazo nas súas accións.

TRANSPARENTAR | Inés Santos e Bal Castro

Datas: Do 10 ao 21 de xullo de 2023, na Cidade da Cultura.
Do 26 ao 30 de xullo de 2023, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.
Espazo: Espazo REGA 2
Salón Teatro, Santiago de Compostela
Artistas: Inés Santos
Bal Castro
Colaboración: Centro Dramático Galego e Colectivo RPM
Asistencia: 40 persoas

Os creadores galegos Inés Santos e Bal Castro, artistas escollidos para a segunda das residencias Paraíso, desenvolveron durante a súa estadía o proxecto *Transparentar*, unha proposta de investigación psicofísica ao redor de sensación de ser transparentes, afondando nas inquedanzas da xeración Z e en como os corpos amosan a súa fraxilidade na escena.

Transparentar foi un proceso de investigación baseado na experimentación dos corpos no que se reflexionaba sobre a esencia da xeración de cristal, formada polas persoas nadas arredor do ano 2000, mediante a formulación de cuestións como: a xeración de cristal é fráxil ou transparente? Cales son as características de dita xeración? O sufrimento individual é colectivo ou interxeracional? A distopía é o noso futuro?

ARTISTAS

Inés Santos formouse en interpretación xestual na ESAD de Galicia, complementando estes estudos na Escola Superior Artística de Porto (ESAP). Participou no festival Escenas do Cambio (2019), coa peza *O gatillo da felicidade* da compañía portuguesa Casa Branca. Na actualidade forma parte da compañía de teatro físico Mevadeus.

Bal Castro formouse como actor na ESAD de Galicia, e complementou a súa formación en danza contemporánea da man de profesionais coma Olga Cameselle, Kirenia Martínez e Leodán Rodríguez. No 2019 actúa coa súa peza de autocreación *Heridita de un maricón* na Sala Artika, de Vigo. Tamén é integrante da compañía Mevadeus.

REGA – RESIDENCIA LITERARIA

Este formato de residencia está concibido para o desenvolvemento e mellora de proxectos persoais de narrativa, para autoras e autores emerxentes. Como tal, os residentes presentan na súa estadía un proxecto orixinal para o traballo e posta en común durante os días de residencia.

Este ano 2023 foron 14 días compartindo inquedanzas, lecturas, crítica e traballo para axudar ao crecemento literario e persoal das persoas participantes, nun ambiente distendido de confianza e respecto. Houbo tamén tempo para conversar con outras autoras e autores, para visitar institucións e para explorar as conexións da literatura con outras disciplinas artísticas. Ademais, este ano a residencia contou coa activa participación de dúas recoñecidas escritoras das letras galegas e hispánicas: Marilar Aleixandre e Brenda Navarro.

Datas: Do 2 ao 15 de xullo de 2023
Espazo: Espazo REGA 1
Biblioteca e Arquivo de Galicia
Fundación Camilo José Cela
Casa Museo Rosalía de Castro

ESCRITORAS CONVIDADAS:

Marilar Aleixandre e Brenda Navarro

PARTICIPANTES:

Cecilia Fernández Santomé, Ana Belén Varela Miño, Sica García Romero, Nerea Pallares Vilar, Giselle Vinokur Ferreyro, Sara Guerrero Alfaro, Antía Fernández Martínez, Lucía Solla Sobral, Iván Castro Martínez e Miguel Cavadas Docampo.

O DIRECTOR

Escritor, xornalista e profesor de escritura creativa, Javier Peña deuse a coñecer coa súa novela de debut, *Infelices*, que foi elixida entre as mellores do ano por críticos de medios de comunicación como a Cadena SER, RNE, *La Voz de Galicia* ou *Zenda*. En setembro de 2022 publicou a súa segunda novela, *Agnes*, que tamén se coou entre as mellores obras de narrativa do ano para medios como Esquire ou Forbes. Creador e coordinador das dúas edicións do Obradoiro de Novela Cidade da Cultura, que se celebraron en 2019 e 2020, tamén deseñou o Taller de Novela Casa Blackie.

RESIDENCIAS INCIPIT DE INVESTIGACIÓN E EXPERIMENTACIÓN ARTÍSTICA

Co obxectivo de achegar a antropoloxía a todos os públicos desde unha perspectiva tamén artística, propiciouse ao longo deste ano 2023 unha nova tipoloxía de residencia levada a cabo en colaboración co Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC).

Mudar a pel foi o título deste primeiro proxecto que levou ao Gaiás a profesora e investigadora da Universidade do País Vasco Mari Luz Esteban, o musicólogo e gaiteiro Llorián García, e o historiador e artista sonoro Andrés Rodrigues, baixo a coordinación do investigador do Incipit-CSIC, Íñigo Sánchez-Fuarros.

Partindo da idea de que o acceso ao coñecemento non debe ser algo exclusivo da letra e da lectura, os artistas e investigadores concibiron unha obra audiovisual na que as imaxes, os sons e a palabra eran os vehículos para transmitirlle á audiencia aspectos da sociedade actual que son obxecto tamén da investigación antropolóxica, poñendo en evidencia as conexións entre antropoloxía, arte, música e literatura para presentar unha experiencia totalmente física que se percibe co corpo enteiro.

Mudar a pel presentouse ao público o xoves 7 de setembro no Centro Ágora da Coruña, como parte da programación do XVI Congreso Internacional de Antropoloxía da Asociación de Antropoloxía do Estado Español, isto é, a ASAEE.

Datas: Residencia: do 31 de agosto ao 5 de setembro de 2023
Presentación no Centro Ágora da Coruña: 7 de setembro de 2023
Espazo: Residencia: Espazo REGA 2
Colaboración: Incipit-CSIC

AXUDAS REGA 23

O programa REGA ofertou en 2023 catro bolsas de formación a través de residencias, para materializar catro proxectos vencellados ás artes visuais, escénicas, musicais e de deseño, valorando positivamente a relación con outras disciplinas e tendo en conta o carácter híbrido da cultura actual.

Esta iniciativa anual pretende dar apoio á creación contemporánea de persoas que desenvolven a súa actividade en Galicia cunha residencia de traballo entre 3 semanas e mes e medio nos espazos REGA do Museo Centro Gaiás e proporcionando 8.000€ para materializar as súas propostas.

ESTÁ VOSTEDE AQUÍ? VULNERABILIDADE E EMOCIÓNS NA PRÁCTICA ARTÍSTICA CONTEMPORÁNEA

Sara Donoso

Datas: Do 26 de setembro ao 09 de novembro de 2023
Presentación: 24 de novembro de 2023 ás 18:30 h.
Espazo: Espazo REGA 1
Especialidade: Artes visuais
Acompañamento: Semíramis González

Na residencia artística de Sara Donoso, a comisaria e xestora cultural redondelá mesturaba práctica e investigación. Partindo da análise do impacto que a sobreprodutividade e a sociedade hiperconectada teñen na estabilidade emocional das persoas, Donoso convidou oito artistas a participar nun proxecto de artes visuais colectivo, en forma de *fanzine*, ao redor desta temática. Unha mesa redonda para abrir o debate e un cuestionario sobre como estas tendencias afectan á propia práctica artística completaron a súa proposta.

COIDAD@

Marcos Dios Aguado

Datas: Do 9 de outubro ao 27 de novembro de 2023
Presentación: 23 de novembro de 2023 ás 18:30 h.
Espazo: Espazo REGA 2
Especialidade: Artes escénicas
Acompañamento: Lola Correa

Baixo o título de *Coidad@*, o proxecto do actor, director e creador de monicreques Marcos Dios Aguado mesturaba a creación dunha marioneta híbrida de tamaño humano experimentando coas súas posibilidades expresivas para falar sobre os coidados e a dependencia, as relacións interxeracionais e os estereotipos aos que se enfronta o ser humano á hora de relacionarse.

COIRO FERVIDO

Edita Rodríguez Oca

Datas: Do 2 de outubro ao 24 de novembro de 2023
Presentación: 24 de novembro de 2023 ás 17:30 h.
Espazo: Espazo REGA 3
Especialidade: Deseño
Acompañamento: Cenlitros

Na categoría de deseño, a estradense Edita Rodríguez Oca experimentou coa tradicional técnica do coiro fervido para aplicala á creación de obxectos contemporáneos; neste caso, unha peza decorativa inspirada pola súa vez na arquitectura da Cidade da Cultura. O coiro fervido é un procedemento antigo que trae ao presente valores como a responsabilidade ambiental, xa que os obxectos poden fabricarse con materiais desbotados doutras elaboracións, non xeran residuos e son biodegradables.

CON/SUERE

Ana Pérez Valdés

Datas: Do 2 ao 22 de novembro de 2023
Presentación: 23 de novembro de 2023 ás 17:30 h.
Espazo: Espazo REGA 4
Especialidade: Artes visuais
Acompañamento: Susana Cendán

No eido das artes visuais, a artista e deseñadora asturiana Ana Pérez Valdés, formada na Universidade de Vigo, dedicou a súa residencia a recuperar o saber da costura e a reivindicar a confección de prezas de roupa feita nas casas, como un convite aberto a repensar o lugar da moda na sociedade. Co proxecto *Con/Suere* materializou estas ideas nunha colección de cinco estilismos cos seus patróns e instrucións para que calquera puidese replicalos —presentados nunha publicación inspirada nos libros e revistas de labores— e dúas curtametraxes en vídeo que complementaron e documentaron o seu proceso creativo.

02.5 / MÚSICA E ESCENA

CLÁSICAS DESFEITAS 2023 | Vol. 6 As dúas marxes de Antígona

A compañía de teatro El Mura, dirixida por Iván Solarich, usou o seu período de residencia para traballar no proceso creativo e de produción do espectáculo *As dúas marxes de Antígona*, proxecto que toma a heroína de Sófocles como punto de partida para reflexionar, desde o presente, sobre a lei, a transgresión e a xustiza. O elenco que deu vida a esta renovada versión da traxedia grega estivo conformado pola actriz galega Mercé de Rande, a uruguaia María Eugenia Margalef, e as intérpretes lusas Clara Cunha e Inês Minor.

Antígona representa un pasado moi afastado que, pola súa vez, interpela un presente ardente. O texto desafía a lei, contrapón a orde cívica ao divino, a liberdade individual ás leis do Estado, a muller sometida á empoderada. Fala de autocracia, democracia e xénero. De xustiza e de ética. E o teatro convoca actrices das dúas beiras do Atlántico para que Antígona teña a posibilidade de vibrar desde as propias historias destas mulleres de hoxe. En momentos que unha nova conflagración planetaria ameaza e no que discursos mesiánicos e cheos de odio adquiren a vontade dalgunhas multitudes, a presenza, palabra e o xesto de novas Antígonas, quizais se poidan converter en algo fermoso e necesario.

DIRECCIÓN

Iván Solarich: Director artístico de El Mura (Uruguai). Egresado da Escuela de Arte Dramático ICTUS en 1981, baixo a dirección de Eduardo Schinca e Roberto Jones. Fundador dos grupos Teatro La Comuna (1983-1993), e tamén de Trenes & Lunas (1993-2005). De salas Puerto Luna (1996-2003), e El Mura del Mercado Agrícola de Montevideo (MAM, 2014-2015). Director Artístico do Festival Internacional de Artes Escénicas (FIDAE, MEC, 2010-2014), e do 1º Mercado das Artes do Uruguai (MAU, MEC), celebrado en 2012.

A partir do 2009 iníciase como autor dramático, incursionando na autoficción *Comunismo Cromagnon*, *Pogled*, *O Voo* e *Non hai flores en Istambul*, estreadas no Galpón e O Mura do MAM, respectivamente, e as dúas últimas no Festival da Habana. E en co-autoría co seu fillo Mariano: *"nmarcesible* e *Verona, cidade de amor*.

Datas: 17 e 18 de marzo de 2023
Espazo: Sala Eisenman
Horario: 20:30 h.
Compañía: El Mura
Colabora: Centro Dramático Galego
Entradas: 9 €
Asistencia: 81 persoas

CLÁSICAS DESFEITAS 2023 | Vol. 7 e Vol. 8 Canta máis luz, máis sombra

A partir dun intenso diálogo cruzado, a Compañía Nacional de Teatro de México e o Centro Dramático Galego construíron o espectáculo *Canta máis luz, máis sombra* na súa residencia artística no Gaiás. Aurora Cano, directora artística da Compañía Nacional de Teatro mexicana, levou á escena unha interpretación contemporánea sobre os textos da poeta Rosalía de Castro da man da actriz Diana Sieira e do músico Xosé Lois Romero. Pola súa banda, o director do Centro Dramático Galego, Fran Núñez, foi o encargado de coordinar sobre o escenario aos mexicanos Shadé Ríos e Yurief Nieves para traer ao século XXI o legado literario de Sor Juana Inés, unha das figuras máis salientables das letras hispanoamericanas do século XVII.

O Centro Cultural España en México acolleu a estrea na outra beira do Atlántico os días 14 e 15 de abril de 2023, en dúas xornadas nas que se celebraron 5 funcións do díptico dedicado a esas dúas figuras fundacionais da literatura de México e Galicia.

DIRECCIÓN

Aurora Cano. Directora artística da Compañía Nacional de Teatro de México. Estudou no Núcleo de Estudios Teatrales de México e posteriormente en The Method Studio de Londres e no Madingley Hall da Universidade de Cambridge. Traduciu e adaptou diversos textos, especializándose nas paráfrases contemporáneas de clásicos. En 2004, xunto con Nicolás Alvarado, crea o DramaFest, o festival internacional especializado en teatro contemporáneo máis importante de México, que dirixe ata o día de hoxe.

FRAN NÚÑEZ

Director do Centro Dramático Galego. Conta cunha ampla formación académica que abrangue a economía, a publicidade e as artes escénicas que completou con estancias en Austria, Croacia, Arxentina, Francia, Brasil e Portugal. Fundador de Limiar teatro e de Teatro del Hereje, asumeu diferentes roles en proxectos producidos e coproducidos por compañías tanto públicas como privadas de España, Francia, Brasil, Uruguai, Arxentina e Portugal.

Datas: 23 e 24 de marzo de 2023
Lugar: Edificio Fontán, aulas 7 e 11
Horario: 20:30 h.
Compañía: Compañía Nacional de Teatro de México
Colabora: Centro Dramático Galego
Entradas: 9 €
Asistencia: 109 persoas

DÍAS DAS ARTES GALEGAS
Matinais musicais. Especial Martín Códax

A Real Academia de Belas Artes decidiu dedicar o Día das Artes Galegas do 2023 á figura de Martín Códax, todo un símbolo da cultura galega que unifica na súa creación música e literatura, sintetizando nos seus poemas a forza da lírica medieval galego-portuguesa. A descuberta da súa obra supuxo unha revelación para os estudos da música medieval europea e tivo grande transcendencia internacional, ao seren as primeiras cantigas galaico-portuguesas que apareceron con notación musical, o que engade valor á elección da súa figura. Atendendo a este cometido, decidiuse encargarlle ao compositor galego Borja Mariño unha obra que lle puxese música desde a contemporaneidade ao poema de Martín Códax do que non se conserva a notación musical: "En o sagrad' e Vigo".

Acompañado pola soprano Carolina Moncada, o pianista e compositor abriu o programa coa nova composición: "Cantiga sacra", título elixido como chiscadela ao texto da sexta Cantiga de Martín Códax, mais tamén como mostra de respecto ante un monumento da lírica galaico portuguesa. O recital completouse con outros ciclos de variada inspiración: desde evocacións femininas asinadas por poetisas, para pasar a ciclos propios sobre Alberti e rematar con temas sobre poetas actuais sevillanos. Unha gran homenaxe á lírica amorosa, xénero eterno e atemporal unha estreita comuñón de poesía e música.

O PIANISTA E COMPOSITOR: BORJA MARIÑO
Da súa experiencia como mestre repetidor, que o levou polos principais teatros de ópera, deriva a súa vocación pola canción de concerto, sendo un dos preferidos polos intérpretes actuais do ámbito nacional e internacional, entre os que se contan Mariola Cantarero, Beatriz Díaz, Francisco Corujo, Marga Cloquell, Carolina Moncada, Rubén Amoretti, Santiago Sirur, Theresa Karcher e Elonora Deveze.

A SOPRANO: CAROLINA MONCADA
Debuta en 2009 recuperando a zarzuela *A galiña Cega* de F. Caballero coa que canta en multitude de teatros españois e estranxeiros. O seu interese polo xénero lírico nacional e a canción española lévaa a participar na recuperación de varios títulos de importantes zarzuelas descoñecidas e realiza diversas homenaxes a autores españois por encargo da SGAE ou da Biblioteca Nacional de Madrid.

Datas: 2 de abril de 2023
Lugar: Auditorio Fontán
Horario: 12:00 h.
Intérpretes: Borja Mariño e Carolina Moncada
Entradas: 5 €
Asistencia: 108 persoas



DÍA DA MÚSICA | Fillas de Cassandra

O primeiro dos grandes concertos do verán 2023 no Gaiás levou as Fillas de Cassandra á praza central da Cidade da Cultura para celebrar o Día Europeo da Música. O dúo vigués formado por Sara Faro e María SOA fixo vibrar as 900 persoas que asistiron a un concerto no que presentaron o seu primeiro traballo, *Acrópole*, un disco definido por elas como "un convite colectivo para reescribirmos a historia". Sempre desde unha ollada feminista e actual, os oito temas presentados transitan da emotividade ao desenfado vibrante, nunha aposta pola recuperación das melodías tradicionais mesturándoas co pop, a electrónica e mesmo coa música clásica. Todo iso zarrapicado de heroínas mitolóxicas e dunha actitude de ledicia militante.

O concerto de Fillas de Cassandra contou con varias sorpresas, como unha fermosa versión da canción *Negra sombra* —a adaptación que Amancio Prada fixo do poema rosaliano—, a interpretación dun tema entre o público ou a presenza de Guadi Galego, quen visitou o Gaiás para cantar un tema con elas e apoiar un dos proxectos emerxentes máis prometedores da música galega.

Datas: 24 de xuño de 2023
Espazo: Praza central
Horario: 21:00 h.
Acceso: Entrada libre e de balde
Asistencia: 900 persoas

ESCENAS DO CAMBIO 2023

O festival *Escenas do cambio* chegou neste 2023 á súa novena edición poñendo no centro a realidade e as transformacións sociais que nos atravesan tanto como no público como no privado. As identidades e os corpos, os afectos e os coidados como tema en moitas das propostas, e as personaxes marxinais, excluídas e vulnerables foron protagonistas.

Para materializar estas ideas, e novamente baixo a dirección artística da dramaturga Lola Correa, o programa incluía dez propostas de vangarda que indagaban na transversalidade da experiencia escénica, na danza e nas artes performativas, como parte dunha aposta permanente pola democratización da arte máis experimental. No mesmo fío, nesta edición dispúxose no espazo REGA 3 un espazo de encontro entre os diferentes axentes das artes escénicas que convidou á reflexión sobre a traxectoria da escena contemporánea desde comezos de século, a situación actual da escena, sobre e a creación de públicos, así como das dinámicas dos xa existentes, e sobre os retos aos que se enfrontan tanto programadores como creadores.

Na edición de 2023 participaron artistas de todos os eidos, como Matarile, Gustavo Ciríaco, Andrea Sonnberger Roberto García de Mesa, Kirenia Danza, Matías Daporta, Alberto Cortés, Yolanda Castaño, Silvia Penas, Xiana Arias, Nuria Vil e Nieves Neira, Nazario Díaz, Las Huecas e Sons-Nús/ CatroNubes .

A DIRECTORA

Lola Correa é artista escénica, creadora, docente, dramaturga e xestora cultural. Está licenciada en Dramaturxia e Dirección de escena pola RESAD (Real Escola Superior de Arte Dramática). Recibiu formación de danza e metodoloxía de artes na escena contemporánea con diferentes profesionais. Durante dezaseis anos dirixiu o Festival das artes escénicas de Vigo ALT (2002-2017).

Datas: Do 4 ao 6 de maio de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Biblioteca e Arquivo de Galicia
Galería de servizos
Sala Eisenman
Zona vella de Santiago de Compostela
Salón Teatro, Santiago de Compostela
Centro Galego de Arte Contemporánea
Entradas: 9 € exceptuando a performance de Nazario Díaz no CGAC que foi de entrada libre
Abonos: 25 €, con acceso a todos os espectáculos
Asistencia: 917 persoas

PROGRAMA:

XOVES, 4 MAIO

- 16:30 h. – *Aquí mentres camiñamos*, de Gustavo Ciríaco e Andrea Sonnberger. Performance polo casco vello de Santiago de Compostela.
- 19:00 h. – *Poco (o alguien dirá que nos equivocamos)*, de Roberto García de Mesa. Galería de servizos.
- 20:30 h. – *Afectos*, de Kirenia Danza. Sala 1, Museo Centro Gaiás.

VENRES, 5 MAIO

- 12:00 h. – Encontro Profesional Escenas do Cambio 2023. Espazo REGA 3.
- 12:30 h. – *Aquí mentres camiñamos,* de Gustavo Ciríaco e Andrea Sonnberger. Performance polo casco vello de Santiago de Compostela.
- 16:30 h. – *Aquí mentres camiñamos,* de Gustavo Ciríaco e Andrea Sonnberger. Performance polo casco vello de Santiago de Compostela.
- 17:30 h. – *Washington,* de Matías Daporta. Performance polo casco vello de Santiago de Compostela.
- 19:30 h. – *One night at the golden bar*, de Alberto Cortés. Sala 1, Museo Centro Gaiás.
- 21:30h. – *Fráxil: Handle with care*, de Matarile. Salón Teatro.

SÁBADO, 6 MAIO

- 12:00 h. – *Poescénicas*, con Yolanda Castaño, Silvia Penas, Xiana Arias, Nuria Vil e Nieves Neira. Percorrido realizado por diferentes espazos da Biblioteca de Galicia, da galería de servizos e o portalón do xardín do teatro.
- 12:30 h. – *Aquí mentres camiñamos*, de Gustavo Ciríaco e Andrea Sonnberger. Performance polo casco vello de Santiago de Compostela.
- 16:30 h. – *Aquí mentres camiñamos,* de Gustavo Ciríaco e Andrea Sonnberger. Performance polo casco vello de Santiago de Compostela.
- 17:00 h. – *Háblame, cuerpo*, de Nazario Díaz. Centro Galego de Arte Contemporánea.
- 19:00 h. – *Aquellas que no deben morir*, de Las Huecas. Salón Teatro.
- 21:30 h. – *Concerto final de festa,* de SONS-NÚS/CatroNubes. Sala 1, Museo Centro Gaiás.

ATARDECER NO GAIÁS

Consolidado como un dos eventos musicais para non perder no verán compostelán, o ciclo de concertos ao aire libre de *Atardecer no Gaiás* programou este ano 18 citas para alongar os solpores de xullo e agosto gozando da mellor música en vivo. O cartel incluíu estilos musicais moi diversos, mais con algo en común: a aposta pola creación e formación de novos públicos no eido musical.

Datas: Do 6 de xullo ao 31 de agosto de 2023
Espazo: Praza central (ou espazo interior alternativo en caso de choiva)
Horario: 21:00 h.
Patrocinio: Cervezas Alhambra
Acceso: Entrada libre e de balde
Asistencia: 11.435 persoas

Os grupos elixidos para o verán deste ano 2023 foron os seguintes:

- 6 de xullo: Juancho Marqués
- 7 de xullo: Rocío Saiz
  (adiado por mor das condicións meteorolóxicas)
- 13 de xullo: Dulzaro
- 14 de xullo: Biznaga
- 20 de xullo: Mariagrep
- 21 de xullo: San Salvador
- 27 de xullo: Madalena Gamalho
- 28 de xullo: Jéssica Pina
- 3 de agosto: Catuxa Salom
- 4 de agosto: Kyr4
- 10 de agosto: Bejo
- 11 de agosto: Lontreira
- 17 de agosto: Faíscas e Xa'lum (Xuventude Crea)
- 18 de agosto: Parquesvr
- 24 de agosto: Júlia Colom
- 25 de agosto: Moura
- 30 de agosto: Ben L'Oncle Soul
- 31 de agosto: Natalia Lacunza

ÓPTICAS CONTEMPORÁNEAS | A música reborda o pentagrama

Ciclo de tres concertos que achegan ao público a música clásica desde unha perspectiva innovadora e contemporánea. En 2023, *Ópticas contemporáneas* trouxo á Cidade da Cultura unha ópera con compoñentes visuais e mesturas electrónicas, unha composición contemporánea de Vivan e Ketan Bhatti interpretada pola Real Filharmonía de Galicia, e un pianista do "indie clásico".

MIGUEL AZGUIME – UN RISO PARA CHORAR

Datas: 29 de outubro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, Andar -1
Horario: 19:00 h.
Entradas: 5 €
Intérpretes: Camila Mandillo, Andrea Conangla, André Henriques, Jade Mandillo
Músicos: Sond'Ar-te Electric
Asistencia: 150 persoas

O compositor lisboeta Miguel Azguime visitou a Cidade da Cultura cunha reflexión sobre o poder hexemónico de destrucción da memoria e de devastación da Terra. Tamén cavilaba sobre o colapso da propia humanidade no contexto dun mundo globalizado. A ópera desenvolvíase na fronteira entre o soño e a realidade, entre o visible e o invisible, entre o riso e o pranto. Un teatro metafísico que pon no escenario arquetipos eternos a través de cinco personaxes e de sete instrumentos acústicos con medios electrónicos en tempo real.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA + DJ MIL – FLYING PICTURES OF AN EXHIBITION

Datas: 03 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, Andar -1
Horario: 20:00 h.
Entradas: 5 €
Compositores: Vivan e Ketan Bhatti
Músicos: Real Filharmonía de Galicia (dirección musical e artística Baldur Brönnimann) e DJ Mil
Asistencia: 215 persoas

A Real Filharmonía de Galicia conseguiu casar neste concerto dous formatos nun principio tan aparentemente distantes como son a música clásica e a electrónica, coa inestimable colaboración de DJ Mil. *Flying pictures* de Mussorgsky foi o punto de referencia para unha nova composición e interpretación contemporánea a través da visión de Vivan e Ketan Bhatti. A peza, foi interpretada baixo a dirección de Baldur Brönnimann, e creada orixinalmente para unha colaboración co grupo de danza Flying Steps.

FEDERICO ALBANESE – DAYS OF PASSAGE

Datas: 26 de novembro de 2023
Espazo: Auditorio Fontán
Horario: 19:00 h.
Entradas: 5 €
Intérprete: Federico Albanese
Asistencia: 227 persoas

O compositor, pianista e produtor italiano Federico Albanese foi o encargado de pechar o ciclo *Ópticas contemporáneas* co seu EP, *Days of Passage,* estreado recentemente. Albanese incorporaba nas súas paisaxes sonoras de piano elementos de guitarra, baixo, violín e electrónica, mesturando música clásica, pop alternativo e psicodelia

02.6 / EN FAMILIA

NADAL NO GAIÁS 2022-2023 | O bosque de papel

No Nadal 2022, o Hall de Tirantes quedou convertido nun bosque de papel con figuras realizadas mediante a técnica do origami, fuxindo da habitual decoración nórdica para centrarse nunha decoración relacionada coa contorna galega. Con ese obxectivo, colocáronse diferentes figuras de papel e cartón en forma de árbores de cor branca e unhas figuras máis pequenas en forma de flores e pequena fauna autóctona. Todas estas figuras estaban iluminadas con focos de cores para darlles unha ambientación máis acolledora.

Ademais, neste espazo tamén era posible acceder a árbore de madeira do Gaiás, vestida de diferentes cores grazas ás diferentes figuras de origami realizadas a gran tamaño (como estrelas, gacelas, bólas...). Tamén se podía atopar o "Mural dos desexos", espazo no que o público asistente podía colocar un corazón de papel creado por elas e eles mesmos.

O 16 de decembro asistiu o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Román Rodríguez, para proceder á inauguración do espazo e ao acendido das luces de Nadal do Gaiás. Posteriormente, realizáronse os primeiros obradoiros de papiroflexia para público infantil. Unha chocolatada para as persoas asistentes puxo o broche final á tarde de apertura do Nadal.

Datas: Do 16 de decembro de 2022 ao 6 de xaneiro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes
Horario: De luns a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Concepto e deseño: Anaquiños de Papel. Cristina Velasco
Público: Todos os públicos
Asistencia: 1.777 persoas en 2023. (4.562 persoas en total)

PEQUEFILMES

O primeiro grande evento do ano 2023, alén das actividades do Nadal, foi a sétima edición do festival de curtametraxes infantís *Pequefilmes*, que ofreceu unha escolma de 65 filmes de animación dirixidos ao público infantil e pensados para gozar en familia. Ademais das proxeccións en sala, o festival mantivo a posibilidade de ver os filmes en liña a través da plataforma FestHome. Esta modalidade híbrida, que deu comezo en 2021 para adaptarse ás restricións da pandemia, permitía ampliar o público do festival a escala estatal e internacional.

O programa estivo dividido principalmente en dúas seccións: Vagalumes, composta por pezas dirixidas a nenas e nenos de ata 3 anos, e a sección competitiva Vacalouras, para nenos e nenas a partir dos 4 anos de idade. O cineasta Marcos Nine impartiu unha serie de obradoiros para nenas e nenos a partir de 5 anos que afondaban na técnica de animación Go Motion.

Fóra de concurso, *Pequefilmes* ofreceu a posibilidade de ver outras 25 curtametraxes en colaboración cos Festivais Clermont-Ferrand e IndieJúnior que concentraban o mellor do proxectado na última edición de cada un dos certames.

PREMIOS DO PÚBLICO

As nenas e nenos asistentes ás proxeccións da sección competitiva Vacalouras foron os encargados de decidiren, mediante os seus votos, o palmarés da sétima edición de Pequefilmes, que nesta ocasión repartiu un total de 1.800 € en premios ás tres curtametraxes mellor valoradas.

Así, a peza máis votada foi a francesa *Code Rose*, curta dirixida por Taye Cimon, Pierre Coëz, Julie Groux, Sandra Leydier, Manuarii Morel e Romain Seissonrecibiu que recibiu 1.000 € de premio. Pola súa banda, a británica *Earlybird*, de Daniel Fitzgerald, foi a segunda curtametraxe mellor valorada, polo que obtivo 500 € dun premio que foi patrocinado por Gadis. Os 300 euros restantes conformaban o importe do terceiro posto, que foi para *Operation pere Nöel*, do belga Marc Robinet.

Datas: 28 e 29 de xaneiro de 2023
Espazo: Biblioteca e Arquivo de Galicia, Auditorio Neira Vilas, Aula 1 e Espazo Off
En liña: Plataforma FestHome
Horario: De 11:30 a 14:00 h. e de 16:30 a 19:00 h.
Entradas: Sesións presenciais das Seccións Vacalouras e Vagalumes: 3€/persoa
Sesións presenciais dos programas especiais Clermont Ferrand e IndieJúnior: de balde
Obradoiros: 3€/neno/a + persoa adulta acompañante
Sesións en liña individuais: 3€
Abono en liña para todo o festival: 15€
Dirección: Jorge Rivero
Público: Vagalumes: de 0 a 3 anos
Vacalouras: a partir de 4 anos
Obradoiro maiores de 5 anos acompañados dunha persoa adulta
Asistencia: Presencial: 1.484 persoas
Seguimento en liña: 18 espectadores únicos

BAILE DE ENTROIDO
Unha viaxe no tempo con Pakolas e Ramona Órbita

En 2023 retomouse de novo o tradicional Baile do Entroido no Gaiás, dirixido ao público familiar, que neste caso consistiu nunha viaxe polas diferentes épocas do tempo. Así, o Museo Centro Gaiás encheuse de divertidas personaxes pertencentes a diferentes épocas do tempo como dinosauros, robots, faraóns, cavernícolas, pintores/as renacentistas, cabaleiros medievais, piratas e viaxeiros e viaxeiras do tempo de todo tipo.

Paco Pakolas e Ramona Órbita, a avoa do Courel, cantaron e bailaron todas as súas aventuras dende o futuro ata o Cretácico, coa compañía de Laura Romero que foi quen de ir ilustrando as personaxes de todas as cancións rockeiras.

Un gran desfile e concurso de disfraces, no que as persoas gañadoras foron obsequiadas cun lote de libros, puxo o broche final a unha completa tarde de Entroido, na que tamén se contou coa animación dun DJ e cun posto de doces típicos de Entroido nos que poder coller forzas para seguir gozando.

Datas: 20 de febreiro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, Andar -1
Hora: Ás 16:30 h.
Entradas: 3€
Público: Para todas as idades
Asistencia: 500 persoas

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER | Obradoiro 8 Mulleres

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, realizouse o obradoiro familiar *8 Mulleres*, unha proposta realizada por Arkhé Espazo Educativo que achegaba o público familiar de xeito lúdico e didáctico á obra de 8 mulleres galegas de relevancia ao longo dos séculos XX e XXI: Maruja Mallo, Pamen Pereira, Soledad Penalta, Almudena Fernández, Berta Cáccamo, Lolita Díaz Baliño, María Xosé Díaz e Menchu Lamas.

Tomando como referencia as obras destas mulleres, creáronse diferentes instalacións artísticas de xogo pensadas para favorecer a autonomía e aprendizaxe dos nenos e nenas a través da experimentación. De cada artista escolleuse unha ou varias obras que serviron para que a cativada transformase as instalacións a través do movemento, a manipulación e a experimentación para desenvolver a súa creatividade.

Desta maneira, a intención era facer visible e darlle relevancia ao papel da muller no mundo das artes plásticas, sendo así unha experiencia cargada de simbolismo que incide na importancia de tecer redes.

Datas: 11 de marzo de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, Andar -1
Horario: 17:30 h.
Acceso: De balde, previa inscrición
Idades: De 4 a 9 anos
Asistencia: 32 persoas

DÍA MUNDIAL DO CIRCO | Espectáculo Doppio Zero

A Cidade da Cultura celebrou o Día do Mundial do Circo cun espectáculo para toda a familia a cargo de Luca Sartor e Katharina Grüner, membros da compañía Carpa Diem, que levaron á escena a función *Doppio Zero*.

O espectáculo ambientado na Italia dos anos 50 do século pasado, incluía disciplinas circenses como a acrobacia de chan, o mastro chino, os malabares, a bicicleta acrobática e o clown. Os protagonistas da historia, a parella formada polo soñador Tuli e a a entusiasta Vroni, encheron de maxia, sorrisos e sorpresas un día aparentemente simple.

A COMPAÑÍA

Carpa Diem nace do encontro de dous educadores e profesores de circo italianos. Luca Sartor e Katharina Grüner, coñécense no ano 2012 en Kenya, nun proxecto de Circo Social con cativada da rúa. Pouco despois deciden continuar a súa formación artística xuntos, graduándose posteriormente na Escola de Circo Carampa de Madrid, onde se fundou a compañía en 2015.

Datas: 22 de abril de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Horario: Ás 17:00 h.
Entradas: 5 €
Idades: Para todas as idades
Compañía: Carpa Diem
Asistencia: 296 persoas

DÍA DAS LETRAS GALEGAS | Letras e Lugares comezan por L

No ano 2000, o intelectual e divulgador galeguista Francisco Fernández del Riego publicou *A pegada das viaxes*, un caderno de bitácora das viaxes que realizou por París, Bordeos, Xénova, Roma, Monte Cassino, Ámsterdam, Salamanca ou Río de Xaneiro. Con sensibilidade exquisita e unha ollada impresionista, o autor introducía de cheo o lector na paisaxe de cada itinerario.

Co obxectivo de achegar a figura do homenaxeado e promotor do Día das Letras Galegas ao público máis novo, a Cidade da Cultura organizou un obradoiro no que nenas e nenos a partir de 3 anos realizaron o seu propio caderno de bitácora mesturando lembranzas e novas historias mediante diferentes técnicas artísticas. Así, convertéronse en viaxeiros e protagonistas da súa propia historia e plasmaron no seu caderno, o memos ca Francisco Fernández del Riego, as pegadas dunha viaxe, a que neste caso fixeron unha tarde polos espazos verdes do monte Gaiás.

Datas: 13 de maio de 2023
Espazo: Espazo REGA 4
Horario: 17:00 h.
Entradas: 3 €
Idades: A partir de 3 anos
Asistencia: 21 persoas

DÍA DO MEDIO AMBIENTE

Como parte das actividades conmemorativas do Día do Medio Ambiente, organizouse unha serie de obradoiros dirixidos a toda a familia que tiñan como obxectivo concienciar e promover un estilo de vida máis respectuoso coa nosa contorna.

Obradoiro | OS CONSUMIDORES SOMOS NÓS

"Os consumidores somos nós" foi o primeiro deses obradoiros, que finalmente non puido ser celebrarse por mor das fortes treboadas que esa fin de semana bateron na nosa comunidade. Facilitado polas xestoras da Cooperativa SomosTerra, o obradoiro poñía o foco na produción e o consumo responsables de xeito lúdico a través dun xogo no que cada persoa participante debía realizar unha compra ficticia tendo en conta criterios de sostibilidade, económicos e sociais.

Obradoiro | O COIDADO DA NATUREZA

O último dos obradoiros familiares que promoveron un maior respecto polo ecosistema cunha perspectiva lúdica e educativa foi "O coidado da natureza", un xogo no que as nenas e nenos participantes deviñeron en investigadoras nunha divertida mestura de misterio e medio natural.

O misterio iniciábase coa aparición dunha vítima desaparecida por causas naturais ou causadas pola especie humana. Cada participante debía investigar a todas as personaxes que desenvolven un labor no mundo rural, como labregos, biólogos, gandeiros ou mesmo excursionista co obxectivo de atopar a causa ou a persoa causante desa desaparición.

Datas: 3 e 4 de xuño de 2023
Espazo: Xardín literario e Espazo REGA 4
Entradas: 3 €
Público: Familiar
Patrocinio: Viaqua
Asistencia: 36 persoas

Obradoiro | XOGO DE BUSCA

O segundo dos obradoiros familiares en conmemoración polo Día do Medio Ambiente foi un xogo no que os máis pequenos da casa debían buscar unha serie de animais, plantas, verduras, froitas e moito máis coa axuda dos membros da súa familia. Deste xeito, as nenas e nenos a partir de 3 anos puideron adquirir todo tipo de información sobre as plantas, froitas e animais que poboan a nosa contorna.

O que semellaba doado converteuse en todo un reto, tendo en conta o habituados que estamos a ver e a mercar especies animais e vexetais orixinarias doutros países, ou mesmo doutros continentes, co risco que iso supón para o ecosistema autóctono.

PIONEIRAS, CAMPAMENTO URBANO | Corresponsables no Gaiás

Dentro das medidas previstas no Plan Corresponsables, a través da Secretaría Xeral de Emprego e Igualdade, celebráronse unha serie de actividades para favorecer a conciliación das familias con menores, así como a satisfacción das súas necesidades de coidado.

O campamento urbano *Pioneiras*, a primeira desas actividades, foi concibido como un programa para aprender xogando no que a arte, a literatura, a ciencia, a exploración, a música e a loita polos dereitos tiveron cabida baixo a forma de xincanas, xogos cooperativos, escritura creativa, obradoiros de pintura e manualidades e mesmo creación de graffitis.

Cada quenda serviu para coñecer e descubrir mulleres que salientaron no deporte, na música, na ciencia ou na literatura, como a correspondente de guerra Sofía Casanova, a piloto María Teresa de Filippis, a médica e enxeñeira Mae Jemison, a editora Mª Luz Morales ou a xornalista e precursora do traballo social Concepción Arenal, entre moitas outras.

Este campamento contou con catro quendas diferenciadas en dúas franxas de idade; unha para menores de 4 a 8 anos e outra para nenas e nenos de de 9 a 14 anos.

Para facilitar a conciliación, todas as quendas contaron cun servizo Madruga entre as 8:00 h. e as 10:00 h., un espazo onde deixar a cativada antes da hora de comezo das actividades propiamente ditas, que se desenvolveron entre as 10:00 h. e as 15:00 h.

Datas: Do 26 de xuño ao 8 de setembro de 2023
Quendas: 1ª quenda: do 26 ao 30 de xuño
2ª quenda: do 3 ao 7 de xullo
3ª quenda: do 28 de agosto ao 1 de setembro
4ª quenda: do 4 ao 8 de setembro
Espazo: Espazos REGA 1 e 3
Edificio Fontán
Espazos verdes
Horario: De 8:00 a 15:00 h.
Público: Grupos de 4 a 8 anos e de 9 a 14 anos
Inscricións: 30 € (incluíndo o servizo Madruga)
Asistencia: 160 persoas

VERÁN NO GAIÁS 2023

Datas: 28 de xuño, 4, 12 e 18 de xullo de 2023
Horario: 20:00 h.
Acceso: Entrada libre e de balde
Público: Familiar
Asistencia: 3.333 persoas

MAGIC SPACE
A MAXIA DAS ESTRELAS: PEDRO VOLTA

Datas: 28 de xuño
Espazo: Praza Central
Asistencia: 400 persoas

Durante o verán de 2023 programáronse catro actividades en grande formato dirixidas ao público familiar. A primeira delas foi un espectáculo de maxia protagonizado polo ilusionista galego Pedro Volta.

Volta levou á Praza Central da Cidade da Cultura unha proposta moderna e urbana coa que sorprendeu a propios e alleos cunha serie de insólitos e modernos efectos de maxia. Ademais simulou algún dos adestramentos que realizan os astronautas antes de partir cara ao espazo exterior grazas a un aparello colgado dun guindastre inspirado nas sondas espaciais *Voyager* I e II que deseñou o histórico astrofísico Carl Sagan.

Logo dunha intensa sesión de maxia, as 400 persoas asistentes marcharon cunha lección aprendida: *aínda que non as vexas, a maxia das estrelas sempre está aí fóra*.

ROCK EN FAMILIA: QUEENMANIA

Datas: 4 de xullo
Espazo: Xardín do Teatro
Asistencia: 1.133 persoas

A segunda das actuacións trouxo ao Gaiás a maxia do grupo Queen nun concerto didáctico para a cativada presentado polo Oso Rosendo e dos nostálxicos concertos do ciclo "Rock en Familia" Foi un espectáculo no que se tratou de revivir a maxia da música en directo da banda, a cargo do grupo tributo Play the game. Durante o concerto trataron de reproducir con detalle a estética e o son da mítica banda.

ISTO É ROCK

Datas: 12 de xullo
Espazo: Praza Central
Asistencia: 500 persoas

Como continuación da cita anterior, o 12 de xullo o rock continuou con Isto é rock, un concerto didáctico da man de Javier Becerra e de Carolina Rubirosa que fixeron un repaso das principais bandas da historia do rock ata os nosos días.

LEMNISCATE: BIVOUAC

Datas: 18 de xullo
Espazo: Praza Central
Asistencia: 1.300 persoas

O peche do ciclo foi a cargo da compañía francesa de circo Bivouac na que tres personaxes bailan e fan acrobacias sobre un poste chinés, nun espectáculo que acaba sendo como unha escultura en movemento que afonda en sentimentos e xoga co espazo e co tempo. O espectáculo que viña de triunfar no festival de Aveiro foi estrea en Galicia.

EXPERIMENTIA DE VERÁN | Corresponsables no Gaiás

Concibido como un espazo lúdico no que cativas e cativos quedaban gozando e desenvolvendo a súa faceta máis artística mentres as súas familias realizaban outras actividades non adaptadas ás súas idades, *Experimentia* aproveitou a exposición de *Nicolás Muller. Vento Norte*, para que o feito fotográfico fose a liña condutora das 11 sesións programadas. Cun formato dividido en tres partes, as sesións incluían un obradoiro lúdico formativo, unha hora de xogos e, como principal novidade, un espectáculo de circo, maxia, música, monicreques ou contacontos que variou cada unha das sesións.

Datas: Do 11 ao 22 de xullo de 2023
Espazo: Espazo REGA 3
Horario: De martes a domingo, de 11:00 a 14:00 h.
Público: Nenos e nenas de 6 a 12 anos
Acceso: Entrada libre e de balde
Asistencia: 149 persoas

1ª SEMANA (11-16 de xullo)	**OBRADOIRO**	**EN ESCENA**	**XOGANDO**
Martes 11	Crebacabezas con fotografías	Ángeles Goás: *Un saco de contos*	Paseamos cun visor fotográfico construído por nós
Mércores 12	Crea o teu marco de fotos	Dani García: *A maxia de Dani García*	Facemos fotografías traballando o encadeamento
Xoves 13	Ilusións ópticas	Cé Orquestra: *A voar*	Facemos unha cámara chaveiro
Venres 14	Cores e emocións	Kote Malabar: *Cirkote*	Creamos un pendurador de fotos
Sábado 15	O vento e as fotografías	Patty Diphusa con: *Superharte*	Movementos mediante a música para plasmala na arte
Domingo 16	Figuras de barro, luz e foto	Tarabelos con: *Debulendo lendas*	Superposición de cores con papel celofán

2ª SEMANA (18-16 de xullo)	**OBRADOIRO**	**EN ESCENA**	**XOGANDO**
Martes 18	Colaxe retratos artísticos 3D	Pillabanda: *A árbore dos desexos*	Traballamos as emocións que aparecen nas fotos
Mércores 19	Superposición de imaxes	Rudi Dudi: *Clownamorado*	Teatro de sombras
Xoves 20	Manualidades partindo dunha foto	Vero Rilo: *Elas*	Traballamos a inspiración
Venres 21	Vidreiras de cores para ver os efectos na cor	Paco Nogueiras: *Brinca vai*	Álbum de fotos en pequenos, coidamos as nosas imaxes
Sábado 22	Observar os efectos da imaxe en movemento	Bandullo Azul: *Fazulas e o ladrón de paraugas*	Elaboración dun traumatropo (xoguete óptico)

EXPERIMENTIA DE OUTONO | Corresponsables no Gaiás

Nos meses de outubro e novembro, o programa *Experimentia* transformou o Museo Centro Gaiás nun laboratorio onde o artístico e o científico se mesturaban para que a cativada puidese trebellar libremente arredor da arte e experimentar coa luz, a sombra, cos volumes, coas palabras, coas cores e mesmo coas pedras.

Esta programación didáctica concibida como espazo creativo e de descubrimento, fixo posible a construción de cámaras estenopeicas, a investigación con láseres e espellos, a pescuda sobre o que os petróglifos contan sobre os nosos antepasados ou a elaboración de cadernos de viaxe.

PROGRAMA:

A temática das sesións xirou arredor das exposicións *Nicolás Muller*. *Vento Norte* e *Luz na Terra* e as actividades programadas incluíron a experimentación con proxeccións e volumes, a refracción, a cámara escura, o ceo nocturno, as letras, os topónimos, a tradición oral, ou a fauna e a flora autóctona galega.

Datas: Do 17 de outubro ao 18 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Datas: De martes a sábado distribuídas nas seguintes quendas:
Do 17 ao 21 de outubro
Do 24 ao 28 de outubro
Do 7 ao 11 de novembro
Do 14 ao 18 de novembro
Horario: De 15:30 a 20:00 h.
Idades: De 4 a 10 anos
Acceso: Entrada libre e de balde
Asistencia: 93 persoas

CIDADE IMAXINARIA

Tras catro anos de parón por mor da pandemia, este 2023 foi ano da volta desa gran festa chea de maxia e fantasía que é *Cidade imaxinaria*. O 9 de setembro o Gaiás despediu o verán en grande, na compaña de malabaristas, trapecistas, caixas máxicas, equilibristas, monicreques, saltimbanquis, clowns e fabulosas personaxes fantásticas de toda clase e condición, que regresaron para ateigar de diversión todos os recunchos da Cidade da Cultura.

A programación incluíu cinco espectáculos de pista en escenario fixo en varios pases, catro actuacións itinerantes e tres zonas de xogos e actividades con entretementos tradicionais e circenses, papaventos, xogos de enxeño, espazos para bebés e mesmo unha escoliña de circo.

ESPECTÁCULOS DE PISTA

- *The Incredible box* | Cía La Tal
  [de 12:00 a 12:45 e 19:15 a 20:00 h.]
- *Volov* | Co.Lectiu TQM
  [de 13:00 a 14:00 h.]
- *H* | Cía La Corcoles (Cataluña)
  [16:45 a 17:15 e 18:15 a 18:45 h.]
- *Jump Cut* | Double Take Cinematic Circus (Bélxica)
  [de 16:15 a 16:45 e de 18:45 a 19:15 h.]
- *Time to loop* | Dúo Kaos (Italia)
  [De 17:15 a 17:45 h e 18:45 a 19:15 h.]

ESPECTÁCULOS ITINERANTES

- *Fanfarria Káustika* | Káustika
  [De 11:30 a 12:00, de 16:00 a 16:30 e 19:45 a 20:00 h.]
- *Animacreques* | Catropés (Galicia)
  [de 12:45 a 13:45 e 17:30 a 18:30 h.]
- *O estraño caso do dentista da rúa Brasov* | Troula Animación (Galicia) [de 12:45 a 13:45 e 17:15 a 18:15 h.]
- *Tempus* | Visitants Teatre (Valencia)
  [de 16:30 a 17:00 e 18:15 a 18:45 h.]

ESPAZOS LÚDICOS

- Xogos tradicionais | Miudiño Sociedade Cooperativa (Galicia)
- Enginys Eko-Poètiks | Katakrak (Cataluña)
- Escoliña de circo | Pistacatro (Galicia)
- Circus Feria | Bambolea Producciones (Madrid)
- La Caixeta | Holoqué (Cataluña)
- El onírico interior | Holoqué (Cataluña)
- Exhibición de papaventos | Velaivai, Torbellino y Ventolera e PGKites (Galicia, Madrid, Valencia)
- Espazo multisensorial para bebés | Risotadas (Galicia)

Por mor das condicións meteorolóxicas desfavorables, Cidade imaxinaria tivo que adiantar a hora prevista do seu remate, coa conseguinte cancelación dalgún espectáculo ou dalgún dos seus pases.

Datas: 9 de setembro de 2023
Espazo: Zonas exteriores
Horario: De 11:00 a 14:30 h. e de 16:00 a 20:00 h.
Acceso: Entrada libre e de balde
Público: Familiar
Asistencia: 6.000 persoas

RETRETE CABARETE

Tras 17 anos de experimentación e creación visual coa compañía El Retrete de Dorian Gray, Ezra Moreno e Marco PTT fixeron unha compilación das súas mellores pezas curtas —creadas ad hoc ou extraídas dos seus espectáculos longos—, á que denominaron *Retrete Cabarete*. Con globos, fotografías e coas súas propias mans como únicas ferramentas, ambos os dous artistas conseguiron actualizar o espectáculo de variedades máis clásico adaptándoo a todos os públicos con grandes doses de humor. Tanto a cativada coma o público adulto congregado na Cidade da Cultura puideron dar fe da maxia transmitida por este pequeno gran cabaré que visitou xa vinte países de catro continentes.

A COMPAÑÍA

A compañía defínese a si mesma como "unha compañía que fai grandes shows con pequenos obxectos". Tras os seus espectáculos, hai un concienciudo traballo de investigación de monicreques desde ángulos pouco habituais. Construíndo mundos de papel, látex e tea, conseguiron desenvolver unha técnica propia de manipulación implicándose toda a compañía en cada fase da produción. Materialízanse en espectáculos sen palabras, cun especial interese na vangarda e na poética visual. A compañía naceu en Barcelona en 2006 e está integrada por Ezra (mago) e PTT (actor).

Datas: 7 de outubro de 2023
Espazo: Edificio CINC, Auditorio 1
Horario: 17:30 h.
Entradas: 5 €
Compañía: El Retrete de Dorian Gray
Asistencia: 173 persoas

ÓPTICAS PARA A CATIVADA | Corresponsables no Gaiás

Durante as tres fins de semana que se celebrou o ciclo musical de outono *Ópticas contemporáneas*. A música reborda o pentagrama, programouse un espazo alternativo para favorecer a conciliación familiar no que a cativada puido quedar xogando e experimentando coa música, ao tempo que as persoas adultas gozaban dos concertos.

Datas: 29 de outubro, 3 e 26 de novembro de 2023
Espazo: Espazo REGA 3
Idades: De 5 a 10 anos
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 60 persoas

A ÓPERA | EN PARALELO A UN RISO PARA CHORAR, DE MIGUEL AZGUIME

Datas: 29 de outubro de 2023
Horario: De 18:30 a 20:30 h.
Asistencia: 20 persoas

Coincidindo coa representación da ópera contemporánea *Un riso para chorar*, a cativada puido coñecer o que é un ópera e por que é especial. Así, utilizáronse elementos reciclados, valorando tamén o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

O PIANO | EN PARALELO AO CONCERTO DE FEDERICO ALBANESE

Datas: 26 de novembro de 2023
Horario: De 18:30 a 20:30 h.
Asistencia: 20 persoas

Aproveitando o concerto en paralelo do compositor, artista e intérprete italiano Federico Albanese, a derradeira sesión do programa estivo dedicada ao piano, permitindo á cativada coñecese os segredos deste instrumento, que a súa sonoridade e funcionamento. Este obradoiro foi un xeito de aprender, así mesmo, a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

A ORQUESTRA | EN PARALELO A FLYING PICTURES OF AN EXHIBITION, DA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Datas: 03 de novembro de 2023
Horario: De 19:30 a 21:30 h.
Asistencia: 20 persoas

En paralelo ao concerto *Flying pictures of an exhibition*, nenas e nenos achegáronse á peza orixinal que deu lugar a esta composición, aprendendo os conceptos básicos da orquestra e facendo, ademais, á súa propia exposición musical recorrendo a escenas, sons e ritmos, descubrindo as imaxes que propón a música descritiva.

OBRADOIROS DIDÁCTICOS LUZ NA TERRA | Corresponsables no Gaiás

No marco da exposición *Luz na terra* xorde a idea de organizar unha serie de obradoiros didácticos para a rapazada, que as familias poidan combinar coas visitas á exposición. Durante os domingos do mes de novembro, o Museo Gaiás converteuse nun taboleiro de xogo onde a rapazada descubriu e interpretou o mundo, experimentando con diferentes linguaxes e achegándose dun xeito lúdico á nosa historia e ao espírito aberto, integrador e científico do Seminario de Estudos Galegos.

Datas: 5, 12, 19 e 26 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2
Horario: De 11:00 a 13:00 h.
Idades: De 3 a 12 anos
Monitoras: Marina García López, Ana Álvarez Soto e Nicolás Filgueiras
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 79 persoas

O MUNDO INVISIBLE

Datas: 5 e 26 de novembro de 2023
Idades: De 3 a 7 anos
Asistencia: 40 persoas

O Museo Centro Gaiás converteuse nun mundo en si mesmo, cunha linguaxe e unha xeografía propias que nenos e nenas tentaron interpretar a través dun xogo de pistas. Investigadores miúdos e miúdas iniciaron un proceso creativo e de descuberta no que, de forma lúdica, se achegaron ás obras da exposición coa mesma paixón polo coñecemento do Seminario de Estudos Galegos.

O ESPÍRITO INNOVADOR

Datas: 12 e 19 de novembro de 2023
Idades: De 8 a 12 anos
Asistencia: 39 persoas

Coa exposición *Luz na Terra* como pano de fondo, nenos e nenas traballaron por equipos cun maletín de investigación expresamente no que se reúnen as ferramentas de especialistas de diferentes eidos. Levaron así a cabo a súa propia xeira de estudo, experimentando con diferentes linguaxes e disciplinas e descubrindo que calquera obxecto ou territorio se pode estudar desde múltiples perspectivas.

NADAL NO GAIÁS 2023-2024

YGGDRASIL

Datas: Do 15 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás. Hall de tirantes
Horario: De luns a domingo de 10:00 a 20:00 h.
Pechado 25 de decembro e 1 de xaneiro
Concepto e deseño: Createctura. Patricia G. Abraín
Asistencia: 3.064 persoas

A mediados do mes decembro de 2023 un mar de rizomas creados con material téxtil reutilizado inundaba o espazo do Hall de Tirantes abrazando a árbore de madeira do Gaiás e a cúpula visible desde o acceso principal do museo. Tratábase de *Yggdrasil*, unha instalación decorativa que conectaba o Nadal actual co da tradición nórdica como unha forma de volver ás raíces, retomar unhas celebracións máis sostibles e reconectar coa vertente máis libre e lúdica do ser humano.

Acompañando a árbore como eixe central, a instalación estendíase por un espazo poboado por cabanas xeométricas de tea e caixas luminosas coas que as persoas visitantes podían xogar e experimentar o poder transformador da luz, elemento que enchía o espazo de maxia cunha infinidade de matices en forma de reflexos, cores e contrastes entre luz e sombras.

CONCEPTO E DESEÑO:
Createctura, con Patricia G. Abraín á fronte, é un proxecto de investigación e innovación pedagóxica a través do deseño de espazos, a integración artística e o desenvolvemento da creatividade. Conta con delegacións en Cantabria, Galicia e Madrid. O seu principal obxectivo é investigar o potencial das linguaxes artísticas en relación á transformación de espazos de aprendizaxe. Desenvolve a súa actividade en todo tipo de contextos escolares, culturais e artísticos no ámbito internacional.

NADAL NO GAIÁS 2023-2024

LUGH! TERRITORIOS LUMINOSOS: SESIÓNS DE XOGO EN FAMILIA

Datas: 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2023
e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2024
Espazo: Museo Centro Gaiás, hall de tirantes
Horario: De 11:00 a 12:30 h .ou de 16:30 a 18:00 h.
Acceso: Entrada libre e de balde
Público: Para todas as idades
Asistencia: 1.882 persoas

As actividades familiares de Nadal programadas arredor da instalación *Yggdrasil* foron formuladas como sesións de xogo libre na súa mesma liña temática. Desde Createctura crearon un espazo pensado para experimentar cos límites mentais que asociamos a certos obxectos, pondo á disposición das familias todo tipo de materiais reutilizados, como pezas de madeira ou plástico, anacos de tecidos, refugallos electrónicos como teclas, lámpadas e formas translúcidas para xerar luces e sombras ou cabanas creadas a escala infantil. Todo disposto para crear e gozar en familia, compartindo e propiciando a creatividade e o pensamento crítico.



ANDERSEN, O PARRULO FEO

Datas: 29 de decembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Horario: 18:00 h.
Entradas: 5 €
Compañía: Títeres Etcétera
Asistencia: 306 persoas

A compañía granadina Títeres Etcétera trouxo ao Gaiás unha proposta escénica que combinaba en perfecta harmonía o espectáculo de contacontos, cun concerto de música en directo e o teatro de monicreques. *Andersen, o parrulo feo*, mergullounos nesta coñecida historia e tamén na infancia do seu autor, o escritor danés Hans Christian Andersen (1805-1875), quen sempre definiu este conto como a súa autobiografía. Deste xeito, a fábula do parruliño feo poñía sobre da mesa temas como o rexeitamento, o acoso, a inclusión e a aceptación dun mesmo.

A COMPAÑÍA

Etcétera foi fundada en Granada en 1981, por Enrique Lanz e Fabiola Garrido. Durante corenta e dous anos de experiencia consolidouse como unha das compañías máis recoñecidas do país no ámbito do teatro de monicreques. A excelencia e versatilidade do seu traballo son sinónimo de rigor e vangarda e os seus espectáculos caracterízanse pola súa poesía, estética e investigación (histórica, artística, técnica), motores clave que articulan cada proxecto. Isto permite que cada obra sexa voluntariamente diferente en estética e técnica ás anteriores, e que a renovación sexa permanente. Foi galardoada en 2014 co Premio Nacional de Artes Escénicas para a Infancia e a Xuventude outorgado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

02.7 / LETRAS E PENSAMENTO

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER | Bookcrossing 8M

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, organizouse un Bookcrossing na Cidade da Cultura. Durante unha semana as persoas puideron depositar e recoller libros en cinco puntos do Gaiás: a entrada do museo, o espazo ON, no vestíbulo do edificio Fontán e nas cafeterías do CINC e do Museo. Creouse así unha cadea de intercambio para compartir lecturas entre diferentes persoas, estando os libros relacionados dalgún xeito coa figura da muller, ben por seren as autoras, por ser de temática feminista ou por seren as protagonistas.

Para levar un rexistro dos libros que se foron intercambiando empregouse a páxina www.bookcrossing-spain.com anotando nela o código que se xera automaticamente no web, o que permite facer un seguimento do percorrido que vai facendo cada libro dende que é deixado nun dos puntos.

O punto de Bookcrossing do espazo ON empezou formando parte desta programación, pero rematou por ser un punto establecido na Cidade da Cultura de forma continuada para que o público que se achegue ao Gaiás poida seguir practicando esta actividade.

Datas: Do 6 ao 12 de marzo de 2023
Espazo: Diferentes espazos da Cidade da Cultura
Horario: De 8:00 a 22:00 h.

LETRAS GALEGAS NO GAIÁS | Francisco Fernández del Riego

RELECTURAS: ENCONTRO CO ALUMNADO

Datas: 12 de maio de 2023
Espazo: Biblioteca e Arquivo de Galicia, Auditorio Neira Vilas
Moderadora: Vanessa Glemsel
Centros participantes: Colexio Escolapios de Monforte e Colexio Labor
Participantes en rede: 66 persoas

Francisco Fernández del Riego estudou o bacharelato no Colexio Escolapios de Monforte de Lemos. Máis adiante, na década de 1940, desempeñouse laboralmente no colexio Labor. Co obxectivo de divulgar a obra do autor homenaxeado nas Letras Galegas deste ano, desta vez entre o público adolescente, convidouse ao alumnado de ambos os dous centros a celebrar un encontro compartindo lecturas, textos e impresións sobre a vida e obra de Fernández del Riego. O encontro tivo formato de programa televisivo e foi animado e moderado pola poeta Vanessa Glemsel, quen interactuou tanto cos 7 estudantes que subiron ao escenario como cos que quedaron nas butacas, espertando a súa curiosidade sobre o escritor.

A MODERADORA
Vanessa Glemsel é editora e poeta, graduada en estudos de galego e español na Universidade de Vigo, posgraduada en Xestión e planificación editorial, formouse en xestión cultural, improvisación teatral, técnica vocal, teatro, escritura creativa e creación poética.

RELECTURAS: LECTURA COMPARTIDA

Datas: Gravación: 13 de maio de 2023
Emisión: 17 de maio de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Escolma de textos: Malores Villanueva
Participantes: Participan na gravación 20 persoas
Seguimento en liña: 67 persoas

Co fin de lle dar visibilidade ao legado divulgativo de Francisco Fernández del Riego —e mesmo aos seus traballos de ficción como son *Na espera do amigo e O cego de Pumardedón*—, organizouse unha lectura compartida co gallo das Letras Galegas. O público visitante ao Museo Centro Gaiás foi convidado a sumarse á lectura dun texto do homenaxeado a partir dunha escolma elaborada por Malores Villanueva, profesora, editora, crítica literaria, membro da Fundación Penzol e doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela.

Esta lectura participativa foi gravada en vídeo para a difusión dunha peza audiovisual o 17 de maio, coa que dun xeito inclusivo e colaborativo, se achegou a vida e obra deste ensaísta fundamental á cidadanía.

02.8 / PROGRAMA DE VISITAS

VISITAS COMENTADAS ÁS EXPOSICIÓNS DO MUSEO GAIÁS

O programa de visitas comentadas do Museo Centro Gaiás está especialmente pensado para achegar o seu programa expositivo a toda a cidadanía dun xeito lúdico e divulgativo, da man do persoal especializado do servizo de Educación e Mediación do Museo. Estas visitas son programadas de xeito regular nas tardes dos días laborables e nas mañás e nas tardes dos días festivos, dependendo da época do ano, con reforzos especiais en épocas de maior afluencia de público.

Ademais, o servizo de Educación do Museo desenvolve un programa de visitas didácticas especialmente adaptadas e dirixidas ao alumnado de centros de ensino, adaptando os seus contidos aos diferentes niveis escolares. Por último, realízanse tamén visitas concertadas baixo demanda, dirixidas a públicos, a grupos ou a colectivos específicos aos que, polas súas características, non se adapte o programa regular de visitas do Museo.

En conxunto, o programa de visitas regulares, didácticas e concertadas ás mostras do Museo Centro Gaiás incluíu as seguintes exposicións:

Datas: Todo o ano 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 5.988 persoas
Programa regular: 1.951 persoas
Visitas concertadas: 563 persoas
Programa didáctico: 3.474 persoas

DE LUGARES E COUSAS

Datas: Do 21 de outubro de 2022 ao 16 de abril de 2023
Asistencia: 449 persoas

CAMIÑOS CREATIVOS

Datas: Do 10 de novembro de 2022 ao 9 de abril de 2023
Asistencia: 2.778 persoas

DETRÁS DO ESPELLO

Datas: Do 6 de marzo ao 25 de xuño de 2023
Asistencia: 1.004 persoas

LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA

Datas: A partir do 4 de xullo de 2023
Asistencia: 1.159 persoas

TRABALLO EN EQUIPO. RELATOS CONTEMPORÁNEOS DENDE A COLECCIÓN CGAC

Datas: Do 11 de xullo ao 14 de outubro de 2023
Asistencia: 254 persoas

NICOLÁS MULLER. VENTO NORTE

Datas: Do 14 de xullo ao 5 de novembro de 2023
Asistencia: 263 persoas

BARREIRO. O SILENCIO QUE CHOVE LUZ NA XANELA

Datas: A partir do 3 de decembro de 2023
Asistencia: 81 persoas (durante 2023)



VISITAS ARQUITECTÓNICAS E AOS ESPAZOS NATURAIS

As visitas arquitectónicas e aos espazos naturais supoñen un xeito novo de realizar unha descuberta do Gaiás: para abraiarse cunha breve panorámica da súa arquitectura, coñecer as liñas mestras do proxecto, así como os principais usos e fitos do complexo, as claves do seu funcionamento así como os espazos verdes que rodean o complexo arquitectónico. Na visita ensínanse diversos espazos explicando os seus usos e configuración, achegándose tamén a lugares non accesibles para o público habitual, como a galería de servizos subterránea que comunica o subsolo de todos os edificios.

Datas: Todo o ano 2023
Espazo: Varios espazos destacados do complexo arquitectónico
Asistencia: 4.720 persoas
Programa regular arquitectura: 1.395 persoas
Visitas concertadas á arquitectura e espazos verdes: 1.387 persoas
Programa didáctico arquitectura: 1.938 persoas

VISITAS ESPECIAIS EN FAMILIA | Nadal no Gaiás 2022-23

Atendendo á demanda de ocio do público familiar durante os días de Nadal programouse unha serie de visitas especiais aos espazos arquitectónicos da Cidade da Cultura e ás exposicións do Museo.

Nas visitas arquitectónicas as familias coñeceron os diferentes espazos a través dunha xincana de exploración e dun concurso de preguntas. Desta maneira, aprenderon en profundidade como se realizou a construción dos diferentes edificios do Gaiás e as súas características máis curiosas.

E nas visitas ás exposicións, partindo de seis pezas da mostra *De lugares e cousas* convidouse as familias a introducirse no mundo da arte contemporánea mediante diferentes obras de artistas de prestixio internacional.

Datas: Do 27 ao 30 de decembro de 2022
Do 3 ao 5 e o 7 de xaneiro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Horario: 11:30, 12:30 e ás 16:30 h.
Duración: 60 min
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Idade: A partir de 6 anos
Asistencia: 143 persoas

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS | A través do espello da tradición

O Consello Internacional dos Museos celebrou en 2023 o Día Internacional dos Museos arredor do lema *Museos, sustentabilidade e benestar*. Con este motivo, o Servizo de Educación e Mediación do Gaiás organizou unhas visitas especiais á exposición *Detrás do espello* centradas no traballo de descubrimento da cultura local galega por parte de personalidades internacionais.

A visita percorreu as biografías de sete protagonistas: Georges Chevalier, Anna Turbau, Cristina García Rodero, Man, Alan Lomax, Dorothé Schubarth, Stefan Zweig e Albert Einstei que se foron debullando por orde de aparición na mostra, profundando no seu traballo individual e na súa relación coa cultura galega.

Datas: 17, 18, 20 e 21 de maio de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3
Horario: 17:00 h.
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 80 persoas

DÍA DO MEDIO AMBIENTE

A TRAVÉS DO ESPELLO. VISITAS ESPECIAIS

Datas: 3 e 4 de xuño de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3
Horario: 17:00 h
Acceso: De balde previa reserva de praza
Asistencia: 30 persoas

No 50º aniversario do establecemento do Día Mundial do Medio Ambiente, vehículo das Nacións Unidas para fomentar a conciencia e a acción ambiental na sociedade, a Fundación Cidade da Cultura organizou unha nutrida serie actividades durante a fin de semana do 3 e o 4 de xuño. Dado que o lema deste ano foi "Por un planeta sen contaminación por plásticos", organizáronse dúas visitas comentadas especiais á exposición *Detrás do espello* centradas na perspectiva de persoeiros internacionais sobre a catástrofe ambiental provocada polo afundimento do *Prestige* que se podían ver na exposición, así como a evolución ambiental do noso país captada a través da arte de escultores e fotógrafos como Anna Turbau, Cristina García Rodero, Ruth Matilda Anderson ou Hamish Fulton.

PASEOS POLA BIODIVERSIDADE DO GAIÁS

Datas: 3 e 4 de xuño de 2023. Canceladas por condicións meteorolóxicas adversas e reprogramadas para 8 e 9 de xullo
Espazo: Zonas verdes da Cidade da Cultura
Horario: 11:30 e 17:00 h.
Acceso: De balde previa reserva de praza
Patrocina: Viaqua
Asistencia: 48 persoas

Programa de paseos concibido para dar a coñecer a diversidade da flora e da fauna no Gaiás en espazos como o xardín do Teatro, o xardín Literario, o Parque do Lago e o Bosque de Galicia. Os paseos pola biodiversidade celebráronse finalmente a fin de semana do 8 e 9 de xullo, por causa do mal tempo nas datas iniciais,e ofrecéronlle ao público dúas quendas por día, en horario de mañá e de tarde para achegarse aos espazos verdes do monte Gaiás.

ANDAINAS CON ARTE | Visitas especiais de verán

Na Cidade da Cultura, a arte traspasa os lindeiros físicos do Museo Centro Gaiás para converter todo o complexo nun enorme espazo expositivo. Nesta andaina guiada dunha hora de duración as persoas visitantes puideron visitar o Xardín Literario e o Bosque de Galicia para descubrir as obras e instalacións artísticas que se atopan nestes espazos verdes.

Na visita incluíronse as obras da cuarta edición do ciclo *Reb/veladas na paisaxe*, que convidaban á reflexión a través do xogo de escalas (*División simple de una roca de granito*, de Alberto Odériz), a reformulación de mitos e imaxinarios (O *caso de Palmira*, de Rebeca Lar) e a confrontación da ollada do público sobre si mesmo (*Facendo zapping*, de Diego Vidal). O percorrido levaba tamén as persoas visitantes a descubrir a intervención *Fitotario*, de Macarena Montesinos Fandiño nas Torres Hejduk e outras pezas como as instalacións *Deixa aquí os medos* de Alicia Framis, *Zapatos no camiño*, de Francisco Leiro ou *Metáforas. Pegadas dun percorrido*, de Alexandra R. Rey e Thomas Apostolou.

Datas: Do 4 de xullo ao 8 de setembro de 2023
Espazo: Zonas verdes da Cidade da Cultura
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Horario: 11:30 h.
Asistencia: 164 persoas

IOGA NO MUSEO
Un diálogo entre as formas do ioga e a arte contemporánea

Un xeito de achegarse á exposición *Traballo en equipo. 30 anos do CGAC no Museo Centro Gaiás* mediante unha sesión de ioga que dialoga entre esta disciplina milenaria e a arte contemporánea, tanto a través das pezas da mostra como do espazo arquitectónico do Museo Centro Gaiás.

O corpo humano é unha arquitectura que nos permite desprazarnos e relacionarnos co que nos rodea. Desde tempos inmemoriais, as creadoras e creadores emprégano como unidade de medida e como inspiración para a súa obra. Do mesmo xeito, o ioga permite conectar co noso corpo e coa natureza exterior, ás veces a través da imitación de formas e outras seguindo o seu espírito. Nesta actividade, o Museo Centro Gaiás converteuse nun refuxio onde experimentar a arte e o ioga como un só elemento, explorando o que teñen en común e facilitando unha comprensión máis fonda das obras e do noso corpo.

As sesións foron conducidas por Paula Toimil, integrante do Servizo de Educación e Mediación da Fundación Cidade da Cultura e profesora de ioga certificada.

Datas: 17 de setembro e 15 de outubro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Hora: 9:30 e 10:00 h. respectivamente
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 35 persoas

VISITAS ESPECIAIS ÁS EXPOSICIÓNS CON ARTISTAS E COMISARIADO

TRABALLO EN EQUIPO. 30 ANOS DO CGAC RELATOS CONTEMPORÁNEOS DESDE A COLECCIÓN CGAC

Datas: 23 e 30 de setembro, 14 de outubro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1
Horario: 12:00 h.
Duración: 90 min
Acceso: De balde previa reserva de praza
Asistencia: 44 persoas

Na recta final da exposición *Traballo en equipo. 30 anos do CGAC. Relatos contemporáneos desde a Colección CGAC* desenvolvéronse unha serie de visitas comentadas para descubrir a exposición da man do director do CGAC e comisario da mostra, Santiago Olmo, da tamén comisaria da exposición, Verónica Santos, así como de dous dos artistas que asinan algunhas das pezas exhibidas: Mónica Alonso e Jorge Perianes.

O obxectivo foi realizar un achegamento ao medio cento de obras, moitas delas de gran formato, para facer unha relectura da Colección CGAC a través dalgúns dos grandes temas do mundo contemporáneo: natureza e ecoloxía, diálogos co espazo e coa arquitectura, a idea de construción, o traballo, feminismos, miradas poscoloniais, ou a arte como curación.

CALENDARIO DE VISITAS:

- 23 de setembro: Santiago Olmo García comisario e director do CGAC
- 30 de setembro: Verónica Santos, comisaria.
- 14 de outubro: Mónica Alonso e Jorge Perianes, artistas

LUZ NA TERRA. O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, UNHA INSTITUCIÓN DE ALTA CULTURA

Datas: 17 e 24 de outubro e 7, 14, 21 e 28 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2
Horario: 17:00 h.
Duración: 90 min
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 106 persoas

O 17 de outubro, só cinco días despois da xornada en que se cumpriron 100 anos daquela andaina a Ortoño que deu comezo oficialmente á historia do Seminario, o comisario da exposición, Ramón Villares, abría este ciclo de visitas guiadas á exposición *Luz na Terra* impartidas polo equipo de comisariado da mostra e por diversos dos autores que colaboraron na súa publicación.

Así, a Ramón Villares seguírono ao longo do outono, nomes como os de María Xosé Fernández Cerviño, Miguel Anxo Seixas, Francisco Díaz-Fierros, Xosé Henrique Monteagudo e Eduardo Pardo de Guevara en visita conxunta con membros do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Todo co obxecto de que as persoas asistentes a estas visitas especiais puidesen coñecer máis fondamente o proceso de traballo e conceptualización da exposición e tamén o devir desta institución de espírito estudantil e afán investigador que marcaría de xeito determinante a modernización cultural e científica de Galicia.

CALENDARIO DE VISITAS:

- 17 de outubro: Ramón Villares, comisario e catedrático emérito de Historia Contemporánea da USC.
- 24 de outubro: María Xosé Fernández Cerviño, vicepresidenta do Museo do Pobo Galego.
- 7 de novembro: Miguel Anxo Seixas, presidente da Fundación Castelao.
- 14 de novembro: Francisco Díaz-Fierros Viqueira, presidente do novo Seminario de Estudos Galegos.
- 21 de novembro: Xosé Henrique Monteagudo Romero, atedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa. Instituto da Lingua Galega/USC.
- 28 de novembro: Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, coa coordinación do seu dire tor honorario Eduardo Pardo de Guevara.

PENSAR ANTES DE DISPARAR
Obradoiro fotográfico ao redor da exposición Nicolás Muller. Vento Norte

Como complemento ás actividades relacionadas coa exposición *Nicolás Muller. Vento Norte*, programouse unha actividade didáctica especial para que o alumnado de bacharelato e Formación Profesional descubrise o potencial creativo e transformador da fotografía.

Impartido pola recoñecida cineasta e fotógrafa Carla Andrade, o obradoiro *Pensar antes de disparar* propoñíase poñer en valor a reflexión e a mirada como principais ferramentas creadoras, de xeito que o alumnado comprendese as decisións e xestos dunha persoa profesional da fotografía á hora de capturar a realidade e tamén de aplicar esa nova mirada crítica á súa contorna.

CARLA ANDRADE

É licenciada en Comunicación Audiovisual, cun Máster en Artist's Film & Moving Image na Universidade Goldsmiths de Londres, ademais de en Filosofía pola UNED. Esta intersección entre os medios de expresión visuais e un terreo máis próximo á reflexión é precisamente unha das facetas que máis define o seu traballo. A súa obra presentouse de xeito individual en centros de arte contemporánea de Galicia e Euskadi, de xeito colectivo en museos e galerías de todo o mundo, en festivais internacionais de cine e fotografía e en países como EE. UU., Brasil, Alemaña, Reino Unido, Taiwán e Corea do Sur.

Datas: 31 de outubro e 7 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3
Horario: 10:00 e 12:00 h.
Acceso: De balde previa reserva dos centros de ensino
Duración: 120 min
Asistencia: 44 persoas



A ARTE TRAS OS EDIFICIOS DO GAIÁS
Visitas especiais do Nadal no Gaiás 2023-24

Durante o Nadal, a Cidade da Cultura convidou o público a un programa especial de visitas comentadas para entender as orixes artísticas e estéticas ocultas no deseño dos edificios do Gaiás da man de Miguel Ángel Cajigal, integrante do Servizo de Educación e Didáctica do Museo Centro Gaiás.

Neste novidoso percorrido, cheo de referencias á creación plástica do século XX, o público asistente puido coñecer de primeira man a influencia da arte de vangarda na arquitectura de Peter Eisenman; as pegadas de vangardas como o construtivismo, o futurismo, o neoplasticismo ou o minimalismo nos edificios do Gaiás; a fusión de Land Art e arquitectura materializada na Cidade da Cultura e a historia arquitectónica do proxecto orixinal.

Datas: 26, 27, 28 e 29 de decembro de 2023
Espazo: Diferentes espazos da Cidade da Cultura
Horario: 11:30 h.
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Duración: 60 min
Asistencia: 45 persoas

02.9 / ACTIVIDADES DIVULGATIVAS

O GALIVERSO

Galiverso é unha iniciativa da Xunta de Galicia que emprega as tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual co obxectivo de amosar o noso patrimonio material e inmaterial (artístico, industrial, arquitectónico, natural etc.) dun xeito diferente.

Dentro do *Galiverso* é posible subir no batiscafo virtual e explorar os fondos mariños da costa galega no *Galiverso somerxido*, ou viaxar polos 13 destinos de gran valor cultural, histórico e paisaxístico que ofrece o mapa do *Galiverso empeza aquí*, como a cripta do Apóstolo na Catedral de Santiago, o canón do Sil, a Torre de Hércules na Coruña e o templo romano de Santalla de Bóveda en Mera (Lugo), entre outros. Tamén viaxar ao pasado e camiñar polas rúas do vello Portomarín tal como eran antes de que a antiga vila fose anegada pola construción do encoro de Belesar.

Datas: De martes a domingo, do 20 de outubro de 2022 ao 31 de decembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Horario: De 11:00 a 14.30 h. e de 16:00 a 20:00 h.
Colabora: Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación da Secretaria Xeral da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.
Acceso: Entrada de balde
Asistencia: 10.991 persoas en 2023 (12.644 persoas en total)

O GALIVERSO EMPEZA AQUÍ

Datas: Do 20 de outubro de 2022 ata o 26 de marzo de 2023
Asistencia: 2.828 persoas

A través da realidade virtual, esta primeira instalación do *Galiverso* ofrecía a posibilidade de gozar de maneira accesible e respectuosa coa súa conservación de 12 experiencias diferentes nas catro provincias galegas, como viaxar en globo polo escarpado Canón do Sil, ollar A Coruña desde o alto da lanterna da Torre de Hércules, descubrir o templo romano de Santa Baia de Bóveda, ou entrar na cripta do Apóstolo ou acceder aos tellados da Catedral de Tui.

- O solpor dende o Faro de Fisterra.
- O interior da lanterna da Torre de Hércules, na Coruña.
- A cripta de Santiago Apóstolo, na Catedral de Santiago de Compostela.
- A muralla romana de Lugo.
- A torre de Xiá en San Paio de Narla, en Lugo.
- O templo romano soterrado de Santa Baia de Bóveda en Mera, en Lugo.
- O interior dunha palloza do Cebreiro, en Lugo.
- O Mosteiro de Santa María a Real de Oseira en San Cristovo de Cea, en Ourense.
- O canón do Sil entre as provincias de Ourense e Lugo.
- O Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, en Ourense.
- Os tellados da Catedral de Tui, en Pontevedra.

GALIVERSO DE NADAL

Datas: Do 2 ao 25 de xaneiro de 2023 e
do 15 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024

Asistencia: 2.204 persoas

Nova experiencia adaptada a nenos e nenas de entre 6 e 11 anos, cunha duración menor atendendo ás recomendacións de uso da realidade virtual para estas idades. Nela, a cativada puido entrar virtualmente na casa do Apalpador para fisgar como vive esta figura mítica do Nadal galego.

GALIVERSO SOMERXIDO

Datas: Do 5 de abril ao 19 de novembro de 2023

Asistencia: 6.385 persoas

Galiverso somerxido é unha experiencia de realidade virtual que percorre e explora a Galicia submarina dende o interior dun batiscafo virtual. Esta nova versión inclúe unha inmersión entre especies mariñas galegas e o paso dun rorcual, un paseo polo fondo menos profundo e un descenso á profundidade ata o *Achondo*, un barco afundido por naufraxio na Ría de Vigo no ano 1986.

GALIVERSO. O VELLO PORTOMARÍN

Datas: Do 21 de novembro ao 10 de decembro de 2023

Asistencia: 744 persoas

Galiverso. O vello Portomarín ofrece paseos virtuais pola antiga vila de Portomarín tal e como era antes de quedar asolagada polo río Miño en 1963 coa construción do encoro de Belesar. A reconstrución do vello Portomarían dentro do Galiverso partiu dun amplo e rigoroso traballo documental a partir das gravacións da época conservadas na Filmoteca de Galicia, planos e cartografías antigas, e as máis de 40.000 fotografías que atesoura José López, de Foto Pereira Portomarín.

BSO23 | BANDA SONORA ORIXINAL DA TÚA PAIXÓN

BSO23 supuxo un punto de encontro para as bandas e agrupacións musicais de Semana Santa das catro provincias galegas. Os obxectivos principais do devandito encontro foron complementar a súa formación, compartir experiencias e amosar o seu repertorio ao público interesado na conservación e difusión do patrimonio inmaterial, e na tradición musical que existe en Galicia arredor da Semana Santa.

En horario de mañá celebráronse tres charlas formativas impartidas por profesionais de recoñecido prestixio no eido da música confrade. Xa pola tarde, o público puido asistir á actuación en directo de cinco destacadas agrupacións de Viveiro e Ferrol.

Datas: 4 de febreiro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Horario: De 10:00 a 12:00 h. e de 16:00 a 19:30 h.
Acceso: Entrada libre e de balde
Asistencia: 456 persoas

PROGRAMA

— 10:00 — 12:00 h. | MASTERCHATS MUSICAIS

- 10:00 h. – Apertura do encontro
- 10:15 h. – MasterChat de Vento a cargo do director da Escuela Internacional de Corneta, Vicente Moreno
- 10:45 h. – MasterChat de Percusión, a cargo do director de RedeGaita, Jhonathan Ferreira
- 11:15 h. – MasterChat de Composición a cargo do director musical daBanda Sinfónica de Triana, Manuel Alejandro González Cruz

— 16:00 — 20:00 h. | MOSTRA DE MÚSICA CONFRADE

- 16:00 h. – Banda Naval (Viveiro)
- 16:30 h. – RedeGaita (Ourense)
- 17:30 h. – ENTREGA DE MENCIÓNS BSO23
- 18:00 h. – AMC Banda Ferrol da Confraría de Dores (Ferrol)
- 18:30 h. – AM Nosa Señora do Carme de Ferrol (Ferrol)
- 19:00 h. – Banda Nosa Señora da Misericordia (Viveiro)
- 19:30 h. – Clausura

MARÍA CASARES – PEDRO SOLER. COLLIOURE 1989
Centro Cultural Gaya Nuño, Soria

Para conmemorar a figura de Antonio Machado no 50 aniversario da súa morte, Pedro Soler, guitarrista de flamenco nado en Toulouse, convidou a actriz galega exiliada en Francia María Casares a poñer voz aos versos do poeta nun recital homenaxe ao escritor falecido. Da comuñón entre os textos de Machado, a voz de Casares e a guitarra de Soler naceu un recital inesquecible para o público asistente.

Trinta e tres anos despois dese evento, e coincidindo co centenario do nacemento da actriz, o Festival *Escenas do cambio* quixo lembrar ese concerto inaugurando a súa oitava edición coa exposición *María Casares – Pedro Soler, Collioure, 1989*. O festival comezaba así a súa andaina do ano 2022 reivindicando a María Casares como figura clave da vangarda escénica e conectando a súa herdanza coa creación contemporánea galega.

Tras a súa exhibición en 2022 na Cidade da Cultura, a mostra viaxou Soria en 2023, amosando no Centro Cultural Gaya Nuño obxectos e pezas inéditas das últimas xiras por Francia de María Casares, nas cales foi acompañada por artistas como o guitarrista Pedro Soler e Enrique Morente, entre outros. Dita exposición, comisariada pola programadora cultural coruñesa Carlota Ojea tamén incluía elementos como programas de man, carteis, artigos de prensa, revistas da época, fotografías, manuscritos da actriz e o disco *Amor Divino Amor Humano* gravado nos anos 60 e que contén versos do *Cantar de los Cantares* e poemas amorosos de autores como Quevedo e San Juan de la Cruz, entre outros.

Datas: Do 23 de febreiro ao 8 de abril de 2023
Espazo: Centro cultural Gaya Nuño, Soria
Comisaria: Carlota Ojea

A COMISARIA
Carlota Ojea deu os seus primeiros pasos no eido cultural traballando no Palacio da Ópera da Coruña, a súa cidade natal. Xestionou a xira española de Chavela Vargas, foi xefa de produción dos premios Max, e produciu o Festival Empower Music en Fuenlabrada. Actualmente dirixe a empresa de produción e distribución de eventos Que Arte.

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO
Clásicas desfeitas en liña

Co gallo da conmemoración do Día Internacional do Libro, púxose á disposición do público durante tres días e a través das canles dixitais da Cidade da Cultura en liña, un vídeo resumo do que foron os volumes 6, 7 e 8 de *Clásicas Desfeitas*, ofrecendo unha ollada renovada sobre o teatro clásico da antiga Grecia (*As dúas marxes de Antígona*) e os textos de dúas figuras literarias de primeira magnitude en Galicia e México: Rosalía de Castro e Sor Juana Inés de la Cruz, protagonistas de *Canta máis luz, máis sombra*.

Datas: 23 de abril de 2023
Espazo: En liña, nas canles dixitais da Cidade da Cultura
Compañías: El Mura
Compañía Nacional de Teatro de México
Colabora: Centro Dramático Galego



DÍA INTERNACIONAL DA DANZA
Bailador

A Cidade da Cultura celebrou o Día Internacional da Danza co espectáculo *Bailador*, unha peza de danza galega contemporánea coa que Óscar Cobos Compañía de Danza puxo en escena a nove bailadoras ao son das músicas de Berrogüetto co obxectivo de render unha dobre homenaxe: á raíz da nosa danza tradicional e á traxectoria dun grupo que soubo reinventar a música galega.

Esta obra coreográfica reivindicaba o papel fundamental da muller como preservadora das formas tradicionais da nosa cultura popular e patrimonio inmaterial. Segundo o seu director, a peza procuraba ser unha "mostra de admiración e de agradecemento a todas as mulleres que transmitiron a nosa danza tradicional, malia non atrevérense a levar o baile por temor ao rexeitamento nos seus círculos sociais".

O espectáculo estaba previsto no Auditorio do Xardín do Teatro ao aire libre pero por mor do mal tempo tivo que mudarse a localización para o andar -1 do Museo Centro Gaiás.

Datas: 29 de abril de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Horario: 20:30 h.
Acceso: Entrada libre e de balde
Compañía: Óscar Cobos Compañía de Danza
Asistencia: 156 persoas

A COMPAÑÍA
Bailador, mestre, director, coreógrafo, produtor e investigador, Óscar Cobos comeza a súa andaina no eido do baile popular tradicional galego na A. F. Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela no ano 1988. Impartiu clases de danza tradicional nos centros galegos de Nova York, Nova Jersey e Connecticut e na Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina. A súa compañía reinterpreta o baile galego dende múltiples miradas, sen esquecer en ningún momento o respecto coa herdanza adquirida.

DÍA DO MEDIO AMBIENTE | HOLI GAIÁS

A 5ª edición da *Holi Gaiás* volveu encher a Cidade da Cultura de cor e deporte para festexar o Día do Medio Ambiente. Unha divertida proposta para pasar unha xornada en familia ou coas amizades coñecendo as zonas verdes do monte Gaiás e realizando unha actividade saudable cunha carreira de 5 km e coa realización dunha coreografía musical.

Trátase dunha carreira máis lúdica ca competitiva, pensada para festexar as últimas semanas da primavera cunha explosión de música e cores inspirada no Festival Holi da India. Malia todo, a carreira contou con tres premios simbólicos para os e as gañadoras de cada unha das categorías (masculina e feminina, en modalidade adulta e infantil).

Datas: 3 de xuño de 2023
Espazo: Praza central e espazos verdes da Cidade da Cultura
Horario: De 12:00 a 14:00 h.
Inscrición: 5€/persona, a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo
Patrocina: Viaqua
Colabora: Federación Galega de Atletismo
Coca-Cola
Gadis
Asistencia: 698 persoas

DÍA DO MEDIO AMBIENTE | IOGA NO GAIÁS

Como parte das actividades conmemorativas do Día do Medio Ambiente no Gaiás, Paula Toimil, integrante do Servizo de Educación e Mediación da Fundación Cidade da Cultura e profesora de ioga certificada, impartiu unha clase de ioga coa que 30 persoas tiveron a oportunidade de comezar o día dun xeito diferente, exercitando o seu corpo e relaxando a súa mente nun marco natural como o Parque do Lago.

A actividade, que gozou dunha alta participación esgotando as reservas en menos dunha semana, converteuse nunha atractiva ferramenta para dar a coñecer os espazos naturais da contorna do monte Gaiás.

Datas: 4 de xuño de 2024
Espazo: Parque do Lago
Horario: De 10:00 a 12:00 h.
Acceso: De balde previa reserva de praza
Patrocina: Viaqua
Asistencia: 30 persoas



VI FESTIVAL DE BANDAS INFANTÍS E XUVENÍS DE GALICIA

Por sexto ano consecutivo, o Gaiás volveu acoller o Festival de Bandas Infantís e xuvenís que organiza a Federación de Bandas de Galicia. A través deste encontro quérese dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música populares da Comunidade.

Datas: 1 de xullo de 2023
Espazo: Andar -1, Museo Centro Gaiás, andar -1
Horario: De 11 a 20:30 h
Acceso: Entrada libre e de balde
Organiza: Federación Galega de Bandas de Música Populares
Asistencia: 1.000 persoas

PROGRAMA

- 11:00 h. | Apertura institucional e interpretación conxunta do Himno Galego [no Xardín do teatro]
- 11:30 h. | Banda da Escola de música de Xinzo (Ponteareas)
- 12:00 h. | Banda Xuvenil de Vilatuxe
- 12:30 h. | Chiquiband - Agrupación Musical da Limia
- 13:00 h. | Banda da escola de música de Vilaboa
- 13:30 h. | Banda-Escola de Música de Barro
- 14:00 h. | Minibanda de Vilalba

-

- 16:30 h. | Banda de música Santádega
- 17:00 h. | Banda infantil Unión Musical de Meaño
- 17:30 h. | Banda xuvenil da Escola de música de Salvaterra
- 18:00 h. | Banda infantil ACM Sementeira de Narón
- 18:30 h. | Banda Escola da Unión Musical de Tenorio
- 19:00 h. | Banda Sinfónica Xuvenil Galega
- 20:00 h. | Entrega de diplomas e despedida

FRONTEIRIZAS | Camiño Escena Norte

Por segundo ano consecutivo, o Museo Centro Gaiás acolleu a clausura do ciclo *Camiño Escena Norte*, unha iniciativa que promove o intercambio cultural a través das artes escénicas, tomando como fío condutor as rutas históricas do Camiño de Santiago. Fíxoo coa estrea galega de *Fronteirizas*, unha obra autoficcional da compañía cántabra Mari Paula Dance & Perfomance, na que a bailarina, coreógrafa e xestora cultura brasileira Mari Paula aborda temas como a loita, o cansazo e a aceptación do fracaso.

A peza rompía a coiraza da linguaxe e do corpo da performer para transportar o público nunha experiencia na que a danza se fusionaba co texto, coa luz e coa experimentación sonora, creando imaxes dunha beleza cativadora cargadas de simbolismos e reflexións. O corpo como experimentación migrante, como representación estética que non pertence a un espazo concreto, movéndose entre as culturas de ambos os lados do océano.

Tras a función, e acompañadas por Andrea Quintana e Gena Baamonde (VACAburra), as persoas asistentes ao espectáculo tiveron a oportunidade de compartir impresións e charlar sobre o que acaban de ver coas artistas de Mari Paula Dance & Performance. Unha forma máis de acompañar o feito escénico cunha experiencia que enriquece, desde a mediación, a experiencia da relación espectador/a e espectáculo.

A quinta edición de Camiño Escena Norte ofreceu un total de 15 espectáculos en xira en 57 sedes repartidas entre as cinco comunidades autónomas participantes: Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra.

Datas: 22 de outubro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Horario: 19:00 h.
Acceso: Entrada de balde previa reserva de praza
Organiza: Camiño Escena Norte
Asistencia: 250 persoas

25N DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA
E se facemos clic? | Obradoiro de fotografía con perspectiva de xénero

Este ano polo 25N ofertouse un obradoiro para maiores de 60 anos, centrado na exploración das posibilidades emocionais da fotografía e na captura da diversidade que nos rodea. Impartido pola creadora audiovisual Lara Bacelo, o obradoiro proporcionou de maneira práctica e aberta técnicas e conceptos fotográficos, así como unha exploración do traballo de artistas relevantes en campos como a fotografía feminista, a diversidade, documental e o autorretrato.

O resultado do obradoiro presentouse ao público nunha exposición dixital que incluíu as fotografías realizadas durante as sesións. A exposición estivo aberta desde o 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia machista, ata o 28 do mesmo mes no Museo Centro Gaiás con acceso libre e de balde.

Datas: 17 e 20 de novembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 1
Horario: De 16:00 a 18:00 h.
Acceso: De balde, previa reserva de praza
Asistencia: 9 persoas

LARA BACELO
Naceu en Mos en 1981 e estudou Realización Audiovisual na EIS de Vigo. As súas primeiras creacións datan do ano 2002, entre as que figuran o documental *Ollos da cidade*, sobre a poesía de Fran Alonso e Kiko Neves. Recibiu o premio MIVICO 2007, da Mostra Internacional de Videocreación do Condado, á mellor creación galegoportuguesa polo traballo experimental *Carta dun domingo pola tarde*. Nese mesmo festival estreou o documental *Conversas con Deus* (2007) sobre a vida do poeta ponteareán Pastor Rodríguez. Logo da morte do artista *John Balan* realizou o documental para a Sala Nasa titulado *John Balan, detrás da porta* (2008), no que investigou sobre os aspectos esquecidos da biografía do pontevedrés. En 2012 gañou o Certame de Curtas para Rosalía da Asociación Socio-Pedagóxica Galega con *Vaguedades*. En 2018 dirixiu a longa documental titulada *Aquel sol de verán*, dispoñible no sitio web da CRTVG. Nos anos 2021 e 2022 foi distinguida co premio Mari Luz Morales ao mellor videoensaio internacional e galego, respectivamente. Na actualidade, prepara o guión dunha longametraxe e continúa investigado arredor do videoensaio.

03/ Emprender no Gaiás

O Centro de Emprendemento (CEM) do Gaiás é un espazo destinado a potenciar a creación e a consolidación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas. Desde a súa posta en marcha, o CEM está ao servizo das persoas emprendedoras, ofrecéndolles un espazo de traballo e apoiando o talento e a creación de cultura emprendedora en Galicia.

Xunto coa cultura, a tecnoloxía e a educación, a promoción do emprendemento innovador é un dos eixes nos que se asenta o traballo da Cidade da Cultura desde a súa creación. Con este propósito, púxose en marcha en 2013 o Centro de Emprendemento Creativo e continúa actualmente, na liña dos obxectivos do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2022-2027, procurando apoiar a creación e a consolidación de empresas dinámicas, competitivas e innovadoras.

↗ Espazo Gaiás Tech







ESPAZO DE TRABALLO

O Centro de Emprendemento do Gaiás estrutúrase actualmente en dous espazos diferenciados.

VIVEIRO GAIÁS

Un espazo independente e modular á medida de cada proxecto, no que as empresas e proxectos emprendedores poidan desenvolverse e medrar. Con acceso ilimitado no horario de apertura do espazo, mesa de traballo, mobiliario, e posibilidade de uso de zonas comúns como salas de reunións, espazo de escaparate/showroom etc.

ESPAZO DE COTRABALLO

Destinado a iniciativas emprendedoras, con 16 postos de traballo individuais dotados de mobiliario, conexións, e coa posibilidade de empregar salas de reunións privadas, espazos de formación, caixas de correo para a correspondencia postal ordinaria, destrutora de papel e unha zona común de descanso.



ALIANZAS, COLABORACIÓNS E CONVENIOS

Co fin de impulsar os apoios e a formación que reciben os emprendedores, o Centro de Emprendemento do Gaiás chegou a acordos de colaboración coas seguintes entidades públicas e privadas:

- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
- PEN CLUBE
- Axencia para a modernización tecnoloxía de Galicia (AMTEGA)
- AJE- Asociacións de jóvenes empresarios
- Academia Xacobea
- Fundación Castelao
- Fundación Paideia

ACTIVIDADES E EVENTOS

Para converter o Centro de Emprendemento nun espazo de referencia, o espazo acolle e organiza diversas actividades e eventos.

As empresas do Centro de Empredemento lideran unha parte destacada da programación de actividades e encontros. Ademais, tamén e frecuente o establecemento de alianzas e colaboracións entre elas, que se materializan en proxectos e iniciativas conxuntas, logrando así multiplicar o seu alcance.

Deseguido, sinálanse algúns dos eventos máis destacables do CEM no 2023.

PROGRAMACIÓN PROPIA DO CENTRO DE EMPRENDEMENTO

MAKER FAIRE GALICIA

Maker Faire Galicia, un evento híbrido que favorece a innovación tanto no eido social, coma no educativo e no profesional.

O evento estivo dividido en 4 xornadas cunha gran selección de proxectos, nos cales se incluíron referentes tanto nacionais coma internacionais nos ámbitos da educación STEAM (Science, Technology, Engineering, Arts e Mathematics), da intelixencia artificial, da arte, dos videoxogos, da biotecnoloxía, da enerxía, da divulgación científica e da innovación inclusiva.

1 DE XUÑO | XORNADA DE INDUSTRIA

Esta xornada contou, entre outros, coa presenza do arquitecto grego, Dimitris Petrotos, fundador de Solomon Ears e 3dsGR, inventor do taboleiro de 11 mm, o Medusa Bungaló e creador de Laddroller, un híbrido entre un exoesqueleto e unha cadeira con rodas.

Ademais de Dimitris, a xornada completouse con dúas mesas, unha sobre intelixencia e outra sobre biotecnoloxía, e pechouse coa presentación dun proxecto moi ilusionante no ámbito da enerxía.

2 DE XUÑO | XORNADA DE EDUCACIÓN

Na xornada específica dedicada ao ámbito da educación, estivo presente Samu, un maker de 13 anos de Gondomar coñecido como o príncipe do graffiti, e máis a divulgadora científica Eva Cabanelas. Neste día tamén se celebrou unha mesa no ámbito da inclusión, con varios referentes de ámbito nacional, así como a presentación dun dos proxectos IOT (Internet of Things), realizado polos alumnos máis destacados e máis premiados dos últimos anos.

3 E 4 DE XUÑO | XORNADAS ABERTAS

As xornadas dos últimos dous días estiveron dirixidas a todos os públicos. As persoas visitantes, ademais de poderen interactuar cos mellores proxectos do ecosistema maker a escala internacional, tiveron a oportunidade de asistir a charlas e obradoirosvariados.

PROGRAMACIÓN DE ENTIDADES E INSTITUCIÓNS ALIADAS: FUNDACIÓN PAIDEIA

EMPRENDEMENTO DE PROXECTOS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NO RURAL

O convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Fundación Paideia Galiza foi asinado co fin de colaborar na realización da segunda edición do coworking *Emprendemento de proxectos culturais e artísticos no rural*. Este acordo permitiu a realización de actividades para a promoción e dinamización da cultura e o emprendemento no ámbito rural de Galicia.

En virtude deste acordo, cedéronse de balde os seguintes espazos:

- **Espazo formativo Sala OFF**
  - Todos os venres do 3 de marzo de 2023 ao 27 de maio de 2023, en horario de 16:00 a 20:00 horas.
  - Sábado 22 de abril, de 2023 de 10:00 a 14:00 horas.
  - Sábado 27 de maio, de 2023 10:00 a 14:00 horas.
- **Espazo de cotraballo**, situado na planta -1 do CEM, para ser usado por parte dos participantes na formación durante a duración do proxecto formativo.

A través deste acordo, procúrase apoiar o desenvolvemento profesional e o nacemento de proxectos emprendedores do eido cultural e artístico no rural, poñendo á disposición do alumnado profesionais e experiencias de gran percorrido, casos de éxito de emprendemento rural, ou formación con recoñecidos xestores culturais, apoiándoos na definición do seu plan de negocio, e na formación en márketing, comunicación ou finanzas.

Esta colaboración non só promove o emprendemento e a excelencia artística e técnica, senón tamén a innovación, e máis o crecemento sostible do sector cultural en Galicia.

PROGRAMACIÓN DE ENTIDADES, EMPRESAS, EMPRENDEDORES E COLECTIVOS RESIDENTES

ESCENA GALEGA

A Asociación Escena Galega dedica os seus esforzos á promoción das artes escénicas. Durante o 2023 destacan diversas iniciativas e programas desenvolvidos pola asociación composta por 58 compañías e empresas produtoras.

Escena Galega contou no 2023 co Programa Acompaña onde ofreceu consultoría personalizada ás compañías que o solicitaron, centrándose na xestión económica, na comunicación e na distribución.

A Asociación tamén contou cun programa formativo desenvolvido no Espazo OFF da Cidade da Cultura, os "Cursos Monográficos":

Estratexias para a asistencia a feiras, mercados e foros profesionais de Artes Escénicas

- Mércores 22 de marzo 2023. De 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.
- Duración: 8 horas. Espazo OFF.

Tips de xestión para produtoras de artes escénicas e introdución á economía social

- Martes 26 de setembro 2023. De 09.30 a 14.30 e de 16.00 a 19.00 h.
- Duración: 8 horas. Espazo OFF

Ademais, tamén se realizou unha **Xornada de venda e promoción escénica e musical** dirixida a espazos programadores públicos e privados de Galicia e da rexión norte de Portugal.

- Martes 28 de novembro de 2023, 20.30 h.
- Edificio CINC-Cidade da Cultura de Galicia

No que respecta ao número de participantes, as accións formativas e eventos organizados pola asociación tiveron unha asistencia de máis de 400 persoas, unha participación que amosa o interese e a relevancia das actividades desenvolvidas por Escena Galega.



LONGA MUSIC LAB

Longa Music Lab é un laboratorio musical que ofrece composición, arranxo e produción de música, ademais de formación en produción musical mediante accións de traballo individuais de alto rendemento.

A súa proposta de valor abarca a comercialización de paquetes de formación e asesoramento en produción musical dirixidos a diversas audiencias, desde mozos a partir de 14 anos ata profesionais da música. Tamén ofrece servizos a sectores públicos, e particulares interesados na produción musical.

As clases son personalizadas e impártense en grupos reducidos, cubrindo temas como deseño sonoro, ou *mastering* e composición, con acceso a unha ampla gama de *plugins* e a instrumentos virtuais de alta calidade.

Os estudantes aprenden a gravar voces e instrumentos, utilizando ferramentas como *Native Instruments* e *Waves*, e introdúcense na síntese para deseñar sons únicos. Ademais, ensínanse fundamentos musicais e técnicas avanzadas de mestura e masterización para crear producións de alta calidade.

O obxectivo é que o alumnado materialice as súas creacións musicais e as distribúa en plataformas como *Spotify*, *YouTube*, *Amazon Music*, entre outras, tras aprender a producir música cun enfoque profesional e moderno.

ACCIÓN CONTRA A FAME

Acción contra a Fame é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal a inserción sociolaboral das persoas en situación de vulnerabilidade a través de proxectos de apoio ao emprego por conta propia e allea. Destacamos no 2023 actividades realizadas nas instalacións do CEM como dous dos seus proxectos centrais:

Proxecto Vives Emprega- Efecto Emprega, que busca facilitar o acceso ao emprego por conta allea de persoas en situación de vulnerabilidade.

Proxecto Vives Emprende, un programa de inserción sociolaboral que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade de persoas en risco de exclusión para facilitar o seu acceso ao mercado laboral a través da adquisición de competencias para o autoemprego e a creación de empresas, especialmente no ámbito da Economía Social.

Ademais, tamén se organizaron diferentes talleres de interese para as persoas emprendedoras, entre os que destacaron as accións presenciais no CEM:

- Obradoiro *Método Canvas e Ecocanvas,* en xuño do 2023.
- Obradoiro *Búsqueda de oportunidades e adaptación ao cambio,* Estudo de mercado en xullo do 2023.
- Obradoiro *Proposta de valor e o teu cliente obxectivo*, en xullo do 2023.

En total, as accións formativas e eventos contaron con máis de 500 participantes. Ademais, estas iniciativas amosan o compromiso de Acción contra a Fame coa inserción laboral e o emprendemento das persoas en situación de vulnerabilidade.

CLÚSTER LOXÍSTICO DE GALICIA

Actualmente, o clúster compóñeno 53 institucións que colaboran na promoción e desenvolvemento do sector loxístico na rexión. Este traballo en rede permite maximizar o impacto das accións acadando unha maior visibilidade e influencia tanto no ámbito local coma nointernacional.

O Clúster Loxístico de Galicia realizou no 2023 diversas actividades tanto no Centro de Emprendemento como no Espazo Off vinculadas entre outros temas con:

- Promoción das tecnoloxías facilitadoras smart-logistics.
- Desenvolvemento de follas de ruta para o fortalecemento das cadeas de valor globais dos sectores estratéxicos galegos.
- Mellora da conectividade loxística entre Galicia, Portugal e Marrocos.
- Procura do posicionamento estratéxico do sector.
- Establecemento dunha liña de traballo colaborativo cos centros de formación profesional Liceo da Coruña, Fonteboa de Coristanco, Fontecarmoa de Vilagarcía e Aloya de Vigo.

Estas actividades teñen como obxectivo impulsar e fortalecer o sector loxístico galego a través da innovación, colaboración e promoción a escala nacional e internacional.

Polo que respecta ao número de participantes, as accións formativas e eventos do clúster contaron con máis de 600 persoas durante o 2023.

INGAVI- INSTITUTO GALEGO DO VIÑO

O mesmo ca en anos anteriores, no 2023 o INGAVI organizou no Espazo OFF o **Curso Superior de Sumiller Profesional**, un dos principais programas formativos do Instituto.

O curso destacou pola súa amplitude e polo nivel dos profesionais implicados procedentes de 5 países diferentes. No curso participaron un total de 17 estudantes que recibiron formación do máis alto nivel no eido da enoloxía.

O INGAVI logrou reunir a destacados relatores de referencia mundial no sector do viño, proporcionando así unha experiencia de aprendizaxe enriquecedora para as persoas participantes.

Como entidade educativa privada, o INGAVI ten como obxectivo principal a difusión da cultura do viño en Galicia e máis alá das súas fronteiras, buscando promover e destacar a calidade dos viños galegos a escala global e consolidándose como un dos referentes en España en canto a formación e difusión da cultura do viño.

04/ Biblioteca de Galicia

Un ano máis, e xa son 12 desde a súa inauguración na sede actual do Edificio do Arquivo e Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura, a Biblioteca de Galicia tratou de cumprir coas funcións que lle asigna a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

A súa misión fundamental de tratar de recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia é o núcleo sobre o que se artellan todas as actuacións que realiza anualmente a Biblioteca de Galicia.

Durante o ano 2023, a biblioteca cabeceira do sistema bibliotecario galego seguiu apostando pola dixitalización, a catalogación, a conservación e a difusión, tanto dos seus fondos como dos doutras institucións da memoria de interese para Galicia, como vehículos para poñer á disposición da sociedade a información e o coñecemento producidos ao longo da nosa historia.

↗ Biblioteca de Galicia

CATALOGACIÓN, DIXITALIZACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO

Actualmente, sería impensable que un centro das características da Biblioteca de Galicia non fixese uso da tecnoloxía para conservar e salvagardar a nosa cultura, e transformar o patrimonio bibliográfico galego en patrimonio accesible para todos, en calquera momento en calquera lugar. Por este motivo, os proxectos de dixitalización do patrimonio bibliográfico galego continuaron a ser fundamentais no 2023. O repositorio de Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia (en diante Galiciana-BDG) viuse incrementado un ano máis grazas a programas de dixitalización masiva de fondos bibliográficos patrimoniais impulsados desde a Biblioteca de Galicia.

Tan importante como a dixitalización do noso patrimonio é a tarefa de telo previamente identificado e catalogado. A Biblioteca de Galicia non só é responsable da descrición bibliográfica dos seus propios fondos, senón que sobre ela tamén recae a responsabilidade de xestionar o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego (en diante CCPBG), ferramenta fundamental para que a sociedade coñeza todos libros e outros fondos bibliográficos pertencentes a bibliotecas galegas, públicas ou privadas, que pola súa antigüidade, singularidade ou riqueza forman parte do patrimonio cultural galego. Para cumprir con este obxectivo no ano 2023, a Biblioteca de Galicia continuou catalogando o seu fondo patrimonial, tamén identificado como "fondo antigo", e comezou un proxecto de colaboración que permitirá incluír o fondo patrimonial da Biblioteca da Fundación Otero Pedrayo ao CCPBG.

Polo que respecta á conservación, a Biblioteca de Galicia eríxese, desde a inauguración da súa sede actual, como centro de referencia para as colecciónns tanto físicas como dixitais do patrimonio bibliográfico galego. Nas súas cinco plantas de depósitos custódianse todos os materiais que entran con base na obriga do Depósito Legal de Galicia. Tamén é o centro de conservación de bibliotecas de particulares e institucións con fondos de interese para a nosa comunidade que, en virtude de doazóns ou comodatos, consideraron á Biblioteca de Galicia como o espazo máis adecuado para a súa conservación e acceso. Estas fórmulas de incremento da colección, ás que hai que sumar as incorporacións realizadas mediante o seu orzamento anual para novas adquisicións, estiveron activas durante o ano 2023, reforzando o papel de centro de conservación da Biblioteca de Galicia. Neste labor de preservación non pode esquecerse o papel determinante que un ano máis desempeñou na selección e arquivo dos sitios web vencellados a Galicia.

No transcurso do ano 2023, a Biblioteca de Galicia tamén inverteu unha parte moi importante dos seus esforzos na difusión do patrimonio bibliográfico de todos os galegos e galegas. O seu programa de exposicións e actividades, destinado tanto a público infantil como adulto, consolidouse como un servizo fundamental para ofertar a toda a cidadanía, tratando de ampliallo no posible a potenciais usuarios fóra dos límites físicos da biblioteca. Neste sentido, a xa habitual transformación das exposicións a formato virtual para ser consultadas desde Internet, complementouse cos primeiros pasos para a posta en marcha dun programa de itinerancias das mostras bibliográficas da Biblioteca de Galicia destinado a outras institucións culturais que estean interesadas.

DIXITALIZACIÓN

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia establece no seu artigo 10 que a Biblioteca de Galicia ten a función de "crear e manter un repositorio de patrimonio dixital galego". Ese repositorio é Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia.

Desde o seu nacemento, Galiciana-BDG tivo como un dos seus obxectivos ser o repositorio de todo o patrimonio bibliográfico galego, independentemente de quen fose a institución ou organismo que o custodiase. Con esta finalidade puxéronse en marcha proxectos de colaboración que permitiron integrar en Galiciana-BDG obxectos dixitais de centros como o Museo do Pobo Galego, a Universidade de Santiago de Compostela ou o Instituto Teolóxico Compostelán.

No ano 2023 perpetuouse esa vontade de colaboración, tanto con institucións públicas como privadas, e puxéronse en marcha proxectos de dixitalización como os seguintes:

- *El Miño* (1900-1912)

Institución propietaria: Mosteiro de Oseira

- 3.317 números de prensa dixitalizados/grupos de imaxes JPEG
- 13.200 imaxes JPEG/páxinas
- 3.317 ficheiros PDF

- *El Progreso* [Lugo] (desde o 1/01/1969 ata o 31/05/1975)

Institución propietaria: Grupo El Progreso

- 1.987 números de prensa dixitalizados/grupos de imaxes JPEG
- 26.242 imaxes JPEG/páxinas
- 1.987 ficheiros PDF

EL MIÑO
DIARIO DE LA MAÑANA
Los "Sierras,,
SONETO
Vulgarización científica
La cojita

Durante o 2023 tamén se incorporaron a Galiciana-BDG as monografías correspondentes ao proxecto presentado pola Biblioteca da Real Academia Galega ás axudas da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para a dixitalización do patrimonio bibliográfico 2020-2021. O resultado dese proxecto foi o seguinte:

- 511 monografías/grupos de imaxes JPEG
- 73.728 imaxes JPEG/páxinas
- 511 ficheiros PDF

Das colecciónS propias da Biblioteca de Galicia destaca o importante labor de dixitalización de tipoloxías documentais moi vencelladas á parte social da nosa historia, como os carteis, os programas de festas ou as tarxetas postais. Nesta posta en valor da colección dixital de materiais especiais foi moi importante a colaboración doutras bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia, como a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés ou a Biblioteca Pública de Vigo Juan Campañel.

Como proxectos de continuidade na dixitalización dos fondos da Biblioteca de Galicia no 2023 hai que sinalar os 53 novos títulos dos séculos XVI ao XVIII do Fondo Bibliográfico Abanca e os novos números dixitalizados do xornal *El Ideal Gallego*, desde o 1/01/1951 ata o 30/09/1955.

Nos últimos meses do ano 2023, puxéronse en marcha dous grandes proxectos de dixitalización que estarán dispoñibles en Galiciana-BDG a comezos do 2024. Un deles, con publicacións periódicas da Biblioteca de Galicia, Biblioteca Pública de Vigo, Biblioteca Pública da Coruña, Biblioteca Pública Municipal de Ortigueira, Biblioteca Pública Municipal de Caldas de Reis e Arquivo Municipal de Vigo, implicará dar acceso a máis de 38.000 imaxes. Para o outro, os técnicos da Biblioteca de Galicia seleccionaron monografías e materiais especiais da Biblioteca de Galicia, Biblioteca Pública de Vigo, Biblioteca Pública da Coruña, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Municipal de Ortigueira e préstamos da Familia Baltar (Padrón) e do Grupo Reflejo (Ferrol). Este proxecto permitirá incrementar Galiciana-BDG nos primeiros meses de 2024 en máis de 37.000 imaxes.

A 31 de decembro de 2023 Galiciana-BDG ofrecía os seguintes datos relacionados cos seus obxectos dixitais e cos seus usuarios:

OBXECTOS DIXITAIS NA BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA (Datos a 31/12/2022 e a 31/12/2023)

	2022	2023	%
Rexistros bibliográficos (títulos)	8.463	10.485	**+19 %**
Imaxes	3.101.642	3.275.482	**+5,3 %**
Grupos de obxectos dixitais	360.010	384.762	**+6,4 %**

TIPOLOXÍAS DOCUMENTAIS MÁIS PRESENTES EN BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA A FINAIS DE 2023

	Hemeroteca	Monografías	Cartografía	Manuscritos	Ilustracións e fotos
Títulos	722	5.825	266	186	2.637
Imaxe	2.226.352	901.592	480	45.131	8.037
Grupos	378.570	7.485	271	252	4.222

USUARIOS DA BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA (Datos a 31/12/2022 e a 31/12/2023)

	2022	2023	%
Usuarios	124.399	119.858	**-3,78 %**
Sesións	253.331	269.575	**+6,02 %**
Páxinas vistas	5.424.446	5.812.539	**+6,67 %**

CATALOGACIÓN

Durante o ano 2023 a Biblioteca de Galicia continuou cos traballos de catalogación das colecciónes que conserva. O número de exemplares dispoñibles da Biblioteca de Galicia no Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia xa supera os 300.000 exemplares, sen contar os números da seu fondo hemerográfico, o máis grande da biblioteca.

Dentro das súas colecciónes teñen un papel destacado as bibliotecas doadas por particulares ou por institucións de relevancia para a nosa comunidade. Ser receptores destas doazóns permitiu completar ocos na recompilación e conservación do patrimonio bibliográfico galego que doutro xeito serían imposibles de encher. Algunhas desas doazóns xa remataron o seu proceso técnico a cargo do persoal da Biblioteca de Galicia, pero aínda quedan colecciónes pendentes de analizar, de clasificar e de describir.

Durante o 2023 continuouse a traballar sobre a doazón da escritora María Xosé Queizán, o que deu como resultado a catalogación de 2.933 novos exemplares, así como a do escritor Agustín Fernández Paz, da que se podían consultar 3.404 exemplares a finais de 2023. Outra doazón particular obxecto de catalogación foi a do político José Manuel Romay Beccaría, biblioteca basicamente configurada por libros de dereito, política e filosofía, da que quedaron dispoñibles no catálogo da rede 2.107 exemplares.

Outras das responsabilidades da Biblioteca de Galicia respecto da descrición bibliográfica son as campañas de catalogación do CCPBG. No ano 2023 seleccionouse a Fundación Otero Pedrayo como institución determinante para continuar incrementando as descricións bibliográficas desta importante ferramenta para identificar e dar acceso ao noso patrimonio bibliográfico. A biblioteca da Fundación conta cun importante fondo vencellado a Galicia, publicado fundamentalmente nas datas que van desde mediados do século XIX ata 1958. No 2023 a catalogación realizouse unicamente sobre 820 títulos da súa colección, pero pretende ter continuidade nos seguintes anos ata rematar as descricións de todas as súas obras anteriores a 1958.

Como novidade, hai que sinalar que esta nova campaña de catalogación na Fundación Otero Pedrayo se fixo vía web contra a base de datos do CCPBG integrada en Galiciana-BDG. Desde o mes de xuño, está operativa esta nova ferramenta da Biblioteca de Galicia para traballar sobre o repositorio de Galiciana-BDG, que optimiza de xeito significativo os fluxos de traballo para a mellora e incremento dos datos do CCPBG.



CONSERVACIÓN

A Biblioteca de Galicia é o centro de conservación de referencia para todas as publicacións obrigadas pola lexislación de Depósito Legal. O DL é a ferramenta lexislativa que lle permite á Administración competente conservar todo tipo de publicacións, producidas ou editadas no seu territorio, por calquera procedemento de produción, edición ou difusión e distribuídas ou comunicadas en calquera soporte ou por calquera medio, tanxible ou intanxible. Grazas a ela, a Xunta de Galicia, que ten a competencia nesta materia desde 1981, recibe polo menos un exemplar de todo o publicado na nosa comunidade.

A custodia de todos eses exemplares é unha función asignada pola Lei 5/2012 á Biblioteca de Galicia, e que comparte coas bibliotecas xestionas pola Xunta que contan con oficina de Depósito Legal na súa área de influencia. Na nosa Comunidade Autónoma existen cinco oficinas de DL (Lugo, Ourense, A Coruña, Pontevedra e Vigo) e a Biblioteca de Galicia conserva nos seus depósitos un exemplar de todo o que reciben.

Durante todo o ano 2023 os editores da nosa comunidade solicitaron un total de 3.994 números de DL. Os resultados para as cinco oficinas existentes foron os seguintes:

Nº de DL	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Solicitados	2.112	172	302	614	794	**3.994**

Durante todo o ano 2023, os editores da nosa comunidade solicitaron un total de 3.994 números de DL. Nas seguintes táboas pode consultarse a cifra de solicitudes e a entrega efectiva dos exemplares que lle corresponden a cada número de DL para as cinco oficinas galegas.

Nº de DL	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Constituídos	1.501	102	236	438	619	**2.896**

Actualmente, non se pode pensar só en conservar a información e os contidos accesibles en soportes tanxibles. O coñecemento transmitido a través de Internet tamén ten que ser preservado para as xeracións futuras. Por esta razón, desde o ano 2011 a lexislación de DL comezou a poñer o foco nas publicacións electrónicas, desde sitios web ata libros en formato ePub.

A Biblioteca de Galicia tamén é o principal centro de referencia na nosa Comunidade Autónoma para a conservación destas publicacións en soportes non tanxibles. Desde o ano 2017, colabora coa Asociación PuntoGal e coa Biblioteca Nacional de España na recolección e arquivado de todos os sitios web que se crean baixo o dominio vencellado á nosa lingua e á nosa cultura, o .gal.

Ano	Número de dominios arquivados
2017	4.261
2018	4.788
2019	5.140
2020	5.540
2021	6.120
2022	6.525
2023	5.466

A recolección de 2023 realizouse de maneira moito máis exhaustiva que en anos anteriores, eliminando da ecuación dominios rexistrados pero sen contido activo, polo que o número de dominios arquivados diminuíu, pero permitindo obter resultados moito máis valiosos en calidade da información e que superaron os 7 TB de información.

A Biblioteca de Galicia non só leva a cabo a conservación do noso patrimonio bibliográfico mediante a custodia das publicacións incorporadas por Depósito Legal. As doazóns de particulares e a compra de obras necesarias pero inexistentes nas súas colecciónns tamén son ferramentas para recoller e conservar o legado bibliográfico da nosa cultura. No ano 2023 os fondos físicos da Biblioteca de Galicia incrementáronse coa adquisición de máis de 1.840 novos exemplares vencellados ao noso patrimonio bibliográfico.

Polo que respecta ás doazóns, hai que destacar o legado do poeta e profesor Arcadio López Casanova, composto por aproximadamente 3.608 exemplares. O número de obras de temática, autor ou lingua galega achégase ás 1.250. O resto dos títulos doados son, na súa gran maioría, obras en castelán non vencelladas a Galicia, pero que reflicten o seu labor como profesor de literatura e crítico literario. A doazón tamén inclúe preto de 160 números de publicacións periódicas, moitas delas galegas. Case a totalidade das obras doadas están publicadas durante o século XX, coa excepción de tres títulos de finais dos século XVIII atopados nunha primeira análise do fondo realizada polos técnicos da Biblioteca de Galicia.

Nesta nova doazón á Biblioteca de Galicia, cómpre destacar as propias obras como autor de Arcadio López Casanova, xa que unha parte importante da súa produción literaria está entre os títulos doados. Tamén figuran no legado algúns manuscritos e mecanuscritos do poeta e profesor, que serán descritos con detalle polo persoal da biblioteca cando se poña en marcha a catalogación exhaustiva desta nova colección.

DIFUSIÓN

Ao longo do ano 2023, a Biblioteca de Galicia consolidou a súa programación para cumprir coa responsabilidade de dar a coñecer os nosos tesouros bibliográficos e promover os produtos culturais que se están a crear vencellados coa nosa cultura impresa. As instalacións da Biblioteca de Galicia acolleron 4 mostras bibliográficas e 17 actividades de dinamización que se deseñaron para público de todas as idades.

Un ano máis, o Calendario do libro e da lectura, que impulsa a Xunta de Galicia, foi o referente para programar as actividades de difusión da Biblioteca de Galicia; ademáis, tamén se quixeron destacar outros elementos identitarios da nosa sociedade como o patrimonio cultural que acubillan as festas populares e as orquestras de verbena en Galicia.



ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

A programación cultural da Biblioteca de Galicia para o 2023 contou cun total de 17 actividades (obradoiros, charlas e espectáculos musicais e teatrais) que sumaron máis de 1.300 participantes. Neste ano consolidouse o obxectivo de tratar de diversificar o público para as que están destinadas e achegarse así a todo tipo de idades e de usuarios con inquedanzas culturais ao redor do libro, da lectura e da cultura galega en xeral.

ILUSTREMOS EN GALEGO

Data: 4 de febreiro de 2023

Para celebrar o Día da ilustración, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha esta actividade a cargo do coñecido ilustrador Siro. Tratouse dun encontro entre persoas con vocación artística ou interesadas nas artes plásticas, para reflexionar sobre a arte da ilustración e os distintos xéneros, estilos e intencións que a ilustración gráfica tivo na historia da arte. Ao longo dunha hora fíxose un percorrido pola historia da ilustración gráfica, que se complementou coa proxección dalgunha das imaxes máis significativas da ilustración ao longo dos séculos.

A ESTRELA DE ROSALÍA

Data: 25 de febreiro de 2023

Como conmemoración do Día de nacemento de Rosalía de Castro, programouse un obradoiro a cargo de Marisa Irimia no que a Aula I da Biblioteca de Galicia se converteu nun espazo de inspiración e de creación colectiva ao redor do debuxo, dos contos, da creatividade e da ilustración. A través de metáforas visuais, Rosalía de Castro e a súa estrela HD 149143, xunto co planeta *Río Sar,* convertéronse nos protagonistas desta innovadora actividade.

A CASA DAS LETRAS

Data: 12 de marzo de 2023

Con motivo do Día da narración oral ofertouse para a rapazada este obradoiro de construción de sinxelos monicreques de cartón e papel coas letras como protagonistas. O escenario dunha casa no que habitan as letras foi o punto de partida para elaborar os bonecos e a escenografía coa que contar pequenas historias que se inventaron *in situ* a través do xogo.

CONCERTO DE LAMONTAGNE & PICOAMPERIO

Data: 1 de abril de 2023

O Día das artes galegas, dedicado no 2023 ao trobador Martín Códax, celebrouse na Biblioteca de Galicia cun concerto deste futurista e tecnolóxico dúo que traen a tradición de volta ao presente a través de bases de trip hop, moito flow e trazas de contracultura. A famosa cantiga de amigo de Martín Códax, *Ondas do mar de Vigo*, púidose desfrutar no Auditorio de Biblioteca de Galicia nunha moderna interpretación feita por LaMontagne & PicoAmperio, acompañada doutras sete das súa composicións

SOBRE SORPRESA

Data: 23 de abril de 2023

A conmemoración do Día do libro na Biblioteca de Galicia tivo como protagonista o espectáculo máis recente do dúo formado polas creadoras Lucía Aldao e María Lado. *Sobre Sorpresa* non fala só das inquedanzas de dúas poetas que xa chegaron aos 40. Fala de todas aquelas persoas que algunha vez se cuestionan se o que se agarda delas é exactamente o que elas agardan da vida. E, sobre todo, fala desas persoas que aínda manteñen a curiosidade e a ilusión, sen medo a saír perdendo. Porque hai xente que se ten que escoller entre a seguridade e un sobre sorpresa prefiren o sobre sorpresa. Aldaolado é desa xente.

IMOS FACER UN CÓMIC

Data: 18 de marzo de 2023

Da man do debuxante Fausto Isorna, coñecido polas súas creacións de Golfiño ou Simón Martel, os asistentes a este obradoiro para celebrar o Día do cómic crearon unha páxina do seu propio cómic. Durante a súa hora e media de duración repasáronse os elementos que conforman unha páxina de cómic: as viñetas, os globos, as onomatopeas... e tamén as diferentes maneiras de poñer os textos: diálogos, pensamentos, títulos, símbolos... Como remate os asistentes coñeceron os diferentes pasos que hai que seguir no debuxo: o bosquexo, a páxina a lapis, o pasado a tinta, a cor...

QUIXOTE

Data: 25 de marzo de 2023

Para celebrar o Día do teatro a Biblioteca de Galicia ofreceu o espectáculo que foi premiado no Certame Barroco Infantil do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro 2021. Tratouse da obra *Quixote*, posta en escena por Pedras de Cartón. Cunha estética inspirada no pallaso clásico (moi ao estilo Fellini) e en clave de clown, a obra pretende achegar ao público as escenas máis icónicas da célebre novela de Miguel de Cervantes. Un espectáculo para achegar os clásicos a toda a familia, nunha proposta chea de humor e case sen palabras, na que Don Quixote viaxa polas terras de Castela no seu velocípedo, acompañado do fiel Sancho e un triciclo cargado de maletas.

A VIAXE FELIZ DE RAMÓN SANFIZ

Data: 15 de maio de 2023

O Día das Letras Galegas, dedicadas no 2023 a Francisco Fernández del Riego, trouxo ao escenario do Auditorio da Biblioteca de Galicia a unha das personaxes máis recoñecibles do grande intelectual galeguista, Ramón Sanfiz. Neste espectáculo, onde están presentes diferentes técnicas do teatro de rúa, Ramón Sanfiz cóntalle ao público a viaxe que realizou desde a súa vila natal ata Santo André de Teixido, engarzando as diferentes historias que aprendeu dos habitantes que se foi atopando polo camiño.

BRAVAS. O REXURDIR DA LUZ

Data: 17 de xuño de 2023

Para a celebración do Día europeo da música, a Biblioteca de Galicia acolleu este espectáculo da Gramola Gominola que leva á escena o libro-CD do mesmo nome editado por Galaxia e ilustrado por Iago Araújo. Tanto o libro como o espectáculo poñen en valor, a ritmo de rock&roll, as superheroínas que tratan de cambiar o mundo cos seus superpoderes. As súas protagonistas empregan estes poderes para loitar contra o abuso escolar, defender a lingua, protexer a natureza e visibilizar as emocións.

Biblioteca de Galicia

AS PALABRAS PERDIDAS

Data: 23 de setembro de 2023

O Día europeo das linguas celebrouse con este espectáculo de teatro versátil, posto en escena por Inventi Teatro, que anima a falar galego dun xeito divertido, dinámico e moderno e que pon en valor o idioma, os ditos e as historias de Galicia.

DESCUBRE OS TESOUROS OCULTOS DA BIBLIOTECA CON BALBINO

Data: 21 e outubro de 2023

O Día das bibliotecas celebrouse con este obradoiro destinado a nenos entre 7 e 11 anos, no que se xogou a representar historias a través dun diálogo entre Balbino e os personaxes creados no espazo da biblioteca. A cargo de Mirari de Teatro Babaluva, foi unha actividade para que a rapazada participante crease, inventase, e descubrise o artista que levaba dentro.

ULTRALUZ

Data: 20 de outubro de 2023

A Biblioteca de Galicia celebrou un ano máis o Día das escritoras, e esta vez fíxoo coa estrea do espectáculo poético musical, *Ultraluz*, de Ledicia Costas e Amaro Ferreiro. A peza está baseada no poemario do mesmo nome da escritora viguesa, co que gañou o XX Premio de Poesía Afundación do 2022.

Ledicia Costas foi máis alá coa súa obra e acompañada da música de Amaro Ferreiro creou o espectáculo *Ultraluz*, convertendo o texto nunha creación multimedia que permite tamén abordala desde a escoita. Palabra, música e luz uníronse nesta proposta na que a iluminación xogou un papel moi importante e na que estivo a propia autora recitando acompaña pola música en directo do propio Amaro Ferreiro e de Sergio M Puga.

ATOPA A ESPECIE!

Data: 4 de novembro de 2023

A conmemoración do Mes da ciencia en galego nas bibliotecas tivo como primeira actividade na Biblioteca de Galicia este obradoiro onde os participantes se mergullaron no medio mariño a través dun entretido xogo de memoria visual para coñecer algunhas das especies máis representativas das augas atlánticas que bañan as costas de Galicia. Foi unha actividade para divertirse e aprender sobre a ciencia que se fai no Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC en Vigo.

A RUTA DA MÁMOA

Data: 11 de novembro de 2023

A segunda das actividade dedicadas ao Mes da ciencia en galego tivo como protagonista a prehistoria. Inspirado no clásico xogo da oca as familias participantes dividíronse en grupos co obxectivo de converterse en expertos arqueólogos. Para chegar á mámoa situada no centro do taboleiro, houbo que contestar correctamente todas as preguntas e enfrontarse aos perigos típicos de calquera ruta de montaña: barrancos, bosques, brañas...

ESCAPE-ROOM: BIOMISIÓN

Data: 18 de novembro de 2023

O clima foi o protagonista na terceira das actividades do mes da ciencia. Os participantes desta actividade, rapazada entre 11 e 14 anos, tiveron que converterse en científicos do ano 2050, cando o clima e a polución levaron á desaparición dos cultivos na Terra. Neste xogo de escape-room, a última esperanza para poder alimentar a humanidade foi este pequeno grupo de investigadoras e investigadores que tivo que enfrontar numerosos desafíos para encontrar as últimas sementes viables e conseguir cultivalas en condicións extremas.

ARQUEOLOXÍA DOS SENTIDOS

Data: 25 de novembro de 2023

As catro actividades que se desenvolveron na Biblioteca de Galicia para celebrar o mes da ciencia foron impartidas pola delegación do CSIC en Galicia. O último dos obradoiros tivo de novo a prehistoria como protagonista. A través de réplicas de obxectos que aparecen habitualmente nas escavacións arqueolóxicas, os nenos participantes coñeceron moitas cousas interesantes sobre como vivían as nenas e os nenos da prehistoria.

DE VOLTA CO CREBANOCES UNHA HISTORIA MUSICAL

Data: 16 de decembro de 2023

A última das actividades do ano 2023 organizouse para celebrar o Nadal na Biblioteca de Galicia. As alumnas e os alumnos do centro educativo En Clave Método Suzuki de Santiago de Compostela, ofreceron un concerto de violín e viola baseado no conto *O Crebanoces*. A música do ballet de Chaikovski estivo acompañada de ilustracións e de narracións que eles mesmos adaptaron da famosa historia e que lles serviron de fío condutor no seu espectáculo.

MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS

O programa de exposicións da Biblioteca de Galicia deseñouse un ano máis para achegar aos cidadáns o patrimonio bibliográfico que se custodia nos seus depósitos. No 2023 foron catro as mostras bibliográficas que se puxeron en marcha, tres delas especificamente vencelladas con efemérides presentes no Calendario do Libro e da Lectura. Porén a cuarta, que aínda se poderá visitar ata o 31 de maio de 2024, pensouse para poñer en valor uns elementos máis particulares da nosa identidade cultural: as festas populares e as orquestras de verbena. A pesar do que se poida pensar producen un patrimonio cultural impreso realmente interesante e ata o momento pouco estudado.

Neste ano 2023 a Biblioteca de Galicia continuo a trasladar a formato dixital todas as súas mostras bibliográficas, accesibles a través da páxina web páxina web https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/, garantido deste xeito o acceso a ese contido en calquera momento e lugar.

Desde que se inaugurou a sede actual da Biblioteca de Galicia, foron máis de 30 as mostras bibliográficas organizadas. Tanto o coñecemento como o material gráfico que xeran estas exposicións son activos que merecen estar dispoñibles e ser reutilizables por parte doutras institucións da memoria ou organizacións que estean interesadas. Con esa máxima como obxectivo e como novidade na súa planificación durante o 2023, a Biblioteca de Galicia deu os primeiros pasos para a posta en marcha dun programa de itinerancia das súas mostras bibliográficas. A finais de ano, e como proba desta vontade de compartir e difundir as súas exposicións, a Biblioteca de Galicia itinerou nun formato adaptado e adaptable a diferentes espazos a mostra *Unha árbore de historia: cen anos de literatura infantil e xuvenil en galego* á Biblioteca Pública de Lugo.

Deseguido detállanse as exposicións organizadas pola Biblioteca de Galicia ao longo do ano 2023.

MARÍA ANTONIA DANS: A MAXIA DA COR

Data: Do 30 de xaneiro ao 6 maio de 2023

No ano 2023, de novo unha muller foi a protagonista no Día da ilustración. Despois de Lolita Díaz Baliño, foi a quenda de recuperar como ilustradora a obra dunha das súas alumnas, María Antonia Dans. A exposición organizada pola Biblioteca de Galicia quixo poñer en valor a obra desta artista cun estilo e graza característicos.

Algunhas das súas ilustracións máis destacadas, como as que realizou para o conto *La Tata*, de Carmen Martín Gaite, ou as dos libros da editorial Doncel, *La aventura del Serpiente emplumada* ou *La isla de las tortugas*, puideron verse nesta mostra bibliográfica que estivo aberta ao público ata principios de maio. Máis de 30 obras orixinais, entre libros, debuxos, prensa e revistas, complementadas por reprodución extraídas das principais bibliotecas virtuais, permitiron achegarse ao traballo de María Antonia Dans, artista plástica orixinal, alegre, realista, expresiva, valente, colorista e sempre vencellada a Galicia.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. A CULTURA GALEGA COMO MOTIVO DE VIDA

Data: Do 9 de maio ao 6 de outubro de 2023

Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010) foi o escritor escollido no 2023 pola Real Academia Galega para homenaxear no Día das Letras Galegas, cadrando co sesenta aniversario desta celebración, da que foi inspirador, e os cento dez anos do seu nacemento.

A Biblioteca de Galicia, como cada ano, quixo sumarse a esta conmemoración cunha mostra bibliográfica que permitiu achegar á cidadanía algunhas das obras que custodia nos seus fondos deste destacado intelectual, cunha traxectoria polifacética e prolífica que abrangueu a política, o ensaio, a creación e crítica literaria e a edición.

Esta pequena exposición pretendeu mostrar o máis significativo dun dos intelectuais máis relevantes da nosa historia, non só polo seu labor persoal, senón tamén porque grazas ás súas iniciativas culturais foron moitos os autores que puideron dar a coñecer a súa obra. A mostra contou con arredor de 80 pezas pertencentes á Biblioteca de Galicia. Aínda que se expuxeron algúns materiais especiais, como fotografías ou marcapáxinas, estivo composta na súa maior parte de libros, xornais e revistas nos que dalgún xeito Francisco Fernández del Riego era o protagonista.

AS MULLERES DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Data: Do 10 de outubro de 2023 ao 26 de xaneiro de 2024

A Biblioteca de Galicia organizou esta mostra bibliográfica para participar na conmemoración do centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos. Estivo composta polas publicacións existentes na propia biblioteca relativa ás mulleres que tiveron algún tipo de relación co seminario, ben como socias activas, ben como protectoras, ben como usuarias da súa biblioteca.

Ademais de conformaren unha elite intelectual con grandes inquedanzas sobre Galicia, coma o resto de compoñentes do seminario, estas mulleres entraron en espazos reservados ata o momento só a homes, polo que abriron camiños novos a posteriores xeracións de mulleres. Moitas delas foron persoas senlleiras, de gran valía e que levaron unha vida de marcada proxección social. Pura Lorenzana, Sara Leirós, Luisa Cuesta ou Carmen Pardo Losada son un exemplo desas mulleres "modernas" que buscaban desenvolver as súas capacidades por medio dunha carreira profesional e non cun bo casamento.

Quen eran esas mulleres? Que foi delas máis aló da súa relación co SEG? Dar a coñecer mellor o seu labor e as súas vidas foi o que pretendeu mostrar esta pequena exposición bibliográfica. Nela reuníronse algunhas das publicacións que estas mulleres presentaron no seminario, outras publicacións delas posteriores á súa relación co seminario e varias obras doutros autores ou da prensa que falan sobre as súas obras e/ou sobre as súas vidas.



BOTAMOS UN BAILE? UN SÉCULO DE ORQUESTRAS DE VERBENA EN GALICIA

Data: Do 11 de novembro de 2023 ao 31 de maio de 2023

A última das exposicións organizadas pola Biblioteca de Galicia no 2023, e que aínda se poderá visitar ata o 31 de maio de 2024, ten como protagonista un elemento do noso patrimonio cultural que quizais sorprenda para unha biblioteca, as festas populares e as orquestras de verbena.

O concepto de festa con verbena é algo ligado a Galicia dende hai séculos. Aínda que hai celebracións que tenden á defensa da tradición orixinal, o fenómeno da verbena está intimamente relacionado coa evolución da tecnoloxía, da sociedade e do consumo de música popular.

A emigración do pobo galego fixo das orquestras de verbena unha viaxe de tornavolta, enviando músicos ao estranxeiro e recibindo músicos, bailes e ritmos que chegarían a terras galegas nos anos 50 para ficar e fixarse á nosa identidade. Tendo como orixe as bandas de música, nas primeiras décadas do século XX, estas incorporan músicas bailables importadas de América coma o charlestón, o fox-trot, o jazz ou o tango. Pouco a pouco, integrantes de bandas de música constituíron en Galicia e nos países destino da emigración agrupacións especializadas en música bailable moderna, co nome de jazz bands ou orquestras, e desde a segunda metade do século XX inclúen no repertorio músicas como a cumbia, o merengue, o pasodobre, o rock, o pop e hoxe, ritmos coma o reggaeton.

Esta historia está contada a partir de soportes custodiados na Biblioteca de Galicia coma programas de festas, fotografías, discos de vinilo, casetes, CD e sobre todo, carteis. A través destas pezas pódese apreciar a evolución dun xeito de ocio enraizado en Galicia, cun tecido económico-produtivo propio en constante desenvolvemento e innovación.

Esta exposición, organizada pola Biblioteca de Galicia e que conta con Zósimo López Pena e Henrique Neira Pereira como comisarios, pretende poñer en valor unha parte dos fondos desta institución da memoria, pouco ou nada tratados academicamente, aínda que cunha fonda pegada na sociedade galega. Un fondo pertencente ás orquestras que tocan dende hai mais dun século non só en Galicia senón chegando a países coma Venezuela, Arxentina, Marrocos, Francia, Suíza ou mesmo Xapón.

Estas formacións amenizaron eventos en prestixiosos casinos, salas de festas, programas de televisión e innumerables e necesarias festas en aldeas, vilas e cidades. Así ata chegar a hoxe, coñecidas como orquestras de verbena galega e convertidas no centro de espectáculos audiovisuais con clubs de fans, con xente nova nas comisións de festas, con escenarios móbiles, con repertorios actualizados continuamente. Nalgúns casos, o espectáculo parece que importa máis que o baile coma se se tratara dun Broadway rural, mais o primordial é que collamos parella e bailemos, así que... botamos un baile?

FORMACIÓN

Como último punto deste resumo anual é importante sinalar que a Biblioteca de Galicia foi de novo a organizadora dunha xornada técnica que pretendeu achegar aos profesionais coñecementos especializados e actualizados sobre o noso patrimonio bibliográfico.

Aproveitando que nos primeiros meses do ano aínda se podía visitar a exposición *Unha árbore de historias: cen anos del literatura infantil e xuvenil en galego*, a Biblioteca de Galicia organizou no seu auditorio o día 24 de marzo unha xornada técnica para que os asistentes puidesen reforzar a súa formación sobre a LIX galega.

Baixo o título *Un bosque cheo de libros: a literatura infantil e xuvenil en galego na actualidade*, a xornada pretendeu ser un percorrido polos 100 anos da literatura infantil e xuvenil galega, o mesmo período que repasaba a exposición *Unha árbore de historias*. No seu transcurso deuse o espazo para facer balance de todos aqueles elementos que conformaron a literatura infantil e xuvenil de noso tal e como a coñecemos hoxe en día, pero tamén se puxo o foco nos libros actuais para o lectorado en formación.

A través da experiencia, das reflexións e do debate entre autoras, ilustradores e especialistas en literatura infantil e xuvenil, a xornada pretendeu achegar claves para a mediación lectora, particularmente dende as bibliotecas, á vez que facilitou a reflexión sobre o estado das nosas creacións para a infancia e a mocidade.

05/ Arquivo de Galicia

O Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia e os órganos e entidades dela dependentes desde a súa creación (1982), así como outros de calquera procedencia que, polo seu ámbito e interese formen parte do patrimonio documental da Comunidade. Xoga un papel fundamental na xestión documental da nosa Administración e na preservación e difusión da memoria documental de Galicia.

En relación coa xestión documental, a principal actividade desenvolvida polo Arquivo de Galicia durante o 2023 foi a realización de estudos de identificación e valoración de series documentais, unha tarefa determinante das accións a realizar en relación coa conservación, posible eliminación e acceso aos documentos que custodia.

No ámbito da conservación e difusión, continuou desenvolvendo o proxecto de dixitalización de documentos vencellados á actividade de protección do patrimonio cultural de Galicia e divulgando os seus fondos mediante a organización de exposicións e a participación nas redes sociais, fundamentalmente.

↗ Entrada ao Arquivo de Galicia



Arquivo de Galicia

NOVOS INGRESOS DOCUMENTAIS

A transferencia documental é o procedemento administrativo en virtude do cal se realiza a entrega, ordenada e relacionada por escrito, dos documentos desde as oficinas ou desde un arquivo a outro, así como o traspaso das responsabilidades relativas á súa custodia, conservación e acceso. A transferencia constitúe a forma máis habitual de ingreso de fondos nos arquivos.

Dada o grado de ocupación dos dous depósitos con que conta o Arquivo de Galicia, un no Polígono do Tambre e outro nas súas instalacións da Cidade da Cultura, o número de transferencias levadas a cabo este pasado ano foi reducido e de escaso volume. Un total de 7 transferencias e de 1.722 unidades de instalación recibidas, segundo se recolle na táboa a continuación.

Núm. Transferencia	Data	Prodcuto	Volumen	Área Funcionala	Datas extremas	Observacións
TR2023001	01-03-2023	Subdirección Xeral de Enxeñería e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia	83 u.i.	Alta dirección da Comunidade autónoma	1988-2009	Basicamente son series de subvencións e axudas para o equipamento audiovisual e multimedia ou para a creación de produtos de información.
TR2023002	17-04-2023	Dirección da Axencia de Protección e Legalidade Urbanística	1297 u.i.	Política territorial	1990-2023	Son series relacionadas co cumprimento da disciplina urbanísistica (informes, expedientes sancionadores ou de reposición da disciplina urbanística)
TR2023003	09-05-2023	Servizo de Mediación, Arbitraxe e Conciliación de Santiago de Compostela	106 u.i.	Traballo	1974-1991	Son expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral
TR2023004	20-06-2023	Hospital Psiquiátrico de Conxo	83 u.i.	Sanidade	1890-1991	82 planos, 1 libro de visitas (1916) e 1 libro de actas das reunións do Consello de Goberno da Fundación Pública "Sanatorio de Conxo (1979-1990)
TR2023005	05/07/2023	Subdirección Xeral de Recursos Humanos (da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades).	117 u.i.	Educación e Investigación	1982-2015	Son expedientes de probas selectivas de persoal docente de diversos niveles educativos e de inspectores.
TR2023006	18-10-2023	Servizo de Xestión Mineira	22 u.i.	Industria, Innovación e Promoción Económica	1987-2010	Son expedientes de contratación de consultorías e asistencias en relación coa xestión mineira.
TR2023007	19-10-2023	Xerencia do INEGA	14 u.i.	Industria, Innovación e Promoción Económica	1986-2000	Son series relacionadas coa xestión dos recursos enerxéticos

Ingresaron ademais 177 unidades de instalación, maioritariamente en formato libro, procedentes da que fora a Sociedade de Instrución, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica Colectiva Casa de Galicia de Montevideo. Esta institución, creada o 1 de outubro de 1917 co obxecto de fomentar a unión entre galegos e os seus descendentes e proporcionar aos seus asociados servizos relacionados coa beneficencia, a asistencia médica, a instrución, o ocio e a cultura, finalizou a súa actividade o 31 de marzo de 2022. O fondo documental, xunto a outros bens da Sociedade, foi adquirido pola Xunta de Galicia e depositado no Arquivo de Galicia.

OCUPACIÓN DOS DEPÓSITOS DO ARQUIVO DE GALICIA



Ocupación depósitos (%)

CADRO DE CLASIFICACIÓN DOS FONDOS DO ARQUIVO DE GALICIA A 31 DE DECEMBRO DE 2023

	U.I	Metros	Datas extremas
1. FONDOS PÚBLICOS			
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego			
Xunta de Galicia			
. Alta Dirección da Comunidade Autónoma	**6.169**	**709,43**	**1978/2012**
. Administracións Públicas	6.720	772,80	1950/2017
. Política Económica e Facenda	7.526	865,49	1978/2015
. Comercio e Consumo	4.175	480,12	1975/2014
. Cultura	**26.327**	**3027,60**	**1942/2021**
. Deporte	5.093	585,69	1979/2017
. Educación e Investigación	**18.978**	**2182,46**	**1914/2020**
. Industria, Innovación e Promoción Económica	22.721	2612,91	1926/2019
. Medio Ambiente	12.113	1392,99	1857/2020
. Medio Mariño	6.510	748,65	1925/2017
. Medio Rural	18.398	2115,77	1950/2017
. Política Lingüística	2.441	280,72	1980/2008
. Política Territorial	14.362	1651,62	1843/2023
. Sanidade	5.659	650,78	1885/2017
. Seguridade e Interior	288	33,12	1979/1993
. Servizos Sociais	12.716	1462,34	1968/2017
. Traballo	8.639	993,48	1945/2016
. Turismo	4.778	549,47	1939/2015
Subtotal Administración Autonómica de Galicia	**183.613**	**21.115,44**	
1.6. INSTITUCIÓNS DO MOVEMENTO NACIONAL			
. Consello Económico Sindical Interprovincial do Noroeste de España	3	0,34	1963 e 1969
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
. Santiago de Compostela	141	16,20	1927-2000
Subtotal fondos públicos	**183.757**	**21.131,98**	
2. FONDOS PRIVADOS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
2.1.1. Persoas			
. Clemente González Peón	165	18,9	1901/2003
. Germán Lago Durán	3	0,35	S.XX
· Olga Gallego Domínguez	49	5,6	1941/2010
. Luz Pozo Garza	29	3,33	S.XX-XXI
. María Moreira	26	3	S.XX
1.2. Familias			
. Familia Cervela Lira (Pazo de Valiñas)	13	1,5	1539/1949
. Familia Freire	5	0,5	1598/1875
. Familia González Regueral y Losada	8	1	1539/ 1949
. Familia Pita da Veiga	5	0,5	1428/1847
· Familia Vilariño Pintos	19	2,1	1404/1982
· Pazo de Golmar ou de Pardiñas / Casa de Noceda	12	1,28	S.XVI-XX

	U.I	Metros	Datas extremas
2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS			
. Asociación Galega de Compositores	7	0,8	1950/2000
. Asociación O Penedo. Fogar Galego	9	1	1983/2009
. Fundación Ventura Figueroa	502	57,7	1786-1980
. Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela	186	21,39	1784/1986
Sociedade de Instrución, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica Colectiva Casa de Galicia de Montevideo	**177**	**7,3**	**1917-2021**
2.3. EMPRESAS			
. Banco Gallego	168	19,5	1845/1900
. Casa de Banca e Comercio Bengoechea	405	46,5	1494/1952
. Casa Mar	265	30,4	1939/1994
. Fábrica de conservas Massó Hermanos S.A. (Avilés)	147	16,9	1931/1990
. Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. (FOAT)	1.134 negativos		1961/1992
Subtotal fondos privados	**2200 caixas**	**238,55**	
3. COLECCIÓNS	**UNIDADES DOCUMENTAIS**		
. Colección de documentos en pergamiño	3		1346-1434
. Colección cartográfica	2		S. XVII
. Colección fotográfica	50.000 fotografías		1926-2005
TOTAIS	**183.290 caixas**	**21.371,53**	

A AVALIACIÓN DOCUMENTAL

O Consello de Avaliación Documental de Galicia é o órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Administración autonómica de Galicia para o estudo e ditame sobre cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos polas administracións no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia. Isto significa avalialos desde o punto de vista administrativo, xurídico, informativo e histórico para determinar os que deben ser conservados e os que poden ser eliminados, así como o seu réxime de acceso.

Corresponde ao Arquivo de Galicia –segundo establece o seu decreto de creación– programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia. O Arquivo forma parte, ademais, do Consello de Avaliación Documental de Galicia. En 2023 foron aprobados 28 estudos de serie (cinco deles elaborados no Arquivo de Galicia) e 27 propostas de eliminación documental.

A aplicación dos ditames aprobados polo Consello de Avaliación Documental de Galicia permitiulle ao Arquivo de Galicia a eliminación de 2.584 u.i. que representan un 1,38 % do volume total dos seus fondos.

TÁBOA DE ESTUDOS DE SERIE APROBADOS POLO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA NO 2023

Data da reunión	Administración propoñente	Cod. Serie	Denominación	Data de publicación no DOG	Número táboa
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA6067	Inventarios de patrimonio cultural de Galicia	20-05-2023	T0089
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA0024	Recursos administrativos	20-05-2023	T0090
28/03/2023	Administración autonómica: Arquivo de Galicia	AA0025	Recursos contencioso-administrativos	20-05-2023	T0091
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo do Reino de Galicia	AA3784	Expedientes de inscrición no Rexistro Público de demandantes de Vivendas de Galicia	20-05-2023	T0092
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo Central da Consellería de Economía, Industria e Innovación	AA3143	Expedientes de avaliación e recoñecemento de competencias profesionais (Revisión)	20-05-2023	T0045
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL193	Expedientes de contratación de obras	20-05-2023	T0093
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL194	Expedientes de contratación de servizos	20-05-2023	T0094
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL195	Expedientes de contratación de subministracións	20-05-2023	T0095
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL940	Expedientes de contratación de concesión de obra pública	20-05-2023	T0096
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL235	Expedientes de licenzas de obras maiores	20-05-2023	T0097
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL162	Expedientes de concursos-oposición	20-05-2023	T0098
28/03/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Ferrol	AL939	Expedientes de contratos privados	20-05-2023	T0099
22/06/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA103	Contas de pagos a xustificar	22-08-2023	T0100
22/06/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA140	Expedientes contables de gasto	22-08-2023	T0101
22/06/2023	Administración autonómica. Arquivo do Reino de Galicia	AA6159	Expedientes de constitución, modificación e cancelación de fianzas de arrendamento de inmobles	22-08-2023	T0102
22/06/2023	Administración autonómica. Arquivo Central da Consellería de Economía, Industria e Innovación	AA932	Expedientes de plans de labores	22-08-2023	T0103

Data da reunión	Administración propoñente	Cod. Serie	Denominación	Data de publicación no DOG	Número táboa
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL941	Expedientes de multas en materia de tráfico	22-08-2023	T0104
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL942	Atestados da policía local	22-08-2023	T0105
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL151	Expedientes de permisos e vacacións	22-08-2023	T0106
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL157	Rexistros de asistencia do persoal	22-08-2023	T0107
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL943	Retirada de vehículos polo guindastre municipal	22-08-2023	T0108
22/06/2023	Administración universitaria	U014	Expedientes de retribucións do persoal	22-08-2023	T0109
22/06/2023	Administración universitaria	U015	Expedientes de subvención de presos públicos no 3º ciclo	22-08-2023	T0110
22/06/2023	Administración universitaria	U016	Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento dos prezos públicos	22-08-2023	T0111
22/06/2023	Administración universitaria	U017	Expedientes de bolsas de carácter xeral do Goberno vasco	22-08-2023	T0112
22/06/2023	Administración universitaria	U018	Expedientes de bolsas de colaboración do Ministerio	22-08-2023	T0113
05/12/2023	Administración universitaria	U013	Exames e outras probas documentais da avaliación académica	Pendente de publicación	
05/12/2023	Administración universitaria	U019	Expedientes de provisión de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario mediante concurso de méritos	Pendente de publicación	

TÁBOA DE PROPOSTAS DE ELIMINACIÓN APROBADAS POLO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA NO 2023

Data da reunión	Administración propoñente	Cod. Serie	Denominación	Número táboa	Datas extremas	Volume a eliminar
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA0058	Rexistro de control horario dos empregados públicos	T0076	1986-2013	92 u.i.
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA0059	Expedientes de licenzas, permisos e vacacións dos empregados públicos.	T0077	1984-2014	43 u.i
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA5612	Expedientes de contratos administrativos	T0082	1990-1993	222 u.i.
28/03/2023	Administración autonómica. Arquivo do Instituto Galego de Vivenda e Solo.	AA3784	Expedientes de inscrición no Rexistro Público de Demandantes de Vivenda de Galicia	T0092	2007-2012; 2016-2018	585 u.i.
28/03/2023	Administración local. Arquivo municipal de Pontevedra	AL552	Expedientes de taxas e prezos públicos	T0026	1963-2006	93 u.i.
28/03/2023	Administración universitaria. Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T059	2015-2016	23 u.i.
28/03/2023	Administración universitaria. Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela	U010	Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas	T030	2007	361 u.i.
28/03/2023	Administración universitaria. Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela	U003	Expedientes de bolsas de carácter xeral do MEC	T032.	2015-2016	71 u.i.
22/06/2023	Administración autonómica. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	AA5063	Expedientes de asistencia xurídica gratuíta	T047	2010-2011	261 u.i.
22/06/2023	Administración autonómica. Consellería de Medio Rural	AA1306	Documentos de identificación bovina	T043	2019	91 u.i.
22/06/2023	Administración autonómica. Consellería de Cultura, Educación, formación Profesional e Universidades	AA5113	Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanzas académicas non universitarias	T084	2021-2022	238.391 u.i. correspondentes a 962 centros educativos
22/06/2023	Administración autonómica. Instituto de Vivenda e Solo. Área Provincial da Coruña	AA61159	Expedientes de constitución, modificación e cancelación de fianzas de arrendamento de inmobles	T0102	2000-2008	764 u.i.
22/06/2023	Administración autonómica. Arquivo de Galicia	AA140	Expedientes contables de gasto	T0101	2002-2013	2.227 u.i.
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL941	Expedientes de multas de tráfico	T0104	1997-2012	360.u.i
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL151	Expedientes de permisos e vacacións	T0106	2002-2015	83 u.i.
22/06/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Pontevedra	AL157	Rexistro de asistencia de persoal	T0107	2007-2015	9 u.i.
05/12/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Vigo	AL594	Padróns do imposto sobre circulación de vehículos	T023	1979-2000	200 u.i.
05/12/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Vigo	AL545	Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos	T024	1967-2000	402 u.i.
05/12/2023	Administración local. Deputación de Pontevedra	AA199	Expedientes de contratación de servizos	T0101	1956-2014	575 u.i.
05/12/2023	Administración local. Arquivo Municipal de Vilagarcía de Arousa	AL941	Expedientes de multas en materia de tráfico	T0104	1997-2016	499 u.i.
05/12/2023	Administración autonómica. Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra	AA140	Expedientes contables de gastos	T0101	2000-2012	575 u.i.

Data da reunión	Administración propoñente	Cod. Serie	Denominación	Número táboa	Datas extremas	Volume a eliminar
05/12/2023	Administración autonómica. Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra	AA3335	Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños (PERMEX APÉ)	T018	2013-2019	61 u.i
05/12/2023	Administración autonómica. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	AA0268	Expedientes de concursos de traslados de persoal docente de ensinanzas medias	T014	2003- 2017	28 u.i.
05/12/2023	Administración autonómica. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	AA0269	Expedientes dos concursos de traslados de persoal docente de educación infantil e primaria	T065	2013-2017	30 u.i.
05/12/2023	Administración autonómica. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	AA0484	Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza infantil e primaria	T066	1996-2016	27 u.i.
05/12/2023	Administración autonómica. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	AA0486	Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria	T015	2007-2017	108 u.i.
05/12/2023	Administración autonómica. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	AA4988	Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria	T038	2014-2017	46 u.i.

NOVOS REXISTROS DESCRITIVOS

Para xestionar a información que custodia, o Arquivo conta con dúas aplicacións: ARQA e Galiciana Arquivo Dixital de Galicia. A primeira delas emprégase para a xestión (de espazos, de ingresos e de usuarios), mentres que a segunda está fundamentalmente destinada á difusión.

En 2023 foron introducidos un total de 16.838 rexistros descritivos na aplicación ARQA (corresponden ás transferencias recibidas durante o ano que antes sinalamos) e 10.260 rexistros en Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia, que corresponden á descricións dos seguintes fondos:

- Xunta de Galicia: 6. 557 rexistros (fichas do inventario de bens mobles da Igrexa Católica -6.798- ; fichas do inventario do patrimonio etnográfico inmobiliario -1.714- ; planos da Dirección Xeral do Patrimonio -28-)
- Fundación Manuel Ventura Figueroa: 1.413 rexistros
- Casa de Galicia en Montevideo: 214 rexistros
- Hospital Psiquiátrico de Conxo: 83 rexistros
- Olga Gallego Domínguez: 10 rexistros

O PROGRAMA DE DIXITALIZACIÓN

Foi abordada neste ano a dixitalización de:

- 140 libros de actas da Casa de Galicia de Montevideo
- 1.874 Planos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- 82 Planos do Hospital Psiquiátrico de Conxo

O que supón a incorporación de 50.036 novas imaxes.

Foron tamén incorporadas un total de 105.130 imaxes do Inventario de bens mobles da Igrexa católica resultado dun proxecto de dixitalización xestionado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o ano 2022. Estas imaxes corresponden a un total de 6.798 documentos e as súas descricións foron tamén incorporadas a Galiciana.

Ademais, o Arquivo de Galicia actuou como coordinador doutros proxectos integrados en *Galiciana Arquivo Dixital de Galicia* iniciados xa en anos anteriores:



MEMORIA E CONCORDIA

O proxecto de dixitalización en materia de Memoria democrática ponse en marcha na Xunta de Galicia para identificar, describir, catalogar e dixitalizar fondos documentais custodiados nos arquivos de xestión autonómica e poñelos a disposición das persoas interesadas a través de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.

Son fondos relacionados cos episodios históricos do Golpe de Estado, Guerra Civil española e Ditadura franquista ata a Constitución de 1978. Así, dixitalizaranse: fondos documentais das Institucións do Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936, tribunais de responsabilidades políticas, prisións provinciais, gobernos civís e fondos privados de persoas e familias, empresas, asociacións e fundacións.

En 2023 incorpóranse 245.404 novas imaxes correspondentes a 7.283 documentos segundo se detalla a continuación:

Arquivo	Nº de Documentos	Nº de imaxes
Arquivo do Reino de Galicia	5483	62085
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	337	59717
Arquivo Histórico Provincial de Ourense	1310	61820
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	153	61782
TOTAL	**7.283**	**245.404**





PÁXINAS DIXITALIZADAS

2021	2022	2023
812.516	264.026	245.404

DOCUMENTOS DIXITALIZADAS

2021	2022	2023
34.210	6.656	7.283

PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

En abril de 2021 o Goberno de España aprobou o Plan de recuperación, transformación e resiliencia cun horizonte temporal previsto ata o ano 2026. O plan, sustentado en catro eixes de transformación (transformación dixital, ecolóxica, cohesión social e territorial e igualdade de xénero) divídese en dez políticas que á súa vez recollen diversos compoñentes. Un deles é o da revalorización da industria cultural, que inclúe diversos proxectos con participación das comunidades autónomas, entre eles a descrición e dixitalización de fondos documentais de titularidade estatal e xestión autonómica que comezou en 2021 e continuou ata 2023.

Trátase de imaxes correspondentes a documentos do **Catastro do Marqués da Ensenada** custodiados nos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e no Arquivo do Reino de Galicia. O número de imaxes novas resultantes é de **102.605**, correspondentes a **352 documentos** segundo se detalla a continuación:

Arquivo	Nº de Documentos	Nº de imaxes
Arquivo do Reino de Galicia	62	27.270
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	164	25.151
Arquivo Histórico Provincial de Ourense	43	25.144
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	83	25.040
TOTAL	**352**	**102.605**

IMAXES

2021	2022	2023
162.942	174.550	102.605



DOCUMENTOS

2021	2022	2023
543	664	352



Como pode observarse ambos proxectos teñen un forte impacto en Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia, unha plataforma que tivo este ano un total de 149.722 visitas e desde a que se descargaron un total de 47.798 imaxes.



SERVIZO ÁS PERSOAS USUARIAS

Ademais de poñer ao dispor da cidadanía información accesible a través da rede, o Arquivo presta tamén outros servizos de forma directa.

Durante 2023 contabilizáronse:

- 231 préstamos administrativos e 1 préstamo para unha exposición. Trátase este último do Libro de sinaturas do Hospital Psiquiátrico de Conxo coa sinatura de Lorca que formou parte da exposición Lorca en Compostela que, organizada polo Consorcio de Santiago, se puido visitar entre os días 21 de xullo e 5 de novembro de 2023 na Casa do Cabido, Praza das Praterías en Santiago de Compostela
- 1.695 consultas atendidas en sala
- 558 consultas atendidas por correo electrónico
- 7.250 copias realizadas

CURSOS E PRÁCTICAS TUTELADAS

O Arquivo impartiu dous cursos de formación na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), un de dixitalización e outro sobre a xestión documental na Xunta de Galicia. Tamén participou na primeira edición do Máster interuniversitario (USC – UDC) en Patrimonio Cultural Dixital impartido na Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

O centro tutelou ademais a formación práctica dunha persoa beneficiaria das bolsas de formación en materia arquivos, convocadas pola Orde do 16 de decembro de 2021 (desde xullo de 2022 ata xuño de 2023) e dunha alumna do Mestrado en Museos, Arquivos e Bibliotecas, impartido pola Universidade da Coruña no campus de Ferrol (durante o mes de maio).

PROGRAMA DE VISITAS

O Arquivo recibiu a visita dos seguintes grupos:

- Alumnado de 2º bacharelato do Instituto Sofía Casanova, de Ferrol
- Alumnado da materia de Patrimonio histórico e usos sociais da Historia (Parte I. Patrimonio documental e bibliográfico) do 4º curso de Grao en Historia da Universidade de Santiago de Compostela
- Visitantes de Allariz (organizado pola sociedade *Xeitura. Xestión do patrimonio cultural*)

EXPOSICIÓNS

VOCES ESQUECIDAS. AS MULLERES DO HOSPITAL DE CONXO

Data: De marzo a setembro de 2023

Con motivo da celebración do Día internacional da Muller, o Arquivo inaugurou a exposición Voces esquecidas. *As mulleres do Hospital de Conxo*, que estivo aberta ata o mes de setembro. Enmárcase na serie de exposicións Mulleres sobranceiras que desde 2016 organiza o centro para visibilizar as pegadas deixadas por mulleres nos documentos que custodia, tanto polas que acadaron un recoñecemento social como por outras moitas anónimas que forman parte da nosa memoria como sociedade.

Para ela foron seleccionados 57 documentos procedentes practicamente na súa totalidade do Hospital Psiquiátrico de Conxo que o Arquivo recibiu por transferencia do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) no ano 2012.

A relevancia deste fondo e a crecente preocupación social pola saúde mental determinaron a organización dunha mostra na que se reflectiu o funcionamento do centro, un dos máis antigos da Península, e, sobre todo os "patróns de xénero" propios da época na que os documentos se enmarcan.

Visibilizouse a través deles que as mulleres foran ás veces ingresadas polo feito de tentar transgredir os roles que a sociedade patriarcal lles reservaba no ámbito do fogar ou por ter algún tipo de disfunción propia do período puerperal. Mulleres dobremente estigmatizadas e silenciadas ás que o Arquivo lles quixo dar voz.

DE COMERCIANTES A BANQUEIROS. ORIXES DA BANCA EN GALICIA

Data: De xullo a outubro de 2023

Coincidindo coa celebración do Día Internacional dos Arquivos, 9 de xuño, e aproveitando a presenza no Arquivo de Galicia dos fondos documentais da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, do Banco Sáenz-Olimpio Pérez desta mesma cidade e o da Casa de Banco e Comercio Bengoechea, de Ribadeo, o Arquivo achegouse ao fenómeno da actividade bancaria en Galicia.

Poucos son os arquivos de empresa que se custodian en arquivos públicos galegos –ao igual que nos do resto de España– e máis escasos aínda aqueles relacionados cos negocios bancarios. De aí o interese dunha escolma de documentos cos que observar como a Real Sociedade Económica de Amigos do País e a actividade comercial e bancaria de entidades como as citadas contribuíron a sentar as bases do sistema financeiro que hoxe coñecemos nunha época de profundas transformacións políticas, económicas e sociais, entre as que destaca o inicio do movemento migratorio a grande escala a mediados do século XIX.

OLGA GALLEGO NO SEU CENTENARIO (1923-2023)

Data: De novembro de 2023 a marzo de 2024

Finalmente, para celebrar o centenario do nacemento de Olga Gallego Domínguez, foi inaugurada en outubro unha exposición en homenaxe a esta figura senlleira no campo da cultura en xeral e dos arquivos en particular.

A través dos documentos do seu arquivo e das súas publicacións, o Arquivo de Galicia quixo manifestar o recoñecemento a unha profesional que foi bibliotecaria, arquiveira, historiadora, primeira muller en ingresar na Real Academia Galega e, sobre todo, persoa comprometida, rigorosa e traballadora infatigable.

A exposición, que estivo aberta ata o mes de marzo, quixo tamén ser unha chamada de atención sobre o papel que os arquivos representan para o desenvolvemento da nosa sociedade.

PUBLICACIÓNS

Como complemento da exposición *De comerciantes a banqueiros. Orixes da banca en Galicia*, foi publicado un catálogo no que se reproduciron os 89 documentos que se exhibiron nela.

É posible, ademais, visitar cada unha das mencionadas exposicións a través da súa publicación virtual na páxina web do Arquivo de Galicia **[Exposicións | Arquivos de Galicia (xunta.gal)]**

XORNADAS

Con motivo da celebración dos actos da Semana de Administración Aberta, unha iniciativa impulsada a nivel mundial pola Alianza para o Goberno Aberto, o día 21 de marzo organizouse unha xornada de divulgación, presidida polo Director xeral de Cultura á que asistiu alumnado do Grao de Xestión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela no campus de Lugo.

O 6 de outubro, o Arquivo participou na xornada que a Fundación Penzol dedicou á celebración do centenario de Olga Gallego coa presentación do legado de Olga Gallego no Arquivo de Galicia.

Organizouse tamén a xornada *Aspectos xurídicos na xestión dos arquivos públicos e outros centros culturais*, que tivo lugar o día 17 de novembro no Auditorio Xosé Neira Vilas do Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia.

REDES SOCIAIS E PORTAL WEB

O Arquivo continuou durante este ano a súa actividade nas redes sociais, especialmente na páxina de Facebook, cun alcance de 228.879.

Como centro coordinador de *Galiciana Arquivo dixital de Galicia* o Arquivo de Galicia xestiona unha conta en Instagram, con 385 contas alcanzadas.

06/ Eventos

En 2022, a Cidade da Cultura de Galicia acolleu un total de 722 eventos organizados por empresas, organizacións sociais e institucións nos diferentes espazos do Gaiás, cifra que duplica a de 2022 e marca o máximo histórico en máis dunha década de apertura do complexo. O ano péchase tamén cunha cifra de asistentes de 62.700 persoas ao conxunto destes congresos, xuntanzas, foros, presentacións de produto, feiras, ou actos con medios de comunicación realizados no Gaiás.

Tras o parón na realización de eventos que supuxeron os anos 2020 e 2021, marcados pola crise da covid-19, e tras a tendencia á volta á normalidade xa apreciada en 2022, este ano supón ademais a recuperación de cifras de público asistente previas á pandemia, acadando a terceira maior asistencia de público a eventos externos desde a apertura do complexo.

↗ Ecofin

PRESIDENCIA
PRESIDENCY
U23

EVENTOS ORGANIZADOS POR INSTITUCIÓNS, EMPRESAS E COLECTIVOS SOCIAIS

Salienta un ano máis, a capacidade das instalacións do Gaiás para acoller eventos con necesidades loxísticas moi específicas e do máis alto nivel —como exemplifica a celebración nas instalacións da Cidade da Cultura da Reunión informal ministerial de Asuntos Económicos e Financeiros da UE (ECOFIN)— ou dar resposta a necesidades sociais converténdose novamente en centro de vacinación ou sede da vista oral do xuízo do Alvia, unha das causas máis complexas da historia xudicial galega en canto ao elevado número de testemuñas, comparecentes, e letrados participantes.

Ademais, a tipoloxía de eventos externos que acolleron as instalacións da Cidade da Cultura en 2023 foi moi variada, incluíndo desde congresos, festivais, encontros, eventos musicais, rodaxes, actos con medios de comunicación, foros, reunións de empresa... Pode consultarse nas seguintes páxinas unha escolma destes máis de 700 eventos acollidos ao longo do ano.

En canto ás entidades solicitantes, podemos atopar desde institucións —dependentes ou non do Goberno galego—, ata entidades públicas e asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro, así como empresas do sector privado.

EVENTOS TOTAIS 2023

Ano	Nº Eventos	Nº Asistentes
2022	384	36.320
2023	722	62.000

EVENTOS

ASISTENTES

REUNIÓN INFORMAL MINISTERIAL DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FINANCEIROS DA UE (ECOFIN)

Do 15 ao 16 de setembro tivo lugar na Cidade da Cultura a reunión informal ministerial de Asuntos Económicos e Financeiros da UE en Santiago de Compostela na que participan os titulares de Economía e Facenda de todos os estados membros da UE, os seus homólogos de América Latina e o Caribe, os comisarios europeos competentes na materia, así como representantes das principais institucións financeiras multilaterais.

As sesións de traballo centráronse no avance da autonomía estratéxica e no reforzo da cooperación económica internacional, especialmente con América Latina.

No marco do Ecofin celebrouse por primeira vez unha reunión conxunta con ministros e institucións financeiras internacionais da rexión de América Latina e do Caribe, organizada en colaboración con CAF-Banco de Desenvolvemento de América Latina e o Caribe. Estas reunións xiran ao redor dun tema común: "Cara a unha Economía Verde e Dixital Global".

Datas: 15 e 16 de setembro de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás e Edificio CINC
Organiza: Presidencia Española do Consello da UE

MEDALLAS DE GALICIA 2023

O 24 de xullo o Museo Centro Gaiás acolleu o acto de entrega das Medallas de Galicia 2023. A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que lles concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego.

Nesta edición, recoñecérons coa Medalla de Ouro a tres nomes destacados da música galega: Juan Pardo, Luz Casal e Carlos Núñez.

Datas: 24 de xullo de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Organiza: Xunta de Galicia

FP INNOVA 2023

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organizou *FP Innova Galicia 2023*, Congreso de Innovación na Formación Profesional, que tivo lugar entre os días 22 e 24 de marzo no Museo Centro Gaiás.

Foi xa a quinta edición dun evento que se constitúe como referente na difusión da innovación didáctica e tecnolóxica, da transferencia de coñecemento e da capacidade de emprender na que está imnersa a Formación Profesional de Galicia. O congreso contou cunha zona expositiva de 4.100 m², distribuída nos andares -1 e 0 do Museo Centro Gaiás, onde as persoas asistentes puideron coñecer:

- A investigación e a innovación que os centros de formación profesional de Galicia están a desenvolver en colaboración con empresas e institucións, a través da visualización en directo dos 40 proxectos de innovación que se presentan e que abranguen as tecnoloxías máis punteiras do mercado.
- A innovación ligada ao emprendemento.
- A experimentación en primeira persoa das novas tecnoloxías, coa participación nos obradoiros sobre hidróxeno verde, ciberseguridade, biotecnoloxía, robótica aplicada, creación de videoxogos, realidade virtual e aumentada, aplicacións móbiles e impresión dixital, entre outros.

O acceso ao evento foi gratuíto tanto para o alumnado e persoal dos centros de ensino como para o público en xeral.

Datas: Do 22 ao 24 de marzo de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Organiza: Xunta de Galicia

SOBERANÍA ALIMENTARIA EUROPEA: O PAPEL DA AGRICULTURA, A PESCA E OS CONSUMIDORES

O Grupo de Organizacións da Sociedade Civil do Comité Económico e Social Europeo (CESE) celebrou no Gaiás unha conferencia titulada *Soberanía alimentaria europea: o papel da agricultura, a pesca e os consumidores* o 26 de setembro de 2023, no contexto da Presidencia española do Consello Europeo da Unión Europea.

O acto achegouse á importancia da produción de alimentos na UE e ao papel que o sector primario e os consumidores xogan para garantir a autonomía estratéxica. Organizacións nacionais e europeas da sociedade civil, representando a agricultura, a gandería, a pesca e os consumidores, debateron sobre as formas de afrontar os retos actuais e futuros da produción alimentaria europea, asegurandolles ao mesmo tempo aos cidadáns europeos alimentos sans e producidos de forma sostible.

Esta conferencia reuniu a membros do CESE, organizacións da sociedade civil española e europea e representantes das autoridades rexionais, nacionais e europeas.

Datas: 26 de setembro de 2023
Espazo: Edificio CINC
Organiza: Comité Económico e Social Europeo

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA: MARISCADORAS

Ademais, no marco da reunión inaugurouse a exposición fotográfica *Mariscadoras* de Adrián Baúlde, na que se rende homenaxe a estas traballadoras e ao seu papel no sistema alimentario local. As obras estiveron expostas no hall do Edificio CINC desde o 26 de setembro ao 2 de outubro.

A mostra complementa e apoia o traballo realizado polo CESE en relación cos sistemas alimentarios europeos resilientes e sostibles. Soportando condicións de traballo desfavorables, as mariscadoras, na súa maioría mulleres, poñen nos pratos a riqueza da rexión, realizando non só a captura do produto, senón tamén labores de coidado, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

As obras dan unha idea das necesidades deste sector específico e supoñen unha forma creativa de abordar cuestións de actualidade que son cruciais para a sociedade civil.

INNOVART 2023

InnovArt 2023 foi un evento que aglutinou a oferta das ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas que se imparten en Galicia, nun encontro e espazo expositivo e demostrativo. O encontro supón unha excelente ocasión para coñecer o potencial destas ensinanzas, a través de material expositivo e actividades interactivas de arte dramática, artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, danza, ensinanzas deportivas, idiomas e música. O programa incluíu tamén concertos, conferencias e espectáculos escénicos.

O acceso ao evento foi gratuíto tanto para o alumnado e persoal dos centros de ensino como para o público en xeral.

Datas: 13 e 14 de abril de 2023
Espazo: Museo Centro Gaiás
Organiza: Xunta de Galicia

CARREIRA DE OBSTÁCULOS GLADIATOR RACE

A carreira de obstáculos (OCR) Gladiator Race desenvolveuse en 2023 na contorna do Monte Gaiás o sábado 2 de setembro, cun percorrido de máis de 6 quilómetros, 30 obstáculos e grande éxito de participación. Trátase dunha proba que conta cunha gran versatilidade e que está orientada tanto aos deportistas de alto nivel coma os de perfil máis popular.

Esta xornada deportiva incluíu tamén a Gladiator Kids, onde os máis pequenos de entre 3 e 16 anos percorreron unha menor distancia con menos obstáculos acompañados dos seus país e nais.

Datas: 2 de setembro de 2023
Espazo: Espazos exteriores
Organiza: Gladiator Race
Colabora: Xunta de Galicia

ACTO DE PLANTACIÓN DO BOSQUE DA LEMBRANZA

No Mes do Alzhéimer de 2023, un grupo de persoas maiores da entidade Agadea Alzhéimer, acompañadas de alumnado do colexio Divino Maestro de Santiago de Compostela, plantaron un centenar de árbores autóctonas para crear o Bosque da Lembranza de Galicia, en homenaxe ás persoas que sofren alzhéimer e ás súas familias.

Este bosque, situado na ladeira suroeste do monte Gaiás, está formado por bidueiros, espiños e érbedos, e cada unha destas árbores leva o nome da persoa que a plantou.

A iniciativa nace froito da colaboración entre a entidade Agadea Alzhéimer, a Xunta de Galicia e a Cidade da Cultura de Galicia.

Datas: 29 de setembro de 2023
Espazo: Bosque de Galicia
Organiza: Agadea Alzhéimer
Colabora: Xunta de Galicia | Fundación Cidade da Cultura de Galicia

XORNADA DE EXHIBICIÓN DO PROXECTO POLOS CREATIVOS

A xornada de exhibición dos Polos creativos, con participación do conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, reuniu no Gaiás unha mostra deste proxecto que, no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, dota os centros escolares de espazos de creación dixital.

Trátase de espazos de creación deseñados e dotados para fomentar as competencias STEM (Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía), onde primen os novos métodos pedagóxicos de traballo colaborativo, solución de problemas reais e fomento de habilidades creativas. Para o seu deseño, tomouse como referencia a experiencia piloto dos Espazos Maker que se implantaron en 20 centros educativos.

Datas: 2 de xuño de 2023
Espazo: Edificio Fontán
Organiza: Xunta de Galicia

GRAVACIÓN PROGRAMA UN PAÍS PARA ESCUCHARLO DE TVE

A Cidade da Cultura foi un dos escenarios elixidos na estrea da nova tempada do programa *Un país para escucharlo*, de La 2 de Televisión Española. Conducido polo músico Ariel Rot, o programa realiza un percorrido pola Península ibérica, falando da música que soa en cada lugar e vencellándoa con lugares emblemáticos dese lugar, poñendo en valor o patrimonio artístico, cultural e natural.

O capítulo 'La ruta del Atlántico' incluíu unha entrevista ao grupo galego Bala e a poeta Lúa Mosquetera, gravada na praza central do Gaiás. Nesta entrega, coa que se estrearon as emisións do programa en 2024, Ariel Rot volveu a Galicia, para atoparse en Ferrol cos cantautores Andrés Suárez e Yoly Saa, en Compostela con Tanxugueiras, Grande Amore e Bala. Regresando ao mar, o programa incluíu tamén conversas con Guadi Galego, Sila Lua, Terbutalina e Miguel Costas (ex vocalista de Siniestro Total).

Datas: 4 de outubro de 2023
Espazo: Praza Central
Organiza: TVE

'VANGARDA PRIMARIA. COCIÑANDO O TERRITORIO' CON LUCÍA FREITAS

O luns 23 de xaneiro, o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) recibiu a chef compostelá Lucía Freitas, xefa de cociña do restaurante A Tafona, galardoado, entre outros recoñecementos, cunha estrela Michelin 2018 e 2 Soles na Guía Repsol.

Durante a súa intervención, a chef presentou as principais liñas conceptuais que vertebran o seu traballo, o que ela mesma define como Vangarda Primaria, unha filosofía que tenta poñer en valor na alta cociña o potencial identitario da súa terra, poñendo a mirada no esencial e reivindicando o papel das verdadeiras protagonistas do ecosistema gastronómico galego (produtoras, vendedoras e cociñeiras).

Así mesmo, presentou o proxecto 'Amas da Terra', que está a dar os seus primeros pasos e que pretende facer unha homenaxe de xustiza á cadea de valor do sostén da gastronomía de Galicia e de todas as gastronomías do mundo: as mulleres facedoras, produtoras, cociñeiras, gandeiras, mariscadoras, emprendedoras e sabias do rural.

Datas: 11 de xaneiro de 2023
Espazo: Edificio Fontán
Organiza: CISPAC

PIÑEIROS'23

O arquitecto británico David Chipperfield, recoñecido co premio Pritzker e fundador e presidente da Fundación RIA, foi o encargado de abrir o evento Piñeiros'23 coa conferencia titulada *Máis que unha economía*.

O evento que organiza cada ano a Fundación Arume celebrou a súa terceira edición o 10 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, buscando situar a Galicia como escaparate internacional da innovación na cadea forestal. Piñeiros'23 reuniu en Santiago a investigadores, empresas e outras entidades relacionadas coa madeira de coníferas, dándolle nesta edición un especial protagonismo a Euskadi, un dos territorios europeos de referencia no manexo forestal.

Datas: 10 de outubro de 2023
Espazo: Edificio Fontán, auditorio
Organiza: Fundación Arume

CHARLA-CONCERTO DE NICOLAS BRAS

A Cidade da Cultura acolleu o 16 de outubro un concerto de Nicolas Bras, músico, docente, divulgador e construtor de instrumentos con materiais cotiás e de refugallo. No marco do proxecto Polos Creativos, da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, o músico francés interpretou diferentes pezas e achegou ao público o proceso de fabricación dalgúns do máis dun milleiro de instrumentos de vento, corda e percusión que ten construído ao longo da súa traxectoria.

Bras comezou no mundo da música aos seis anos tocando a guitarra clásica pero non foi ata os 20 que se decidiu a dedicarse profesionalmente a este eido. Apaixonado polos instrumentos, en todas as súas formas, comezou a fabricalos cando traballaba como mestre de música, partindo de materiais de baixo custo e como un xeito lúdico de achegar á rapazada as diferentes sonoridades, posibilidades interpretativas e a linguaxe musical no seu conxunto.

A súa canle de Youtube, con máis de 139 mil subscritores, acumula centos de milleiros de reproducións cos seus proxectos DIY nos que amosa como construír desde clarinetes e frautas con tubaxes de PVC, cítaras con bandexas de forno,e guitarras con láminas de somier, latas de conservas ou táboas de pasar o ferro, entre outros moitos instrumentos.

Datas: 16 de outubro de 2023
Espazo: Biblioteca e Arquivo de Galicia, Auditorio Xosé Neira Vilas
Organiza: Xunta de Galicia

XUÍZO ALVIA (P.A. 463/2021)

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu entre 2022 e 2023 o xuízo oral polo accidente do tren do Alvia ocorrido en xullo de 2013. No proceso houbo un total de 446 persoas prexudicadas que reclaman, agrupadas en 154 acusacións, asistidas por 110 letrados/as e representadas por 47 procuradores/as. Ademais, houbo 53 prexudicados/as que non están representados/as por avogado/a e procurador/a, exercendo a acusación o Ministerio Fiscal.

O xuízo celebrouse no edificio CINC do Gaiás, situándose no primeiro andar a oficina xudicial e sala de vistas, e no andar baixo a sala de prensa e a sala de público. Toda a parte penal do xuízo foi retransmitida en aberto, a través de streaming.

Para poder acoller o xuízo, o edificio CINC foi sometido traballos de organización e equipamento dos espazos, realizados pola Xunta de Galicia, a través dos técnicos da Fundación Cidade da Cultura, de xeito que o proceso se puidese celebrar sen afectar ao normal funcionamento das institucións e servizos residentes no Gaiás, así como as actividades previstas no seu programa cultural.

Acoller o Xuízo do Alvia encadrouse na vocación da Cidade da Cultura de ofrecer os seus recursos para participar en proxectos relevantes para Galicia, na liña do que aconteceu coa instalación nos seus espazos dun centro de vacinación contra a Covid-19.

Datas: De outubro de 2022 a xullo de 2023
Espazo: Edificio CINC
Organiza: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

’30TH NETWORK MEETING’ ERASMUS EMPRENDEDORES

A *30th Network Meeting* do Programa Erasmus Emprendedores é un encontro dirixido a xestores do programa Erasmus Emprendedores en toda Europa; técnicos de universidades, centros de negocio, hubs de emprendemento, parques tecnolóxicos, cidades, rexións etc; ademais de responsables de distintos programas europeos (EISMEA, DG GROW).

As xornadas ofrecénlles a oportunidade a todos eles de coñecerse, intercambiar experiencias e boas prácticas, obter máis orientación sobre as novidades do programa e explorar novos perfís emprendedores.

O evento convocou a máis de 180 persoas dunha trintena de países e contou tamén coa a participación de entidades como a Cámara de Comercio de Santiago, a Deputación de Pontevedra, Efektas Group (LT), Eurocity Chaves-Verín (ES-PT), FEUGA, Fundación Galicia Europa (ES-BE), IFOA (IT), Laval Mayenne Technopole (FR), The Ukrainian Chamber of Commerce and Industry (UA), Turismo de Santiago De Compostela, UNISCO (IT) e VIDA LACTEA (ES).

O Erasmus Emprendedores é un programa de intercambio internacional que lles ofrece aos novos emprendedores a oportunidade de aprender da experiencia de persoas que dirixen con éxito pequenas e medianas empresas noutro país. O intercambio de experiencias desenvólvese por medio dunha estancia no país de destino, ofrecéndolle á vez ao anfitrión novas perspectivas sobre o seu negocio e a oportunidade de cooperar con socios estranxeiros ou de coñecer novos mercados.

Datas: 7 e 8 de marzo de 2023
Espazo: Edificio Fontán
Organiza: Programa Erasmus Emprendedores

PREMIOS #DÍGOCHOEU

A Corporación Radio e Televisión de Galicia convocou o martes 16 de maio a entrega de premios do concurso #DígochoEu, un concurso destinado a centros educativos de primaria e secundaria que impartan a materia de Lingua Galega, dentro ou fóra de Galicia, co obxecto de fomentar a colaboración da xente nova e dos centros educativos na elaboración do programa #DígochoEu para achegar a lingua galega a este sector da poboación.

Incluíronse tres recoñecementos diferenciados:

- Premios especiais do xurado
- Concurso "Unha canción para Esther"
- Premios #DígochoEu 2023

Datas: 16 de maio de 2023
Espazo: Edificio Fontán
Organiza: CRTVG
Colabora: Xunta de Galicia

LANZAMENTO DE SONDA ESPACIAL DA AXENCIA ESPACIAL ESCOLAR GALEGA, NOSA

A Axencia Espacial Escolar Galega recuperou en 2023 os seus lanzamentos de cápsulas estratosféricas, paralizados dende a pandemia.

A Cidade da Cultura acolle o evento de lanzamento da sonda *MarumaSat V,* que supuxo a continuidade dunha iniciativa de ciencia escolar na que en 2023 participou alumnado e profesorado de catro centros públicos: IES Miraflores (Oleiros), IES Marco do Camballón (Vila de Cruces), IES Arzobispo Xelmirez II (Santiago de Compostela) e CPI O Cruce (Cerceda).

A sonda incorporou unha cámara de 360 graos que gravou imaxes do ascenso, podendo ver a Cidade da Cultura a vista de paxaro e incorporou unha estrutura impresa en 3D deseñada para portar un ovo, co propósito de comprobar se esta casca protectora podía resistir os abaneos da viaxe e o impacto da aterraxe, regresando o ovo intacto á superficie.

CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Co gallo do Día das Letras Galegas 2023, volveu á Cidade da Cultura a Carreira Camiño das Letras, organizada por Xurdir coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Esta competición deportiva tivo lugar o 17 de maio en Santiago de Compostela e en Boqueixón co obxectivo de unir a práctica deportiva coa conmemoración do Día das Letras Galegas e co simbolismo do Camiño de Santiago. Celebráronse dúas probas, unha de 15 Km con saída desde o Pico Sacro, seguindo a Vía da Prata ata a Cidade da Cultura, e outra de 5 Km, na contorna da Cidade da Cultura.

Datas: 17 de maio de 2023
Espazo: Bosque de Galicia e outros espazos exteriores
Organiza: Xurdir e Xunta de Galicia

CONGRESO INTERNACIONAL DO BONSAI CAMIÑO DE SANTIAGO

O edificio CINC da Cidade da Cultura acolleu os días 14 e 15 de outubro o Congreso internacional do Bonsai Camiño de Santiago. De carácter gratuíto, a cita congregou os afeccionados ao cultivo de árbores en miniatura das catro provincias galegas, aos que se sumaron expositores procedentes doutras comunidades como Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, Madrid e Castela-A Mancha, ademais de Portugal e Italia.

O programa do evento contou con conferencias, demostracións e cun concurso de bonsais.

Datas: 14 e 15 de outubro de 2023
Espazo: Edificio CINC
Organiza: Congreso Galego de Bonsai

D10! ENCONTRO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EN CIRCO

O Encontro de Formación e Innovación en Circo D10!, organizado por Pistacatro produtora celebrouse do 22 ao de novembro ao 7 de decembro de 2023. O evento pon o foco na formación, a investigación, a innovación e a exhibición de moi diversos formatos de circo en sala, así como no intercambio e na conversa entre compañías e artistas de todo o mundo.

Os laboratorios deste oitavo encontro D10! tiveron lugar na Cidade da Cultura:

- DPasso Lab, internacionalización e coopoeración transnacional. Taller de investigación artística e diálogo interprofesional en colaboración directa con La Grainierie & Nicanor de Elia. 22 a 26 de novembro de 2023.
- Laboratorio «Do Físico ó Imaxinario» con Vivian Friedrich. Do 29 de novembro ao 3 de decembro de 2023.
- Laboratorio «Deep Malabar ou Malabar Orgánico» Parte II con Stephan Sing. Do 4 ao 7 de decembro de 2023

Datas: Do 22 de novembro ao 7 de decembro de 2023
Espazo: Edificio Fontán e Museo Centro Gaiás
Organiza: Pistacatro
Colabora: Xunta de Galicia, Agadic, Concello de Santiago, Ministerio de Cultura

CIENCIA PARECE PERO NON É | CICLO DE RELATORIOS

A Xunta de Galicia puxo en marcha un novo programa de fomento da cultura científica: *Ciencia parece pero non é*, no que recoñecidos divulgadores achegaron claves sobre diferentes aspectos da ciencia e da tecnoloxía de xeito entretido a través de charlas dirixidas a todos os públicos, especialmente do eido educativo, para estimular o pensamento crítico.

O programa dirixiuse a docentes e público en xeral e as charlas celebráronse no Auditorio Neira Vilas da Cidade da Cultura de Galicia, podendo seguirse tamén vía streaming. Nel participaron recoñecidos divulgadores e científicos como Helena Matute, experta no funcionamento da mente humana e como afecta a tecnoloxía desde o punto de vista psicolóxico, o psicólogo e profesor Ramón Nogueras, o neurocientífico, catedrático e Premio Europeo de Divulgación Científica José Ramón Alonso, o arqueólogo e historiador Néstor Marqués e a profesora de Psicoloxía da Universidade de Minnesota Panayiota Kendeou, experta en desinformación.

Datas: De xaneiro a xuño de 2023
Espazo: Biblioteca e Arquivo de Galicia, Auditorio Xosé Neira Vilas
Organiza: Xunta de Galicia

FOGOS DO APÓSTOLO 2023 NO GAIÁS

Na noite do luns 24 de xullo de 2023, os Fogos do Apóstolo lanzáronse desde cinco localizacións diferentes de Santiago, entre elas, o monte Gaiás. Para que o público puidese contemplar o espectáculo pirotécnico, o recinto da Cidade da Cultura prolongou o seu horario habitual e tanto os aparcadoiros coma os espazos exteriores estiveron abertos ata as 2:00 h da madrugada.

A Praza Central, as faldras do Bosque de Galicia e outros puntos do complexo, como o Parque da Balea, ofrecen unha boa visibilidade do ceo de Compostela, permitindo gozar do espectáculo.

Pola súa banda, o luns 31 de xullo de 2023, o Gaiás converteuse na localización única para o lanzamento dos fogos. Dada a súa magnitude, a Cidade da Cultura sufriu restricións ao tránsito peonil a través do Bosque de Galicia.

Datas: 24 e 31 de xullo de 2023
Espazo: Bosque de Galicia e outros espazos exteriores
Organiza: Concello de Santiago de Compostela

07/ As Torres Hejduk

As Torres Hejduk foron deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929-2000) como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís, pero non chegaron a ser unha realidade no seu edestino orixinal. Tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar o proxecto do seu amigo e compañeiro no The New York Five –grupo que mellor representa o espírito do neo-racionalismo arquitectónico– e propuxo a súa construción na Cidade da Cultura.

Actualmente, estas torres úsanse como un espazo expositivo non convencional acollendo intervencións artísticas e, ademais, a torre de cristal das Hejduk ilumínase de cores diferentes, por petición de todo tipo de institucións, asociacións ou organizacións sen ánimo de lucro, con motivo de diferentes causas sociais. En 2022, as Hejduk iluminároнse entre outras, por efemérides como:

Día Mundial da Síndrome de Down
Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo
Día das Enfermidades Raras
Día da Cruz Vermella
Día das Letras Galegas
Día Mundial da Doazón de Sangue
Día Nacional das Linguas de Signos
Día Mundial da ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica)
Día Internacional do Orgullo LGBTIQ+
Día da Independencia de Uruguai
Día Mundial do Alzhéimer
Día para a eliminación da violencia machista

Ademais, tamén se iluminaron as Torres Hejduk coa bandeira da UE durante os días da celebración da Reunión informal ministerial Asuntos Económicos e Financeiros da Unión Europea (Ecofin).

08/ Comunidade

O GAIÁS NA REDE

A Cidade da Cultura dispón dunha páxina web, dun servizo de envío de newsletter e de canles nas principais redes sociais (Facebook, Instagram e X / Twitter) nas que informa das súas actividades. O Gaiás conta cunha ampla comunidade online que segue puntualmente as actualizacións, publicadas diariamente no caso das redes sociais e con periodicidade variable e adaptada ás necesidades de comunicación da institución no caso da páxina web e da newsletter.

Nº de accesos á páxina web cidadedacultura.gal (1 xaneiro-31 decembro 2023)	542.796 sesións
Nº de seguidores en redes sociais (a 31 decembro 2023)	105.692 seguidores

CLUB GAIÁS

En decembro de 2014, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia puxo en marcha un programa de fidelización de usuarios denominado Club Gaiás. Desde entón, **preto de 5.000 persoas** déronse de alta como socias deste programa.

As persoas inscritas no Club Gaiás, ademais de estar puntualmente informadas de todas as actividades que teñen lugar no complexo, gozan de beneficios exclusivos, que son unha forma de agradecemento por ser parte da Cidade da Cultura:

- **Desconto de entre o 10 e o 40% en espectáculos da programación da Cidade da Cultura.**
- **Desconto do 50% nas audioguías.**
- **Ofertas de último minuto.**
- **Acceso a eventos exclusivos.**
- **Visitas guiadas ás exposicións temporais cun carácter privado e exclusivo.**
- **Cartón persoal individualizado.**
- **Descontos en artigos referenciados nas tendas online e do Museo Centro Gaiás.**
- **Sorteo de invitacións para determinados espectáculos e eventos.**

↗ Praza Central

XUNTA DE GALICIA

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA